



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 25 de novembro de 2022

RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O 25 DE NOVEMBRO DE 2022 NO SALÓN DE PLENOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

ASUNTOS

* Declaración institucional do Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres 2022..... 8

Información e actas

1. Toma de posesión da deputada do Partido Popular, dona Izaskun García Gorostizu..... 8

2. Aprobación da acta da sesión anterior, número 11/2022, do 28 de outubro. 10

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de outubro de 2022 ata o 18 de novembro de 2022. 10

Comisión de Benestar Social e Educación

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos para cofinanciar o Programa para o mantemento físico e cognitivo das persoas usuarias do Complexo Xerontolóxico e do correspondente convenio. 11

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2022 e do correspondente convenio. 18

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

6. Aprobación do convenio entre a Deputación e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2022" 26

7. Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Camariñas para a realización da actividade "Organización Mostra Encaixe de Camariñas 2022"..... 35

8. Aprobación do convenio entre a Deputación e a Asociación Amigos da Xunqueira para a realización da actividade "Promoción do Ano Xubilar de Cee" 44

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

9. Aprobación do Plan de Sendas Provinciais 2022, segunda fase, integrado polo proxecto DP 4604 Melide ás Pías por Toques. Mellora da seguridade viaria, Senda peonil, tramos de sendas PQ 7+606/13+344 (Toques) 52

10. Aprobación da actualización de prezos da obra "Actualización de prezos mellora do trazado da DP 2206 pq 0+920 ao 1+220 Rego de Tide (Cedeira); incluído no Plan de Vías Provinciais 2020, quinta fase 53
11. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase (Ferrol). Actualización do proxecto de construción de travesía, incluído no Plan de Travesías 2019, primeira fase 54

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

12. Aprobación do Prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación, mediante procedemento aberto con múltiples criterios, de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR) 55
13. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de BETANZOS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de recuperación de espazos públicos para a veciñanza 105
14. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de MUGARDOS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Reurbanización da Avenida Bello Piñeiro..... 115
15. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de NEGREIRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Saneamiento e Humanización da Rúa rosálía de Castro. 124
16. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de TORDOIA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da capa de rodaxe en diversos treitos do núcleo de Piñeiro, na parroquia de Vila do Abade 134
17. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de NEDA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Renovación de abastecemento e saneamento na rúa Xerardo Luaces 143

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

18. Aprobación da segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 por maior achega provincial 152
19. Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" 168
20. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reparación de

beirarrúas no lugar de A Braña, parroquia Erbecedo" do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0426.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento 240

21. Aprobación do proxecto modificado número 2 do investimento denominado "Mantemento e mellora das estradas municipais nas parroquias de Berdoias, Castrelo, Vimianzo, Carnés, Cereixo e Calo", do Concello de Vimianzo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0331.0 242

22. Aprobación da designación do representante suplente da Deputación Provincial da Coruña na Comisión de Seguimento do Plan de Sustentabilidade en Destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal (PSTD) cód.2022.3.81990.3. 245

23. Aprobación da designación do representante suplente da Deputación Provincial da Coruña na Comisión de Seguimento do Plan de Sustentabilidade en Destino (PSTD) Fragas do Eume (PSTD) cód.2022.3.81990.4 247

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

24. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a outubro de 2022. 249

25. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao terceiro trimestre de 2022. 249

26. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Boimorto respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 250

27. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Brión respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 250

28. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cerdido respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 251

29. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Dumbría respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 252

30. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Frades respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). 252

31. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Melide respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).	253
32. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Neda respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).	253
33. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Oroso respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).	254
34. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Vilarmajor respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).	255
35. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2022 de aprobación polo Pleno.	255
36. Dación de conta da aprobación do orzamento/plan de actuación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña "FAEPAC" para o exercicio 2023.	258
37. Dación de conta do proxecto de orzamento do Consorcio Provincial Contraintendidos e Salvamento da Coruña para o exercicio 2023.	258
38. Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2023 e das súas bases de execución.	258
39. Aprobación da modificación da consignación do complemento de produtividade do persoal funcionario desta Deputación Provincial para o exercicio 2022.	282
40. Aprobación inicial da valoración do complemento de destino, da relación de postos de traballo, do cadro de persoal e do organigrama 2023.	282
41. Dación de conta das resolucións de presidencia números 44218/2022 e 44219/2022 polas que se cesa e nomea persoal eventual.	389
42. Proposta da Presidencia ao Pleno do 25 de novembro de 2022 sobre cambio da data da sesión ordinaria do duodécimo mes de 2022	389

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

43. Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, para o cofinanciamento do proxecto VOZ NATURA 2022	389
44. Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para o financiamento da realización das actividades do proxecto "LAB BARBANZA 22.0 Dinamización do Coworking do Concello de Boiro", dentro do Plan de Emprego Local, anualidade 2022.....	397
45. Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excm.	

Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para o financiamento da realización das actividades do proxecto "AMES AV LAB Laboratorio para o impulso da nova produción audiovisual dende o Concello de Ames", dentro do Plan de Emprego Local. 406

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓN

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás traballadoras de Inditex..... 415

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica contra o transfuguismo e na defensa da calidade democrática 426

3.Moción do Grupo Provincial Popular da Deputación da Coruña para solicitar ao Goberno de España a non revisión do delito de sedición 437

ROGOS E PREGUNTAS..... 446

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 25 de novembro de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 25 de novembro de 2022, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:05 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Toma de posesión da deputada do Partido Popular, dona Izaskun García Gorostizu.

Sr. Presidente

Ola, bo día, empezamos antes de nada coa toma de posesión da deputada do Partido Popular dona Izaskun García Gorostizu.

Sra. Secretaria

Na Secretaría Xeral desta Deputación provincial consta a credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que foi designada deputada provincial dona Izaskun García Gorostizu en substitución, por renuncia, de don José Francisco Santos Regueira, por figurar como suplente na lista de candidatos presentada polo Partido Popular nas eleccións locais do 26 de maio de 2019.

Dona Izaskun García Gorostizu formulou declaracións sobre as causas de posible incompatibilidade, sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lle proporcionan ou lle poden proporcionar ingresos económicos. Reúne, polo tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputada provincial, previa prestación do preceptivo xuramento.

Sr. Presidente

Pode entrar no salón de actos a deputada para a toma de posesión.

Dona Izaskun García Gorostizu toma posesión do seu cargo, con arranxo á fórmula establecida no R.D. 707/1979, de 5 de abril, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputada provincial.

Sr. Presidente

Benvida a esta casa en nome de toda a Corporación.

Pasamos primeiro a ler a declaración institucional.

Sra. Secretaria

Declaración institucional do Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres 2022

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, ante a violencia que se exercía contra as mulleres polo só feito de sêrmolo, decidiu, en 1999, declarar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Por iso, neste día, queremos ratificar, o noso compromiso de seguir traballando conxuntamente,

visibilizando, concienciando e rexeitando a violencia machista, ata a súa erradicación.

A violencia contra as mulleres supón a manifestación máis extrema da desigualdade que existe entre homes e mulleres, como o maior obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade xusta e igualitaria.

Todos os grupos aquí presentes, compartimos a dor e o sufrimento de tantas e tantas mulleres que sofren violencia, así como dos seus fillos e fillas e da súa familia. A tristura e indignación que sentimos esténdese a toda a sociedade, porque a violencia machista é hoxe a gran ferida da sociedade do século XXI, que só se pode curar con máis igualdade.

No que levamos de ano, 38 mulleres foron asasinadas no Estado español a mans das súas parellas ou ex-parellas. Desde o 1 de xaneiro de 2003, cando comezou a contabilidade oficial, o número de mulleres vítimas de crimes machistas é de 1.171.

A estes datos hai que sumar 19 feminicidios fóra do ámbito da parella e/ou exparella, correspondentes ao primeiro semestre de 2022. Con esta contabilización dase cumprimento ao Convenio de Istambul sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres, e aténdese unha demanda histórica do movemento feminista: que nos rexistros oficiais do Estado se conten tamén casos como o de Jéssica Méndez, a moza de 29 anos do municipio pontevedrés de Barro, asasinada por un veciño, que agora é oficialmente recoñecida como vítima da violencia machista.

En resumo, no que levamos de 2022 as cifras son moi alarmantes: 57 mulleres foron asasinadas polas violencias machistas, 23 fillos e fillas quedaron orfos e un menor foi asasinado por violencia vicaria, segundo o conxunto dos datos oficiais coñecidos ata o momento.

Non son meras estatísticas, porque detrás de cada unha desas mortes hai unha familia desfeita. Detrás de cada unha desas mortes hai unha vida. Porque as mulleres non somos números. Temos nomes, apelidos, vida, familia e non podemos afacernos nin resignarnos a convivir con esta violencia que desafía os alicerces dun país democrático.

Os crimes machistas son perdas inasumibles nunha sociedade avanzada e moderna. Estamos ante unha cuestión de Estado, de saúde pública e un grave atentado aos Dereitos Humanos. Temos diante unha realidade innegable que nos interpela a todos e todas a unha acción firme en prol da erradicación da violencia contra as mulleres e das actitudes sociais que a toleran, a xustifican, ou mesmo a banalizan. Debemos intensificar esforzos para combater o machismo e condenar todas as actitudes, prácticas e condutas que consenten e reproducen as violencias machistas.

Por iso, todos os grupos políticos aquí presentes unimos hoxe as nosas voces, como xa fixemos noutras ocasións, para manifestar a nosa repulsa cara a todas as formas de violencia recollidas no Convenio de Istambul e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade e libre de violencias.

Así,

Adherímonos a esta Declaración, e apoiamos todas as voces que traballan por un futuro libre de violencias.

Ratificamos o noso compromiso co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e lembramos a necesidade de continuar avanzando no seu desenvolvemento. Reivindicamos o papel, tan importante, que xogan as entidades locais.

Comprometémonos a seguir traballando na ruptura do silencio, sensibilizando e concienciando á cidadanía do problema estrutural que para a nosa sociedade supón a violencia machista.

Seguiremos con esa coordinación continua entre os diversos axentes sociais implicados na violencia contra as mulleres. Debemos mellorar a resposta institucional a todos os niveis, evitando o risco de vitimización secundaria e mellorando a confianza das vítimas.

Demandaremos a utilización de todos os recursos que sexan necesarios na asistencia, axuda e protección das vítimas e dos seus fillos e fillas.

Seguiremos impulsando o debate social para que se considere a violencia de xénero un asunto público. As entidades locais somos a maioría das veces o primeiro recurso e, en ocasións, o único do que dispoñen as mulleres en procura de reparo e denuncia da violencia que sofren.

Seguiremos apostando pola formación de todo o persoal da Deputación da Coruña no marco da Diagnose e plan de acción das políticas de igualdade de xénero.

Manifestamos o noso compromiso co mantemento do programa de subvencións, posto en marcha pola Deputación da Coruña, a concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico axentes de igualdade e ao programa de financiamento destinado a entidades que traballan pola igualdade e na loita contra a violencia machista, para desenvolver programas de formación, conciliación, intervención e sensibilización.

2.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 11/2022, do 28 de outubro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 11/2022, do 28 de outubro.

3.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de outubro de 2022 ata o 18 de novembro de 2022.

Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 22 de outubro de 2022 ata o 18 de novembro de 2022.

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos para cofinanciar o Programa para o mantemento físico e cognitivo das persoas usuarias do Complexo Xerontolóxico e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **135.317,35 €**, á Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos para cofinanciar o *Programa para o mantemento físico e cognitivo das persoas usuarias do Complexo Xerontolóxico*, cun orzamento subvencionado de 169.146,69 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior e a proposta da Presidenta da Comisión de Benestar Social e Educación, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 19 de outubro de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC no que conteña o crédito axeitado e suficiente.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa para o mantemento físico e cognitivo das persoas usuarias do Complexo Xerontolóxico.

Na Coruña, a

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

2.- Segundo consta nos seus estatutos, a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos é unha asociación con fins benéfico-sociais e asistenciais sen ánimo de lucro é un deles e a xestión do “Complexo xerontolóxico en edificio independente, con Residencia de Anciáns mixta e Centro de día.”

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos**, con CIF G15074743, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Programa para o mantemento físico e cognitivo das persoas usuarias do Complexo Xerontolóxico*.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos levará a cabo as actividades

programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de persoal (salarios e seguridade social)	163.461,12 €
1 Director/a-psicólogo/a	44.208,29
1 Educador/a social	24.374,68
2 Fisioterapeutas	53.532,15
1 Auxiliar clínica	21.542,07
1 Limpador/a	19.803,93
Material vaso terapéutico	715,03 €
Material limpeza	1.000,00 €
Outro material (xogos, tesoiras, cartolinas, ...)	1.000,00 €
Xornais	996,00 €
Mantemento xardín	1.974,54 €
TOTAL	169.146,69 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **135.317,35 €**, o que representa unha porcentaxe de 80%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación Provincial da Coruña só achegará o importe que represente o **80 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación Provincial da Coruña é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación Provincial da Coruña seralle aboada á Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Autorización** individual asinada por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación Provincial da Coruña a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2022**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Real Institución Benéfico Social Padre Rubinos, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Carballo para cofinanciar o Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2022 e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **30.000,00 €**, ao Concello de Carballo para cofinanciar o *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 266.717,49 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas ano 2022*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Carballo.

EXPOÑEN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade de Condutas Aditivas, conforme co previsto no art. 25 da Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña, e competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao previsto na citada Lei de Bases de Réxime Local art. 36, de conformidade coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan

suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carballo, con CIF: P1501900C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento da Unidade de Condutas Aditivas no ano 2022*.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Carballo.

O Concello de Carballo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1.- Gastos de persoal	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	165.701,38
1.2. Seguridade Social	53.067,97
2.- Produtos farmacéuticos e sanitarios	
2.1. Produtos farmacéuticos	1.500,00
2.2. Material sanitario de consumo	1.500,00
3.- Outros aprovisionamentos	
3.1. Libros e revistas	1.000,00
3.2. Material de limpeza e aseo	1.000,00
3.3. Material de oficina diverso	1.000,00
4.- Servizos exteriores	
4.1. Limpeza	5.664,00
4.2. Traballos realizados por outras empresas	
4.2.1. Vixilancia	35.426,64
4.2.2. Enfermería	857,50
TOTAL DO GASTO	266.717,49

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 11,25 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto

correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 11,25 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Carballo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Carballo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Carballo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as actividades do Concello de Carballo, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Carballo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- * **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2021.
- * **Orzamento da entidade para o Exercicio 2022**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.
- * **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificandos, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- * **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - * **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
 - * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.
- * **Certificación** na que o Concello de Carballo acredite que ten as autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.
 - * **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.
 - * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Carballo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

- 1.-** O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
- 2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
- 3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Carballo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

- 1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
- 2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

- 1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
- 2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Carballo, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación do convenio entre a Deputación e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2022"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva, como o incorporado no presente

expediente:

O colectivo das persoas con discapacidade é un colectivo cunhas especiais dificultades de inserción, tal e como avalan os datos publicados nos informes anuais do Mercado de Traballo publicados polo observatorio das ocupacións - Servizo público de Emprego - Ministerio de Emprego e Seguridade Social. No último informe publicado (Ano 2021), no que se analizan os datos do 2020 se indica o seguinte: As persoas con discapacidade asinaron na provincia no ano 2020 un total de 6.3331 contratos de traballo.

Isto supuxo un significativo descenso na contratación fronte o ano anterior, no que se asinaron un 30,24% máis de contratos (2.745 contratos).

- A taxa de temporalidade dos contratos das persoas con discapacidade situouse no 88,38 € e a parcialidade no 40,59

- O colectivo das Persoas con discapacidade é o colectivo coa taxa de contratación menor (2,16) e o colectivo máis castigado polo desemprego, e dicir, ten a maior porcentaxe de parados de longa duración, co 70,71%, superando ao seguinte colectivo en 8 puntos porcentuais

- No conxunto de Estado os contratos asinados polas persoas con discapacidade no 2020 representaron o 1.56 % do total dos contratos, a pesar de ser o 6,2 % da poboación activa.

3º.-COGAMI desenvolve accións encamiñadas a mellora da inserción laboral das persoas con discapacidade, contribuíndo dende o ano 1996 (ano no que comezamos a rexistrar datos) ao logro de preto de 44.000 insercións laborais de persoas con discapacidade no territorio galego, de xeito concreto, no ano 2021, na provincia da Coruña, as nosas accións lograron a firma de 897 contratos de persoas con discapacidade, o que considerando as variación dos datos en anos anteriores publicados polo SEPE representa que actuamos como mínimo no 14,03 % dos contratos asinados por persoas con discapacidade na provincia.

Ademais dos propios resultados do servizo, o valor social ven acreditado tamén por algúns aspectos característicos do propio servizo:

- O Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI conta cunha base de datos propia de persoas con discapacidade que realizan actividades vinculadas a busca activa de emprego, que a finais do 2021 contaba con 8.059 da provincia da Coruña, máis do dobre que no servizo público de emprego.

- Préstase directamente na contorna próxima da persoa, grazas á figura dos orientadores rurais que se desprazan ao conxunto das comarcas da provincia, o que incide directamente na dinamización do conxunto do territorio.

- No se perde a perspectiva do conxunto do territorio ao contar con obxectivos de resultados vinculados ao conxunto do territorio, e que teñen en conta as características propias de cada zona.

4º.-A non obtención da financiación necesaria para o mantemento do servizo, o cal sinalar que non é financiable baixo convocatoria ordinaria da Deputación, por ser diferentes as accións que se desenvolven no noso servizo fronte as esixidas na convocatoria (itinerarios personalizados de emprego), suporía unha significativa perda de oportunidades de emprego para o colectivo das persoas con discapacidade, cun impacto directo e significativo nos resultados provinciais relativos ao número de contratos asinados polas persoas con discapacidade.

Dado o elevado valor e impacto social do servizo, consideramos necesario manter e potenciar o desenvolvemento do mesmo.

5º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) CIF G32115941, para financiar o proxecto “Servizo de Intermediación Laboral 2022” A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 135.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 25,48849 %. (45.000,00 aprobados nas bases de execución e os 90.000,00 € restantes estarían condicionados á aprobación da modificación das bases de execución)

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24101/481, quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de “Servizo de Intermediación Laboral 2022”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

- 1 Consideran de gran interese para a provincia a realización do congreso dado que “Servizo de Intermediación Laboral 2022” ten como obxectivo lograr a promoción a inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), con CIF G322115941, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “Servizo de Intermediación Laboral 2022”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL (SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL):	480.350,78 €
Persoal orientador	352.772,72 €
Persoal técnico de emprego	39.150,02 €
Persoal complementario (Traballador/as sociais, técnico/a xurídico, proxectos...)	32.590,74 €
Persoal de coordinación	39.502,98 €
Persoal administrativos	16.334,32 €
GASTOS XERAIS:	49.300,04 €
Aprovisionamentos	6.013,49 €
Reparacións e mantemento	5.107,28 €
Subministros	10.588,89 €
Comunicacións	17.608,29 €
Gastos de desprazamentos	5.200,00 €
Outros servizos externos	4.782,09 €
TOTAL	529.650,82 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **135.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **25,48849%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 25,48849 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/24101/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) obteña para a mesma finalidade, sem,pre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

- 1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

- 1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo

dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2023 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de xuño de 2023**.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade
CONFEDERACIÓN GALEGA DE
PERSOAS CON
DISCAPACIDADE (COGAMI)"

7.- Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Camariñas para a realización da actividade "Organización Mostra Encaixe de Camariñas 2022"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de

concurrencya, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.-Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencya competitiva:

- A actividade subvencionada ao Concello da Camariñas “XXXI Mostra do Encaixe de Camariñas”, está dentro dun proxecto que o Concello de Camariña está levando acabo dende o ano 1991 e que ten unha singularidade única dende o punto de vista da promoción económica, e ante a dificultade por causa das limitación tanto de distribución e comercialización como da produción e dinamización do colectivo de palilleries para promover o cooperativismo e da transcendencia para esta industria do encaixe para a economía local. O Concello de Camariñas diseña un Programa de Desenvolvemento do Encaixe, para que a vila de Camariñas, potencie esta actividade como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.
- Hai que destacar que os oficios artesáns resumen todos os valores que e esperar dun obxecto: bos materiais, un proceso de elaboración manual con ferramentas básicas o cal da como resultado un obxecto auténtico. Por iso, supoñen unha importante atracción do turismo e/ou unha alternativa para aquelas persoas que perseguen reencontrarse coa autenticidade da cultura tradicional.
- Por outra banda segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, xa descritas anteriormente e que se xuntan ao expediente, contribuirán a manter a posición de Camariñas como destino tanto comercial como turístico de primeira orde.
- É preciso indicar que o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concurrencya competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas con CIF P1501600I para financiar as actividades “XXXI Mostra do Encaixe de Camariñas” cunha achega provincial de 120.000,00 €(100.000 aprobaos nas bases de execución e 20.000,00 aprobadas no EMC 4) con cargo á aplicación presupustaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 75,17968 % con respecto a un orzamento de 159.617,70 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da

Intervención Provincial

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto de "XXXI Mostra de Encaixe de Camariñas 2022".

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte,
Provincial da Coruña,

en representación da Excma. Deputación

E doutra parte,
CAMARIÑAS

en representación do CONCELLO DE

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

- 1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector do encaixe se converta nunha actividade rendible de futuro para isto o Concello de Camariñas deseñou un programa de desenvolvemento do encaixe no dito programas conteplouse as seguinte áreas de intervención: formación, investigación, produción, distribución e comercialización, todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, CIF P1501600I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumido polo concello para o financiamento do proxecto "XXXI Mostra de Encaixe de Camariñas 2022".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Capítulo I: Gastos de persoal	
Soldos e Salarios	20.925,60
Seguridade Social a cargo da entidade	6.792,00
Capítulo II: Gastos correntes	
Publicidade e propaganda:	
- Publicidade en diferentes medios e promoción	20.000,00
- Imprenta: rotulación en vinilos, nomes stands decoración....	1.000,00
- Reportaxes fotográficos e vídeo	3.000,00
Compras de bens destinados á actividade	
- Suministro encaixe deseñadores e artesáns desfiles pasarela	10.000,00
- Suministros camisetas e bolsas, lanyards persoal voluntario	2.500,00
- Suministro de moqueta feriale cinta adhesiva	8.000,00
Reparacións e conservación	
Servizo de colocación de material, protección, telas,... e mantemento	2.000,00
Aluguer	
Xaimas	1.600,00
Servizos de profesionais independentes	
Asesoramiento e asistencia como xurado para o Concurso de Noveis Deseñadores	1.700,00
Deseño Feiral	1.500,00
Estudo e xestión dos desfiles de pasarela	6.000,00
Megafonía interior e exterior, iluminación, pantallas, cámaras e operadores	15.000,00
Servizos apoio organización	3.600,00
Restauración en diferentes facturas: manutención de palilleiras de delegación de países invitados, deseñadores das firmas e artencaixe, persoal voluntario: azafatas/os e protección civil durante 5 días	10.000,00
Servizos de actuacións artísticas	3.000,00
Servizo de limpeza montaxe, feira e desmontaxe	5.000,00
Servizo de locución de desfiles e actos	1.500,00
Servizo de modelos e coreografía	14.700,00
Servizo de celebridades desfiles Mostra	4.000,00
Servizo de vixianza	5.500,00
Servizo xerador, acometida, conmutador,...	1.500,00
Talleres lúdicos e parque infantil	2.000,00
Transportes diversos: coleccións desfiles, bus encaixeras,...	600,00
Varios gastos servizos montaxe: colocación de moqueta feriale, servizo de electricidade, iluminación, fontanería, elevador, outros suministros	5.000,00

Servizo de reparto de cartelería	1.200,00
Servizo de gabinete comunicación e estratexía da Mostra Virtual e Mostra física	2.000,00
TOTAL	159.617,60

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 120.000,00 € (100.000€ porbados nas bases de execución, 20.000,00 € aprobado no EMC/4) o que representa unha porcentaxe de 75,17968%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,17968% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa

por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CAMARIÑAS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre o **día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2022.**

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento

ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Camariñas da sanción que de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2023** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2023**,

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante do
Concello de Camariñas"

8.- Aprobación do convenio entre a Deputación e a Asociación Amigos da Xunqueira para a realización da actividade "Promoción do Ano Xubilar de Cee"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Segundo o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, **razóns de interese público** para o outorgamento da subvención, sen que proceda promover a concurrencia pública ao ser a Asociación Amigos da Xunqueira a única entidade organizadora e, polo tanto, que pode desenvolver a actuación subvencionada polo que se aprecian no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva:

- A actividade proposta pola Asociación Amigos da Xunqueira enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Asociación xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante na promoción do rico patrimonio histórico que atesorua a Vila de Cee.
- A implicación do comercio e a industrial local e comarcal e a masiva asistencia de visitantes ten convertido esta celebración do Ano Xubilar nun dos principais impulsores económicos da Costa da Morte.
- Segundo a memoria presentada pola entidade a natureza do evento consiste en converter este lugar nun referente do mantemento das actividades culturais como son:
 - Fomentar o turismo relixioso e fomentar a ruta xacobeá do Camiño de Fisterra-Muxía.
 - Inauguración do propio Ano Santo, coa apertura da "Porta Santa". Esta

xornada rematará cun concerto do cantante galego Rubén de Lis.

- Unha conferencia a cargo de expertos do Taller de bordado en ouro e sedas Soldán de Sevilla que presentará o proceso de restauración de pezas así coma a súa orixe e datación.
- Pasarrúas con grupo de gaitas. Celebración da festividade da Virxe do Carme coa tradicional procesión e despois un festival de agrupacións de baile tradicional.
- Recepción en Cee da Peregrinación Europea de Xoves peregrino.
- Os días 25 e 16 de xuño festa de San Roque, coa actuación de varias corais entre as que se atopan O Coro Rociero de la Macarena (Sevilla) ou a Coral de Tomelloso (Cidade Real).
- En Novembro a actuación da cantante Rocío Caamaño o día 12 de novembro participación da Banda de Música de Cee e Coral Polifónica Costa da Morte e o día 19 de novembro o espectáculo Cancioneiro do Camiño da man do recoñecido artista galego Manoele de Felisa
- En decembro grupo Luar na Lubre, co seu último traballo adicado ao Camiño.

Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Amigos da Xunqueira con CIF G67767681 para financiar o proxecto “Ano Xubilar Mariano de Cee” que queda condicionado á aprobación no vindeiro EMC 3/2022 cunha achega provincial de 40.000,00 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3343/481, que representa un coeficiente de financiación do 33,00026 % con respecto a un orzamento de 121.211,15 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA
En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Asociación Amigos da Xunqueira

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, CIF G67767681I**, para o financiamento das actividades “Ano Xubilar Mariano de Cee”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	IVE	TOTAL
Aluguer grupo electróxico para concerto	608,00	127,68	735,78
Concerto MITIC EL ESPECTÁCULO	13.500,00	2.835,00	16.335,00
Actuación Coral Airiños de Quenxe	1.000,00	0,00	1.000,00
Actuacións Coral Costa da Morte	2.500,00	0,00	2.500,00
Actuación soprano Gemma Román	1.200,00	252,00	1.452,00
Concerto Rocío Caamaño	1.500,00	315,00	1815,00
Material promocional imprenta	10.000,00	2.100,00	12.100,00
Curtametraxe “O amaparo da Xunqueira”	15.000,00	3.150,00	18.150,00
Gravación discográfica	2.500,00	525,00	3.025,00
Gravación Videoclip	2.080,00	436,80	2.516,80
Publicidade Ano Xubilara en Correos	1.509,00	316,89	1.825,89
Emisión e campaña publicitaria Cadena Ser Galicia	7.070,00	1.484,70	8.554,70
Concerto Rubén de Lis	625,00	62,50	687,50
Espectáculo Bruxo Queiman sobre o camiño	4.950,00	1039,50	5.989,50
Xornada restauración arte sacro	1.500,00	315,00	1.815,00
Actuación grupo de gaitas Fumes do Cal	800,00	0,00	800,00
Actuación Dúo musical	500,00	105,00	605,00
Festa infantil (obradoiros e xogos)	550,00	115,50	665,50

Actuación CDC Disco Movil	2.200,00	220,00	2.420,00
Concerto Banda de Música de Cee	3.900,00	0,00	3.900,00
Actuación grupo Folk Peta Forte	580,00	0,00	580,00
Concerto rapeiro Grilex	1.100,00	231,00	1.331,00
Actuación Le Choeur de l'Immaculée	5.000,00	0,00	5.000,00
Actuación Corual Macarena Sevilla	5.000,00	0,00	5.000,00
Actuación Coral conservatorio Tomelloso	3.200,00	0,00	3.200,00
Realización vídeo Cee Ano Xubilar en Futur	3.000,00	630,00	3.630,00
Equipos luz e son agrupacións danza	2.000,00	420,00	2.420,00
Escenario e grupo electróxico agrup. danza	2.043,00	429,03	2.472,03
Escenario luz e son PEJ (2 días)	3.550,00	745,50	4.295,50
Escenario PEJ (2 días)	3.420,00	718,20	4.138,20
Realización 2 vídeos actividades Ano Xubilar	991,74	208,26	1.200,00
TOTAL			120.159,30
OUTROS GASTOS ANO XUBILAR XUNQUEIRA 2022			
Gastos oficina	40,00	8,40	48,40
Seguros RC	283,45		283,45
Gastos bancarios	495,87	104,13	600
Gastos gasolina	99,17	20,83	120
TOTAL			1.051,85

TOTAL GASTOS PREVISTOS			121.211,15
-------------------------------	--	--	-------------------

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **33,00026 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 33,00026 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3343/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do

gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada á ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

- 1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre

o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA DE CARRAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2022, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de xullo do ano 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.**
2. A ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2023.**
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha

comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN AMIGOS DA XUNQUEIRA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da
ASOCIACIÓN AMIGOS DA
XUNQUEIRA

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial."

9.- Aprobación do Plan de Sendas Provinciais 2022, segunda fase, integrado polo proxecto DP 4604 Melide ás Pías por Toques. Mellora da seguridade viaria, Senda peonil, tramos de sendas PQ 7+606/13+344 (Toques)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE SENDAS PEONÍS 2022 SEGUNDA FASE cun presuposto total de 412.747,75.- euros, con cargo a la aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1170.0002.0	DP 4604 MELIDE ÁS PIAS POR TOQUES. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA SENDA PEONIL, TRAMOS DE SENDAS ENTRE PQ 7+606 /13+344	TOQUES	412.747,75 €	Na cláusula 3.1 da memoria do citado proxecto se indica o seguinte: "Parte da actuación a realizar está dentro da zona de dominio público da estrada e a outra parte realízase en chan de clase urbana e natureza rústica, estes últimos son postos á disposición da Deputación provincial da Coruña por parte do Concello de Toques. É por tal motivo que non se fai necesaria a expropiación dos terreos. No anexo n.º 6 achégase os terreos cedidos polo Concello de Toques. "

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

10.- Aprobación da actualización de prezos da obra "Actualización de prezos mellora do trazado da DP 2206 pq 0+920 ao 1+220 Rego de Tide (Cedeira); incluído no Plan de Vías Provinciais 2020, quinta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a modificación da QUINTA FASE DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2020 como consecuencia da actualización de prezos do proxecto MELLORA DO TRAZADO DA DP 2206 PQ 0 + 920 AO 1 + 220 REGO DE TIDE (CEDEIRA), con cargo á aplicación 0410/4531/60900 e con

arranxo aos seguintes datos:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2020.1110.0004.0	ACTUALIZACION DO PROXECTO DE MELLORA DO TRAZADO DA DP 2206 PQ 0+920 AO 1+220 REGO DE TIDE	DOCEDEIRA	406.061,08

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

11.- Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase (Ferrol). Actualización do proxecto de construción de travesía, incluído no Plan de Travesías 2019, primeira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar provisionalmente o proxecto DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase. Actualización do proxecto de construción de travesía. (Ferrol) PK 1+180 a PK 1+640 (1911300001.0) incluído na 1ª Fase do Plan de Travesías 2019, cuxos datos son os seguintes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO	VALOR EXPROPIACIONES
2019.1130.0001.0	DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase. Actualización do proxecto de construción de travesía. (Ferrol) PK 1+180 a PK 1+640	687.080,37€	220.442,40 €

2.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente, e por un prazo de 10 días, para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no el caso de non presentarse reclamacións.

3.- Iniciar os tramites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras incluídas en

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO	VALOR EXPROPIACIONES
2019.1130.0001.0	DP 3612 Aneiros a Cabana. 3ª Fase. Actualización do proxecto de construción de travesía. (Ferrol) PK 1+180 a PK 1+640	687.080,37€	220.442,40 €

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local a os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

12.- Aprobación do Prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación, mediante procedemento aberto con múltiples criterios, de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR)

2º.- Publicar o contido do citado pregos, para darlles unha maior difusión no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da Deputación provincial da Coruña

ANEXO

PREGO TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE CONTRATOS DE SERVICIOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)

1. OBXECTO DO CONTRATO.

O presente contrato ten por obxecto a prestación dos servizos que se detallan no epígrafe 1 do Anexo nº 1 (en diante, cadro de características) financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - [Next GenerationEU](#) (PRTR) cuxa descrición, características e especificacións establécense no prego de prescricións técnicas que figura como anexo e que ten carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas prevalecerá o primeiro.

2. ORZAMENTO E VALOR ESTIMADO

O orzamento máximo para este contrato e o valor estimado son os que se especifican no epígrafe 2 do cadro de características do contrato.

Na contratación destes servizos entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto indíquese como partida independente, de conformidade co art. 102.1 [LCSP](#) e o modelo da oferta económica do presente prego (Anexo Nº 4).

3. DURACIÓN DO CONTRATO E FINANCIAMENTO

3.1. Duración

A duración do contrato será a indicada no epígrafe 4 do cadro de características.

3.2. Prórrogas

O contrato poderá prorrogarse ata o máximo indicado no epígrafe 4 do cadro de características. A prórroga farase de maneira expresa previa proposta do Servizo correspondente e informes de Secretaría Xeral e Intervención, existencia de crédito adecuado e suficiente e aprobación mediante acordo do órgano competente.

De conformidade co artigo 29 [LCSP](#), a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo/previo aviso prodúzase polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.3. Financiamento.-

Servizos de carácter anual:

No presente exercicio existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria que se indica no epígrafe 3 do cadro de características do contrato

O financiamento efectuarase con cargo a fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - [Next GenerationEU](#) (PRTR).

Servizos de carácter plurianual:

Dado que se trata dun proxecto de gasto con financiamento afectado que abarca varias anualidades, é de aplicación o disposto no artigo 47.5 do Real Decreto

500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos. materia de orzamentos.

O financiamento efectuarase con cargo a fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea - [Next](#) [GenerationEU](#) (PRTR)

Contratos plurianuais: Por tratarse dun contrato plurianual, financiarase conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente. A mesma condición suspensiva rexe para as eventuais prórrogas.

4. REVISIÓN DE PREZOS

4.1. Non prevista:

Os prezos de contratación dos servizos comprendidos neste contrato non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e por tanto non se aplicará fórmula algunha de revisión.

4.2. Prevista:

No epígrafe 5 do cadro de características indícanse os supostos e fórmulas da revisión de prezos aplicables.

5. FORMA E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de valoración.

6. CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS

Os interesados poderán consultar os pregos e obter copias dos mesmos no lugar que se indica no epígrafe 7 do cadro de características.

7. APTITUDE PARA CONTRATAR

7.1.- Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extraes, que tendo plena capacidade de obrar non se achen incursas en prohibicións para contratar coa Administración a que se refiren os artigos 71 a 73 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante [LCSP](#)) e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, nos supostos a que se refire a cláusula 14.1 e epígrafe 6 do cadro de características do contrato.

A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta constitutiva, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se

establezan regulamentariamente, de acordo con as disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

7.2.- Unións de Empresarios:

A Administración poderá contratar con unións de Empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 69 [LCSP](#).

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 10 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma. No caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto nos artigos 69.5 e 6, e 78.1 [LCSP](#).

No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizar a mesma, en escritura pública, así como presentar o NIF da Unión Temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a duración da mesma será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en Unión Temporal quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.

8. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE.

No epígrafe 0 do cadro de características indícase se o contrato está suxeito ou non a regulación harmonizada.

No caso de que o contrato non suxeito a regulación harmonizada, o procedemento aberto a que se refire o presente Prego publicarase no perfil do contratante integrado na plataforma de contratación do sector público (artigo 156.6 [LCSP](#)).

No caso de que o contrato suxeito a regulación harmonizada, o procedemento aberto a que se refire o presente Prego publicarase no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante integrado na plataforma de contratación do sector público.

9. PROPOSICIÓN: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

1.- A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente, con carácter obrigatorio, de forma electrónica, a través da plataforma de contratación que se indica no epígrafe 7 do cadro de características, na dirección electrónica que figura no cadro de características do presente prego, e conforme os requisitos técnicos establecidos na citada Plataforma. En consecuencia non poderán presentarse en formato papel.

2.- As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma e prazo que se indican no epígrafe 7 do cadro de características do contrato, en tres sobres ou arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electronicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e

requisitos esixidos na cláusula 10.

3.- Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratante, integrado na plataforma de contratación do Sector Público

4.- A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do sector público, durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois de devandito prazo e horario será excluída, salvo o disposto para a pegada electrónica na Disposición Adicional 16.1.h) LCSP:

“Nos procedementos de adxudicación de contratos, o envío por medios electrónicos das ofertas poderá facerse en dúas fases, transmitindo primeiro a pegada electrónica da oferta, con cuxa recepción se considerará efectuada a súa presentación para todos os efectos, e despois a oferta propiamente dita nun prazo máximo de 24 horas. De non efectuarse esta segunda remisión no prazo indicado, considerarase que a oferta foi retirada.”
“Nos procedementos de adxudicación de contratos, o envío por medios electrónicos das ofertas poderá facerse en dúas fases, transmitindo primeiro a pegada electrónica da oferta, con cuxa recepción se considerará efectuada a súa presentación para todos os efectos, e despois a oferta propiamente dita nun prazo máximo de 24 horas. De non efectuarse esta segunda remisión no prazo indicado, considerarase que a oferta foi retirada.”
“Nos procedementos de adxudicación de contratos, o envío por medios electrónicos das ofertas poderá facerse en dúas fases, transmitindo primeiro a pegada electrónica da oferta, con cuxa recepción se considerará efectuada a súa presentación para todos os efectos, e despois a oferta propiamente dita nun prazo máximo de 24 horas. De non efectuarse esta segunda remisión no prazo indicado, considerarase que a oferta foi retirada.”

5.- Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas no epígrafe 7 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

No epígrafe 7 indícase o prazo de presentación de proposicións.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de Comercio, para os efectos a que se refire o artigo 149 LCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

10. PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN.

10.1. ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO A: "Documentación".

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación: (Artigos 140 e 141 LCSP)

10.1.1.- DECLARACION RESPONSABLE

Unha declaración responsable axustada ao formulario do Documento Europeo Único

de Contratación (DEUC) cuxo ligazón figura no epígrafe 23 do cadro de características do contrato e que se poderá descargar na Plataforma de contratación do sector público.

10.1.2.- COMPROMISOS E DECLARACIÓNS

10.1.2.1. Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso (art 76 LCSP).

Esixible ou non segundo o disposto no epígrafe 6 do cadro de características

10.1.2.2. Declaracións, de acordo co modelo que figura como anexo nº 6

10.1.2.3. Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 69 LCSP e cláusula 7 do presente Prego.

10.1.2.4. Empresas estranxeiras

Ademais da declaración responsable a que se refire a letra anterior, as empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, deberán achegar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

10.1.2.5. Empresas non comunitarias

Ademais da declaración responsable a que se refire a letra anterior, as empresas non comunitarias deberán presentar o Informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68.1 LCSP coas excepcións previstas no mesmo.

10.1.2.6. Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numéricamente.

10.1.3. O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar #ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

10.2. ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO B: "Referencias técnicas non valorables automaticamente".

O sobre conterá a documentación de Referencias Técnicas non valorables automaticamente que se indica no Anexo Nº 3 do presente prego.

10.3. ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C: "Oferta económica e referencias valorables automáticamente"

Conterá a oferta formulada estritamente conforme ao modelo que figura como Anexo Nº 4 deste Prego.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

11. GARANTÍAS

11.1. GARANTÍA PROVISIONAL.

Esixible:

De conformidade co establecido no Epígrafe 10 do cadro de características.

Non esixible:

En consonancia co disposto no artigo 106 [LCSP](#) os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

11.2. GARANTÍA DEFINITIVA.

Esixible:

O licitador que presente a oferta máis vantaxosa deberá constituír a garantía definitiva polo importe que se indica no Epígrafe 10 do cadro de características.

Non esixible:

Polos motivos expostos no Epígrafe 10 do cadro de características.

11.3. GARANTÍA COMPLEMENTARIA.

Naqueles casos nos que a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación sexa a oferta presentada polo licitador que estivese incurso inicialmente en presunción de anormalidade, requiriráselle, de conformidade co art. 107.2 [LCSP](#), que ademais da garantía a que se refire o parágrafo anterior, préstese unha complementaria polo importe indicado no Epígrafe 10 do cadro de características.

11.4. FORMA DE CONSTITUÍR AS GARANTÍAS

As garantías poderán constituírse por calquera dos medios a que se refire o artigo 108 [LCSP](#).

Con todo, no caso de que estea previsto no prego, segundo o establecido no epígrafe 10 do cadro de características, o licitador proposto como adxudicatario pode solicitar que a constitución da garantía definitiva e, no seu caso, a complementaria, efectúese mediante retención sobre o prezo da factura correspondente ás prestacións obxecto do contrato. Para ese efecto, o representante da entidade deberá presentar unha solicitude expresa á Administración para a constitución de garantía mediante retención de parte do prezo, de acordo con o modelo que figura no Anexo nº 8 do presente prego.

12. IDIOMA

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou do galego, deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas. De non facelo así, teranse como non postos. Consideraranse documentos [insubsanables](#) e non poderán ser obxecto de valoración.

13. APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN.

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou

omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos artigos 141 e 150 [LCSP](#).

Se a mesa observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicaraos por escrito aos interesados por algún dos medios que os licitadores indicasen na declaración contida no sobre A. Para estes efectos concederáselles un prazo non superior a tres (3) días hábiles para a súa corrección ou subsanación a contar desde o día seguinte ao do envío da comunicación, do que se deixará constancia documental no expediente. .

Apertura e valoración das ofertas.

Diferenciaranse dúas fases de valoración das ofertas

1ª Fase: Valoración dos criterios de adxudicación do procedemento aberto con multiplicitade de criterios non valorables automaticamente.

Para os efectos previstos na primeira fase, polo Comité de Expertos ou Organismo Técnico Especializado (cuxa composición se designará polo órgano de contratación a proposta da Mesa de Contratación) emitirase informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto con multiplicitade de criterios (excepto o factor prezo) á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: “Referencias técnicas non valorables automaticamente”.

De conformidade co artigo 146.3 [LCSP](#), establécese unha puntuación mínima no anexo nº 2 (Criterios de valoración para a adxudicación do contrato); en consecuencia, as ofertas que non alcancen dita puntuación mínima non pasarán á segunda fase de valoración, quedando por tanto excluídas da licitación.

2ª Fase: Valoración dos criterios de adxudicación valorables automaticamente.

Procedemento:

Para os efectos previstos na segunda fase, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura das ofertas económicas. Celebrarase no lugar e día que se sinale no perfil de contratante.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e sóbrelos que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase os licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou corrección de defectos ou omisións.

13.1 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento basee de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existe recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou [inconsistencia](#) que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

13.2 Criterios de valoración:

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de adxudicación) son os que se indican no Anexo nº 2 deste prego.

13.3 Criterios de desempate:

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, varias empresas licitadoras houberen empatado en canto á proposición máis vantaxosa, aplicaranse os seguintes criterios de desempate, pola orde indicada:

1º.- Proposicións presentadas polas empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, acrediten ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa; terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña do maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade e con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa no seu persoal ao vencemento do prazo de presentación de ofertas.

2º.- Proposicións presentadas polas empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, dispoñan dunha maior porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal.

3º.- Proposicións presentadas polas empresas que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, dispoñan de maior porcentaxe de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal de cada unha das empresas.

4º.-Proposicións presentadas polas empresas que inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que estean recollidas nun plan de igualdade acreditado pola Administración Autonómica competente.

De persistir o empate, terá preferencia na adxudicación a oferta económica máis baixa.

No caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate, realizarase un sorteo.

13.4 Renuncia:

Curtis	295.035,37	295.035,37	0,00	295.035,37	295.035,37				295.035,37	295.035,37	295.035,37	0,00	295.035,37			295.035,37	0,00
Dordo	197.512,06	119.681,71	0,00	119.681,71	0,00		77.830,35	4.300,60	82.130,95	197.512,06	0,00	197.512,06	4.300,60			197.512,06	0,00
Durante	412.513,27	383.084,84	0,00	383.084,84	29.428,43				29.428,43	412.513,27	29.428,43	0,00	383.084,84			412.513,27	0,00
Fene	437.347,30	281.859,62	796,16	282.655,78	0,00		155.487,68	38.780,03	194.267,71	437.347,30	0,00	437.347,30	38.780,03			437.347,30	0,00
Ferrol	341.932,73	341.932,73	29.802,52	371.735,25	0,00				0,00	341.932,73	0,00	341.932,73	29.802,52			371.735,25	0,00
Fisterra	238.079,77	148.541,46	0,00	148.541,46	0,00		89.538,31	13,80	89.552,11	238.079,77	0,00	238.079,77	13,80			238.079,77	0,00
Frades	338.391,14	194.000,00	0,00	194.000,00	70.000,00		74.391,14		74.391,14	144.391,14	70.000,00	0,00	268.391,14			338.391,14	0,00
Fruxa	250.551,28	60.617,29	0,00	60.617,29	11.987,28		187.346,74		187.346,74	199.933,99	11.987,28	0,00	248.584,03			250.551,28	0,00
Laxe	236.417,10	236.417,10	0,00	236.417,10	236.417,10				236.417,10	236.417,10	236.417,10	0,00	0,00			236.417,10	0,00
Laracha (A)	616.381,54	374.338,92	0,00	374.338,92	242.042,62				242.042,62	616.381,54	374.338,92	0,00	374.338,92			616.381,54	0,00
Lousame	346.314,05	191.875,96	0,00	191.875,96	154.438,09				154.438,09	346.314,05	154.438,09	0,00	191.875,96			346.314,05	0,00
Malpica de B.	341.715,15	209.395,31	345,24	209.740,55	132.319,84				132.319,84	341.715,15	132.319,84	0,00	209.395,31	345,24		341.715,15	0,00
Marfón	283.402,54	105.272,55	0,00	105.272,55	178.129,99				178.129,99	283.402,54	178.129,99	0,00	105.272,55			283.402,54	0,00
Mazaricos	582.016,49	291.724,51	0,00	291.724,51	290.291,98				0,00	582.016,49	290.291,98	0,00	291.724,51			582.016,49	0,00
Melle	586.260,93	241.681,79	0,00	241.681,79	0,00		344.579,14		344.579,14	586.260,93	0,00	586.260,93			586.260,93	0,00	0,00
Mestas	389.240,31	255.830,44	0,00	255.830,44	133.409,87				133.409,87	389.240,31	133.409,87	0,00	255.830,44			389.240,31	0,00
Miffo	320.589,55	320.589,55	0,00	320.589,55	0,00				0,00	320.589,55	0,00	320.589,55			320.589,55	0,00	0,00
Moeche	213.359,79	147.132,02	0,00	147.132,02	66.227,77				0,00	66.227,77	66.227,77	0,00	147.132,02			213.359,79	0,00
Monferró	471.059,38	267.612,53	0,00	267.612,53	0,00		203.446,85	12.999,83	216.446,68	471.059,38	0,00	471.059,38	12.999,83			471.059,38	0,00
Mugardos	247.738,32	247.738,32	132.469,57	379.207,89	0,00				0,00	247.738,32	0,00	247.738,32	132.469,57			379.207,89	0,00
Muros	478.826,73	478.826,73	0,00	478.826,73	337.851,72		140.975,01		140.975,01	478.826,73	337.851,72	0,00	140.975,01			478.826,73	0,00
Murgo	422.536,44	259.401,39	0,00	259.401,39	73.135,05				0,00	422.536,44	73.135,05	0,00	345.401,39			422.536,44	0,00
Narón	1.043.549,85	390.036,33	0,00	390.036,33	0,00		442.113,69	211.399,83	211.399,83	603.513,52	0,00	442.113,69	211.399,83			1.043.549,85	0,00
Nesta	239.547,57	146.017,74	2.103,48	148.121,22	93.529,83				93.529,83	239.547,57	93.529,83	0,00	146.017,74	2.103,48		239.547,57	0,00
Negreira	531.357,73	531.357,73	121.346,29	652.704,02	0,00				0,00	531.357,73	0,00	531.357,73	121.346,29			652.704,02	0,00

		1ª fase			2ª fase					Total 1ª e 2ª fase							
CONCELLO	ASIGNADO	INVERSIONES			GASTOS CORRIENTES	REVISIÓN DE PRECIOS	INVERSIONES			GASTOS CORRIENTES	REVISIÓN DE PRECIOS	INVERSIONES			ECONOMÍA		
		DEPUTACIÓN	TOTAL CONCELLO	TOTAL INVERSIONES			DEPUTACIÓN	TOTAL CONCELLO	TOTAL INVERSIONES			TOTAL DEPUTACIÓN	DEPUTACIÓN	TOTAL CONCELLO		TOTAL INVERSIONES	TOTAL DEPUTACIÓN
Nola	459.951,26	213.940,64	1.474,35	215.414,99	246.010,62				246.010,62	246.010,62	0,00	213.940,64	1.474,35	215.414,99	459.951,26	0,00	
Oleiros	960.764,91	886.056,57	0,00	886.056,57	74.708,34				74.708,34	74.708,34	0,00	886.056,57	0,00	886.056,57	960.764,91	0,00	
Ordes	702.873,97	483.726,76	0,00	483.726,76	219.147,21				219.147,21	219.147,21	0,00	483.726,76	0,00	483.726,76	702.873,97	0,00	
Ortigueira*	434.722,30	282.102,10	0,00	282.102,10		152.620,20		152.620,20		152.620,20	0,00	434.722,30	0,00	434.722,30	434.722,30	0,00	
Ourense	724.955,43	292.521,17	0,00	292.521,17	161.395,64		271.038,62		271.038,62	432.434,26	0,00	563.559,79	0,00	563.559,79	724.955,43	0,00	
Outes	439.919,36	292.907,77	0,00	292.907,77	27.577,49		119.434,10	1.403,06	120.837,16	147.011,59	0,00	412.341,87	1.403,06	413.744,93	439.919,36	0,00	
Pademe	244.520,07	228.619,01	0,00	228.619,01	15.901,06				15.901,06		0,00	228.619,01	0,00	228.619,01	244.520,07	0,00	
Padriñ	369.906,75	307.706,91	0,00	307.706,91	13.799,84		48.400,00		48.400,00	62.199,84	0,00	366.106,91	0,00	366.106,91	369.906,75	0,00	
Piño (O)	499.540,48	436.766,04	0,00	436.766,04	62.774,44				62.774,44		0,00	436.766,04	0,00	436.766,04	499.540,48	0,00	
Pobra do Caramiñal (A)	345.516,36	44.250,24	0,00	44.250,24	301.266,12				301.266,12		0,00	44.250,24	0,00	44.250,24	345.516,36	0,00	
Pontececeo	446.364,28	233.892,93	0,00	233.892,93			212.471,35		212.471,35	212.471,35	0,00	446.364,28	0,00	446.364,28	446.364,28	0,00	
Pontevedra	332.533,49				332.533,49						0,00		0,00		332.533,49	0,00	
Pontevedra (A)	874.558,52	134.944,51	0,00	134.944,51		739.614,01	51.781,06		791.395,07	739.614,01	0,00	874.558,52	51.781,06	926.339,58	874.558,52	0,00	
Porto do Son	493.289,87				493.289,87	0,45			493.289,87		0,00				493.289,87	0,00	
Rianxo	437.655,41	275.260,79	0,00	275.260,79	162.394,62		344.308,48	6.980,28	251.288,76	163.984,62	0,00	275.260,79	0,00	275.260,79	437.655,41	0,00	
Ribeira	802.571,13	559.262,65	0,00	559.262,65						244.308,48	0,00	802.571,13	6.980,28	809.551,41	802.571,13	0,00	
Rois	411.262,64	206.777,43	0,00	206.777,43	204.485,21				204.485,21		0,00	206.777,43	0,00	206.777,43	411.262,64	0,00	
Sada	500.057,48	389.023,56	18.312,11	406.335,67	112.033,52				112.033,52		0,00	389.023,56	18.312,11	406.335,67	500.057,48	0,00	
San Sadurniño	353.813,73	255.610,67	0,00	255.610,67	98.203,06				98.203,06		0,00	255.610,67	0,00	255.610,67	353.813,73	0,00	
Santa Comba	758.927,34	476.873,63	0,00	476.873,63	282.053,71				282.053,71		0,00	476.873,63	0,00	476.873,63	758.927,34	0,00	
Santiago de Compostela	750.263,70	267.514,59	0,00	267.514,59		482.749,11	4.871,26		487.620,37	482.749,11	0,00	750.263,70	4.871,26	755.134,96	750.263,70	0,00	
Santiso	336.752,87	272.366,39	0,00	272.366,39	64.386,48				64.386,48		0,00	272.366,39	0,00	272.366,39	336.752,87	0,00	
Sobrado	395.934,86	111.085,70	0,00	111.085,70	235.039,57		49.809,59		49.809,59	284.849,16	0,00	111.085,70	0,00	111.085,70	395.934,86	0,00	
Somedeiros (A)	290.079,80				290.079,80				290.079,80		0,00				290.079,80	0,00	
Teo	679.748,08	309.224,42	0,00	309.224,42	84.659,83				84.659,83	271.523,64	0,00	679.748,08	0,00	679.748,08	679.748,08	0,00	
Troisda	297.943,59	210.535,46	0,00	210.535,46	87.408,13				87.408,13		0,00	210.535,46	0,00	210.535,46	297.943,59	0,00	
Troisda	424.446,60	137.319,07	0,00	137.319,07	287.127,53				287.127,53		0,00	137.319,07	0,00	137.319,07	424.446,60	0,00	
Touro	475.367,82	236.564,66	0,00	236.564,66		238.803,16			238.803,16		0,00	475.367,82	0,00	475.367,82	475.367,82	0,00	
Trazo	381.004,39	186.702,12	0,00	186.702,12	194.302,27				194.302,27		0,00	186.702,12	0,00	186.702,12	381.004,39	0,00	
Vadonfio	411.855,29				393.885,29	18.000,00			0,00	411.855,29	0,00			0,00	411.855,29	0,00	
Vai do Dubra	417.674,38	222.424,11	10.559,88	232.983,99	196.250,27				196.250,27		0,00	417.674,38	10.559,88	428.234,26	417.674,38	0,00	
Vedra	346.367,18	245.367,18	59.473,03	305.840,21	100.000,00				100.000,00		0,00	346.367,18	59.473,03	305.840,21	346.367,18	0,00	
Vilagrande	245.267,51	163.999,26	0,00	163.999,26	81.268,25				81.268,25		0,00	163.999,26	0,00	163.999,26	245.267,51	0,00	
Vilagrande	179.136,89	95.190,86	0,00	95.190,86	24.309,92		59.636,11		59.636,11	83.945,03	0,00	95.190,86	0,00	95.190,86	179.136,89	0,00	
Vimianzo	649.752,19				649.752,19					649.752,19	0,00			0,00	649.752,19	0,00	
Zac	513.478,77	142.619,03	0,00	142.619,03	370.859,74	7.346,72			378.106,46	370.859,74	0,00	513.478,77	7.346,72	520.725,49	513.478,77	0,00	
Camño	261.399,13				261.399,13				261.399,13		0,00			0,00	261.399,13	0,00	
Cos-Cesuras	667.311,88	236.467,26	0,00	236.467,26	420.844,62				420.844,62		0,00	236.467,26	0,00	236.467,26	667.311,88	0,00	
TOTAL	42.000.000,00	21.670.281,64	848.784,01	22.519.065,66	10.866.026,61	829.876,22	8.943.216,28	284.789,87	8.208.006,15	20.429.716,89	10.866.026,61	829.876,22	80.613.486,80	1.213.667,88	81.727.064,68	41.899.986,63	1,47

Total concellos ad 1ª fase	7
Total concellos ad 2ª fase	16
Total concellos 1ª e 2ª f	71
TOTAL CONCELLOS	88

19.- Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"

INTERVENCIÓNS

Sra. Lamas Villar

Bo día a todos e a todas. Un ano máis, con estas bases vén o POS adicional, para gastos extraordinarios, o que xa é coñecido popularmente como o POS social. Este plan que vén anexo ao POS+ ordinario, xorde naqueles difíciles días de pandemia cun fin claro: garantir que os concellos da nosa provincia puidesen facer fronte a eses gastos extraordinarios que estaban a sufrir.

Os concellos, como todos sabemos, son a primeira porta á que un cidadán ou unha cidadá cando ten un problema ten que acudir, e asumen e solucionan problemas tan diversos como unha axuda á escolaridade, un bono para poder ir á compra ou mesmo sufragar un equipo informático para os pais que neses momentos tiñan que dar soporte a un fillo ou unha filla que tiña que seguir as súas clases de maneira telemática.

O compromiso desta casa cos servizos sociais da nosa provincia é de sobra coñecido. O noso obxectivo é, e sempre será, e creo que é un compromiso común de toda esta Corporación, dotar os servizos sociais da nosa provincia dos medios necesarios para poder facer fronte a eses diversos problemas que día a día fan fronte.

Pero as palabras son fermosas e evidentemente todos as podemos compartir, pero hai que referendalas con feitos. Os feitos neste caso foron o compromiso unánime desta Corporación de dotar destes fondos extraordinarios neses momentos tan difíciles.

Este plan que, como dicía anteriormente, iniciouse no ano 2020, financiou xa nestes últimos anos, con 21 millóns de euros a todos e cada un dos concellos da nosa provincia. Son uns fondos que se reparten con criterios xustos e equitativos para que cada un dos traballadores sociais que desenvolve o seu labor na nosa provincia poida facer fronte a todos eses problemas que falabamos anteriormente.

Quizais a calidade dunha Administración debería medirse pola capacidade que ten de adaptarse aos problemas reais. Vivimos naqueles días e seguimos a vivir momentos difíciles, crise sanitaria e económica, problemas enerxéticos; hoxe en día é moi difícil pagar para moitas familias ese recibo da luz, que está entre as cuestións que se poden sufragar co POS social. Os concellos son a primeira barreira de continxencia e por iso é unha garantía desta casa poder axudalos.

Este plan nace ademais coa vontade de dar solución aos múltiples problemas, que xa comentabamos e que enfrontan os servizos sociais municipais; por iso, ten unha natureza moi aberta para que sexa unha ferramenta útil e para que poidan

sufragar múltiples problemas. Nestes anos, como antes comentaba, este plan sufragou –vou ser moi breve, non quero alongarme–, pero gastou:

- 1.700.000 € en axudas de emerxencia só no ano 2021, co que se pagaron axudas ao alugueiro, hipoteca, gastos de luz e gas, equipamento para vivendas, aforro enerxético...

- 500.000 € en axudas a escolarización;

- 200.000 € para atención a persoas por fogar;

- por non falar dos 7 millóns de euros que os concellos da nosa provincia dedicaron a poder sufragar a parte municipal do servizo de Asistencia ao Fogar, que realmente é un gasto que, como xa sabemos, tensiona as economías de todos os concellos da nosa provincia, dado que a parte que ten que sufragar o concello é cada día maior.

Por iso este plan, como comentaba antes, ten unha natureza bastante diversa, para que poida decidirse con cada concello, coa súa autonomía, a que o dedica.

Non quero terminar sen agradecer aos traballadores da área de Servizos Sociais o seu traballo día a día, de apoio e compromiso para sacar adiante este plan e o seu traballo diario para ser un apoio cada día máis forte para os concellos da nosa provincia.

Moitísimas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023", cuxo texto figura no Anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas Bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0430/4592/46201, 0430/4592/76201, 0430/9430/82120, 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201, tanto no orzamento inicial do exercicio 2023 como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe para o financiamento do POS+ 2023."

**BASES REGULADORAS
PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)**

“ POS+ 2023 ”

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2023 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda:

- Cunha **“achega provincial 2023”** por importe de 24.000.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2023, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2023 vaise consignar a cantidade de 24.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2023 ao Plan.

- Cunha **“achega provincial 2022”** por un importe total de 15.500.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2022 na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 6/2022. Desta cantidade, 4.074.238,31 € correspóndese coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos da parte do POS+2019 e POS+2020 non reinvestidas no POS+2022, e coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos do POS+2021, polo que se lle asignan aos concellos nos que se produciron; e a cantidade restante de 11.425.761,69 € asígnase no POS+ 2023 a todos os concellos da provincia aplicando os criterios obxectivos de reparto do Plan.

- Cunha achega provincial denominada **“préstamo provincial 2023”** por importe de 500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2023 na partida 0430/9430/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2025, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

- Cunha **“achega provincial 2023 extraordinaria”** por importe de 7.000.000,00 €, para o financiamento do “POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.

En principio, pártese de que nas partidas 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2023 vaise consignar a cantidade de 7.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2023 extraordinaria ao Plan.

Con isto, o importe total das achegas e do préstamo provinciais destinados ao financiamento do **POS+2023** e do **POS+Adicional 1/2023** ascende a 47.000.000,00 €, como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación	Asignación aos 93 concellos	Reinvestimento baixas / anulacións
POS+2023	Achega provincial 2023	24.000.000,00	24.000.000,00	
	Achega provincial 2022	15.500.000,00	11.425.761,69	4.074.238,31
	Préstamo provincial 2023	500.000,00	500.000,00	
	Subtotal POS+2023	40.000.000,00	35.925.761,69	4.074.238,31
POS+ AD 1/2023	Achega extraordinaria 2023 (social)	7.000.000,00	7.000.000,00	
TOTAL		47.000.000,00	42.925.761,69	4.074.238,31

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2023, o POS+ 2023 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobarse pola deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

Por iso, a aprobación destas Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2023, como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprobe ao longo dos anos 2023, 2024 ou 2025 para o financiamento do POS+ 2023. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos as deputacións aprobarán anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

FINALIDADE

O POS+ 2023 continua na liña dos POS+ 2017, 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022, que introduciron importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadar as seguintes finalidades:

- **Reducir o número de Plans** destinados a colaborar cos concellos, integrando no POS+ 2023, xunto co tradicional POS, tanto outros Plans especiais financiados con cargo ao superávit, como o Plan destinado a concederlles préstamos aos concellos para a redución da súa débeda con entidades financeiras ou realizar investimentos financeiramente sostibles, que anteriormente daban lugar a novos Plans.

- **Racionalizar e obxectivar** a colaboración desta deputación cos concellos da provincia na realización de investimentos que antes estaba dispersa en distintas liñas de subvencións, de xeito que, por unha banda, suprimense algunhas destas liñas e os seus créditos pasan a sumarse á achega provincial a este Plan, que deste modo se ve incrementada, o que ademais **simplifica as tarefas administrativas dos concellos** na realización de trámites; e por outra banda, realízase unha distribución de fondos entre todos os concellos aplicando os criterios obxectivos e transparentes que tradicionalmente se veñen empregando no POS.

As liñas de subvencións desta deputación cuxas dotacións orzamentarias se sumaron ao POS+ desde o exercicio 2017 son as que deseguido se indican:

FO201	Cultura actividades
FO202	Cultura Investimentos
FO101	Deportes actividades
FO102	Deportes Investimentos
FOAYAA	Promoción económica actividades
FOAYIA	Promoción económica investimentos
DP007	Turismo actividades
DP0006	Turismo investimentos
FOAXCA	Desenvolvemento Servizos Sociais
FOI00B	Políticas de igualdade
FO036A	Envellecemento activo

É importante salientar que o importe das achegas provinciais destinadas desde o 2017 a estas liñas de subvencións sumouse á dotación do POS+ 2017, 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022, e tamén se suma á do POS+2023, incrementándose os créditos inicialmente destinados ao POS+ cos que ata entón se destinaban a financiar estas liñas de subvencións suprimidas.

Polo tanto, os concellos poderán financiar con cargo aos seus propios recursos as actividades e investimentos anteriormente incluídos nas ditas convocatorias de subvencións, por quedar liberados créditos municipais despois de recibir unha maior achega provincial a través do POS+, de modo que este novo sistema non implica unha maior achega do concello.

En consecuencia, para que estas actividades e investimentos continúen realizándose, os concellos deberán consignar nos seus orzamentos a cantidade que anteriormente financiaba a deputación con subvencións finalistas.

- **Facer un Plan dinámico**, que poida ver incrementada a súa dotación orzamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos da achega provincial se os houbera.

- **Dar resposta á situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade** mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a **planificación da actividade** do concello.

- **Contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos coas entidades financeiras**, mediante a concesión de préstamos sen xuros e cun prazo de carencia de 2 anos.

OBXECTO

Neste POS+ 2023, o mesmo que no POS+2022, elimínase das Bases o obxecto denominado "Pago a provedores" contemplado nas Bases do POS+2017 a 2021, que obrigaba aos concellos a destinar en primeiro lugar a cantidade asignada neste Plan ao pago das súas débedas con provedores.

Polo tanto, para acadar as finalidades deste POS+ 2023, os concellos poderán solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignado aos seguintes obxectos:

- GASTO CORRENTE

O concello poderá destinar a "achega provincial 2023", ou excepcionalmente a "achega provincial 2022" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.1, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o exercicio 2023 polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios, segundo se detalla nas Bases 2.1 e 5.B.1, sen límite ningún.

- REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS

O concello poderá destinar a "achega provincial 2023" e a "achega provincial 2022" ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS

Por outra parte, no que se refire ao “préstamo provincial 2023”, o concello unicamente poderá aplicalo a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras non procedentes dos mecanismos de financiamento de pago a provedores de carácter estatal.

- GASTOS SOCIAIS

O concello poderá destinar a “achega provincial 2023 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do “POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023”.

En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega e préstamo provincial destinados ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan, tendo en conta que se elimina o obxecto “pago a provedores” e que o “préstamo provincial 2023” destinarase só á redución do endebedamento do concello con entidades financeiras non procedentes dos mecanismos de financiamento de pago a provedores de carácter estatal.

POS + 2023 E POS + ADICIONAL 1/2023 TÁBOA COS TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL E POSIBLES OBXECTOS PARA CADA TIPO			
P O S + 2 0 2 3			POS+AD1/2023
ACHEGA PROVINCIAL 2023 (24.000.000,00 €)	ACHEGA PROVINCIAL 2022 (15.500.000,00 €)	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 (500.000,00 €)	ACHEGA 2023 EXTRAORDINARIA (7.000.000,00 €)
Gastos correntes devengados no 2023	Gastos correntes devengados no 2023 (Excepción da Base 2.1 final)		
Obras ou subministracións	Obras ou subministracións financeiramente sostibles		
		Redución débeda con entidades financeiras	
			Gastos sociais exercicio 2023

A continuación describense os posibles obxectos do POS+2023. Respecto do POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios, na Base 12 contense a súa regulación específica.

2.1 Financiamento de gastos correntes (achega provincial 2023 e excepcionalmente achega provincial 2022)

No suposto de que o concello opte por destinar en todo ou en parte a “achega provincial 2023” ao financiamento dos seus gastos correntes, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar unha previsión dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente, que se prevé que se devenguen durante o exercicio 2023.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliar de lixo, alumeadado público, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos obrigatorios en cada concello, sempre que se devenguen no exercicio 2023. Os custos de persoal poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais, ou cando estean destinados parcialmente, na parte proporcional que corresponda.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- achegas municipais a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

Poderá solicitarse o financiamento provincial con cargo ao POS+ 2023 para o financiamento da cantidade efectivamente financiada polo concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Excepcionalmente, os concellos que se atopan nunha situación de "risco financeiro", por ter unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 175% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, poderán destinar ao financiamento dos seus gastos correntes, tanto a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2023, como a que reciben polo concepto achega provincial 2022, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e no artigo 109 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

2.2 Financiamento de obras ou subministracións (achegas provinciais 2022 e 2023)

Neste Plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Se os investimentos teñen por obxecto, en todo ou en parte, actuacións de abastecemento municipal de auga potable, para o caso de que o IVE soportado sexa deducible, este IVE non terá o carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial, debendo determinarse xa no momento da presentación da solicitude de participación no Plan, nos Anexos I, V e X b), o importe concreto de IVE deducible non subvencionable.

En todo caso, deben ser investimentos para os que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, aptos urbanisticamente e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse e o concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que xa as solicitou, xuntando os correspondentes documentos. Neste último caso, esta deputación aprobará estes investimentos condicionados a que o concello xustifique a súa obtención.

Os proxectos e os pregos de prescricións técnicas deberán presentarse para todas as obras e subministracións incluídas neste Plan, tanto do Plan Base como do Plan Complementario ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra é de 30.000,00 € (IVE incluído) e o de cada subministración é de 18.000,00 € (IVE incluído). Non obstante, para o caso de Plans Adicionais, se a achega provincial asignada é inferior a 18.000,00 €, o concello poderá solicitar unha subministración cun orzamento inferior, para axustarse á achega provincial asignada.

Cada obra ou subministración debe ter carácter de completo, no sentido de poder entregarse ao uso público, e ademais identificarse cun único proxecto ou prego de prescricións técnicas, debendo estar asinado por técnico competente.

Cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, de forma que cada investimento aprobado poida corresponderse cun único expediente de contratación e cun só adxudicatario, coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017), relativo á división e adxudicación en lotes. En consecuencia, se o investimento é divisible en lotes deberá solicitarse de forma individualizada en proxectos ou pregos independentes.

Non obstante, o concello poderá solicitar incluír neste Plan un proxecto ou prego susceptible de división en lotes sempre que o órgano de contratación acorde motivadamente non dividir en lotes o obxecto do contrato, xuntando xa coa solicitude de participación neste Plan o acordo ou resolución que así o xustifique validamente, utilizando os motivos que, de acordo co previsto na citada norma, o concello considere aplicables.

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade os investimentos que se integran no Plan, incluíndo sempre un nome propio na denominación.

Para realizar a selección dos investimentos que se incluírán no Plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, (EIEL), xestionada por esta deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local. Recoméndase consultar a “ficha municipal” cos datos do concello que figura na páxina web desta deputación, na que se contén información detallada das súas infraestruturas e datos, en especial a ficha na que figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia. Os datos dese concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e así se motivara na correspondente Memoria do Plan asinada pola alcaldía (Anexo II).

Investimentos financeiramente sostíbles

(Investimentos financiados con “Achega provincial 2022” e investimentos incluídos no “Plan Complementario”).

Para o caso dos investimentos que se soliciten con cargo á “achega provincial 2022” e do “Plan Complementario”, debe terse en conta que deben ser “investimentos financeiramente sostíbles” e cumprir os requisitos fixados na disposición adicional decimosexta da Lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada polo Real decreto-lei 1/2018, do 23 de marzo (BOE nº 73 do 24 de marzo de 2018) coa modificación introducida polo Real decreto-lei 7/2019, do 1 de marzo (BOE nº 55 do 5 de marzo de 2019).

Esta disposición concreta os requisitos obxectivos, subxectivos e formais dos investimentos “financeiramente sostíbles” que poden financiarse con superávit orzamentario, para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

De acordo con tales disposicións, os investimentos financeiramente sostíbles que se soliciten dentro deste Plan con cargo aos tres conceptos antes indicados, deben ter reflexo orzamentario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada disposición adicional decimosexta da Lei de facendas locais, de entre os programas previstos na Orde EHA do 3 de decembro de 2008, modificada pola Orde HAP do 14 de marzo de 2014, co que os programas actualizados son os seguintes:

- 160. Rede de sumidoiros
- 161. Abastecemento domiciliario de auga potable
- 162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos
- 165. Alumeado público
- 172. Protección e mellora do medio natural
- 412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
- 422. Industria
- 425. Enerxía
- 431. Comercio
- 432. Información e promoción turística
- 441. Transporte de viaxeiros
- 442. Infraestruturas do transporte
- 452. Recursos hidráulicos
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada
- 491. Sociedade da información
- 492. Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponderse cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando se incorra nun gasto de investimento no conxunto de grupos destes programas superior a 15 millóns de euros ou ao 40% do gasto non financeiro total da entidade local respectiva, e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento, requirirase autorización previa da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local do Ministerio de Facenda.

132. Seguridade e orde pública
 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento
 135. Protección civil
 136. Servizo de prevención e extinción de incendios
 152. Vivenda
 153. Vías públicas
 171. Parques e xardíns
 231. Asistencia social primaria
 321. Creación de centros docentes de ensino infantil e primario
 323. Funcionamento de centros docentes de ensino infantil, primario e educación especial
 332. Bibliotecas e arquivos
 333. Equipamentos culturais e museos
 336. Protección do patrimonio histórico-artístico
 342. Instalacións deportivas
 453. Estradas
 454. Camiños veciñais
 933. Xestión do patrimonio no que se poderán incluír as aplicadas á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público, incluíndo as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores.

Quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario e enseres, salvo que se destinen á prestación de servizos asociados aos grupos de programas recollidos no apartado anterior. Tamén quedan excluídos os investimentos en vehículos, salvo que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios, e de transporte de viaxeiros.

2.3 Redución da débeda do concello con entidades financeiras (préstamo provincial 2023)

Se o concello solicita préstamo provincial 2023 poderá aplicalo unicamente a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras e deberá presentar a documentación que se detalla na Base 5 xustificativa de que o préstamo que solicita á deputación cumpre cos requisitos establecidos na lexislación vixente para a concertación de operacións de endebedamento, así como que o préstamo a cuxa minoración se aplica non está relacionado con mecanismos de financiamento para o pago a provedores de carácter estatal.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na base 4, así como as que proceden do reinvestimento, nos concellos nos que se produciron, das baixas de licitación e anulación de investimentos do POS+ 2019, 2020 e 2021 que non foran previamente reinvestidas.

4.- FINANCIAMENTO

No financiamento deste Plan participarán esta deputación e, de ser o caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas para completar o financiamento dos seus investimentos.

Para o caso de investimentos que consistan, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, para o caso de que o IVE soportado sexa deducible, este IVE non terá o carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial. O importe do IVE soportado deducible que é aplicable deberá ser informado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello no Anexo X b), baseándose no indicado polo redactor do proxecto/prego ou polo técnico municipal no Anexo V, e indicarse no cadro de financiamento do investimento no Anexo I.

4.1.- Achega provincial

Segundo se indica na Base 1, o Plan finánciase previsiblemente coas seguintes achegas e préstamos provinciais, que poderían incrementarse se esta deputación así o acorda.

- Cunha “**achega provincial 2023**” por importe de 24.000.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2023, posto que nos últimos anos a Administración Xeral do Estado non realizou achegas aos Plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

En principio, pártese de que nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2023 vaise consignar a cantidade de 24.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2023 ao Plan.

- Cunha “**achega provincial 2022**” por un importe total de 15.500.000,00 € que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial na partida 0430/4592/76201, a través do expediente de modificación de créditos (EMC) 6/2022. Desta cantidade, 4.074.238,31 € correspóndese coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos da parte do POS+2019 e POS+2020 non reinvestidas no POS+2022 e coas baixas de licitación ou coas anulacións de investimentos do POS+2021, polo que se lle asignan aos concellos nos que se produciron; e a cantidade restante de 11.425.761,69 € asígnase no POS+ 2023 a todos os concellos da provincia aplicando os criterios obxectivos de reparto do Plan.

- Cunha achega provincial denominada “**préstamo provincial 2023**” por importe de 500.000,00 €, que previsiblemente se vai consignar no orzamento provincial 2023 na partida 0430/9430/82120, coa finalidade de realizar préstamos aos concellos sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2025, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

- Cunha “**achega provincial 2023 extraordinaria**” por importe de 7.000.000,00 €, para o financiamento do “POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023”.

En principio, pártese de que nas partidas 0611/23126/46201 e 0611/23126/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2023 vaise consignar a cantidade de 7.000.000,00 € para o financiamento desta achega provincial 2023 extraordinaria ao Plan.

Con isto, o importe total das achegas e do préstamo provinciais destinados ao financiamento do **POS+2023** e do **POS+Adicional 1/2023** ascende a **47.000.000,00 €** como se indica a continuación:

Plan	Tipo de achega	Consignación	Asignación aos 93 concellos	Reinvestimento baixas / anulacións
POS+2023	Achega provincial 2023	24.000.000,00	24.000.000,00	
	Achega provincial 2022	15.500.000,00	11.425.761,69	4.074.238,31
	Préstamo provincial 2023	500.000,00	500.000,00	
	Subtotal POS+2023	40.000.000,00	35.925.761,69	4.074.238,31
POS+ AD 1/2023	Achega extraordinaria 2023 (social)	7.000.000,00	7.000.000,00	
TOTAL		47.000.000,00	42.925.761,69	4.074.238,31

Dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS+ 2023 concíbese co carácter de “Programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na Base 6.

As cantidades que inicialmente se lle asignan a cada concello no POS+2023 e no POS+Adicional 1/2023 calcúlanse mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS á achega provincial 2023, a unha parte da achega provincial 2022 que non se corresponde con baixas ou anulacións, ao préstamo provincial 2023 e á achega provincial extraordinaria 2023 para gastos sociais. A outra parte da achega 2022 que se corresponde con baixas ou anulacións asígnaselles aos concellos nos que se produciron as ditas baixas de licitación ou anulacións de investimentos do POS+2019, 2020 e 2021 que non foran previamente reinvestidas.

Os criterios de reparto do POS son os seguintes:

- 10% cota fixa
- 5% esforzo fiscal
- 15% número de parroquias
- 35% poboación (só a poboación rural para os concellos de máis de 50.000 habitantes)
- 35% superficie

O cálculo de cada un destes criterios de reparto, así como a fonte e data de referencia que se aplican, son os que deseguido se indican:

-Respecto ao primeiro criterio de reparto (10% de cota fixa), calcúlase distribuindo o 10% do total da achega provincial ao Plan de xeito lineal entre os 93 concellos da provincia, aínda que no caso do concello fusionado de Oza-Cesuras, aplicaráselle dúas cotas fixas, coa finalidade de non causarlle prexuízos pola dita fusión.

-Respecto ao segundo criterio de reparto (5% do esforzo fiscal), este parámetro obtense directamente das liquidacións dos orzamentos aprobadas por cada concello, dividindo o importe dos dereitos liquidados nos capítulos I (impostos directos) e II (impostos indirectos) do orzamento de ingresos entre a poboación do dito concello, tomando como referencia os datos orzamentarios de 2021 publicados na páxina web do Ministerio de Facenda. Para o caso dos concellos que non teñen os datos correspondentes ao exercicio 2021 empréganse os últimos datos publicados. Para o cálculo da poboación tómanse como referencia as cifras oficiais de poboación do Padrón municipal de habitantes correspondentes ao 1 de xaneiro de 2021 aprobadas polo Real Decreto 1065/2021, do 30 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2021 (BOE núm. 306, do 23 de decembro de 2021) e publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

- No tocante ao terceiro criterio de reparto (15% número de parroquias), calcúlase aplicando os datos do Nomenclátor estatístico de Galicia correspondentes a 1 de xaneiro de 2020 publicados polo IGE.

- Respecto do cuarto criterio (35% poboación), excepto para os concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, calcúlase aplicando as cifras oficiais de poboación do Padrón municipal de habitantes correspondentes ao 1 de xaneiro de 2021 aprobadas polo Real Decreto 1065/2021, do 30 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2021 (BOE núm. 306, do 23 de decembro de 2021) e publicadas polo IGE.

Para calcular a poboación rural dos concellos de máis de 50.000 habitantes, tómanse como referencia os datos suministrados para estes efectos polo Servizo de Estudos do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que empregou dúas fontes de información: Padrón municipal de habitantes do Instituto Nacional de Estadística (INE) a 1 de xaneiro de 2019 (número de empadronados) e a clasificación GU 2016 do IGE (grao, e subgrao de urbanización das parroquias).

- Respecto do quinto criterio (35% superficie), utilízanse os datos publicados a 1 de xaneiro de 2020 polo IGE.

A cada concello comunicáraselle a cantidade que se lle asigna por cada un dos tipos de achega provincial ao POS+ 2023, ("achega provincial 2023", "achega provincial 2022", e "préstamo provincial 2023"), e ao POS+Adicional 1/2023 ("achega provincial 2023 extraordinaria" para gastos sociais) e o concello poderá destinala aos distintos obxectos do Plan respectando para cada tipo de achega provincial as indicacións contidas na Base 2, especialmente na táboa denominada "POS+ 2023 e POS+Adicional 1/2023: táboa cos tipos de achega provincial e posibles obxectos para cada tipo".

NOTA ESPECÍFICA SOBRE A SOLICITUDE DE PRÉSTAMO PROVINCIAL PARA A REDUCCIÓN DE ENDEBEDAMENTO DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS

Nos casos nos que o concello solicite préstamo provincial para a redución da súa débeda con entidades financeiras, debe acreditarse o cumprimento da lexislación sobre préstamos, en especial o cumprimento do disposto no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLRFL), e na disposición adicional 14ª do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Para estes efectos deberá presentar un informe emitido pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo que figura no Anexo XI, relativo aos seguintes extremos:

- O concello adoptou o acordo de solicitude de préstamo segundo as normas de aplicación
- O concello ten aforro neto positivo no exercicio inmediato anterior
- O nivel de endebedamento do concello non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, ou, excedendo deste límite pero non superando o límite previsto no artigo 53 do TRLRFL (110%), conta coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O préstamo a cuxa minoración se destina o préstamo solicitado a esta deputación, de acordo coas Bases reguladoras do Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal POS+ 2023, non foi concertado ao abeiro dos mecanismos estatais de financiamento de pago a provedores

En consecuencia, os concellos que presenten aforro neto negativo ou un volume de endebedamento vivo superior ao recollido no artigo 53 do TRLRFL, non poderán concertar operacións de crédito a longo prazo; e se o endebedamento excede do 75% pero non supera o 110%, deberá contar coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Todo iso sen prexuízo da obriga dos concellos de remitirle ao Ministerio de Facenda, a través da Central de Información de Riscos, a información á que se refire o artigo 55 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

4.2.- Achega municipal

A achega do concello é voluntaria. Para cada investimento deberá indicarse a parte que se financia con cargo á deputación e, de ser o caso, a parte que voluntariamente achega o concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación no investimento, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala, e despois minorará a achega da deputación.

4.3.- Plan Complementario

A deputación aprobará o Plan Base da anualidade 2023 xunto cun Plan Complementario que se xestionará como se indica nesta Base.

O Plan Complementario ten natureza de reserva e a súa finalidade é poder investir en cada concello os créditos procedentes dunha maior achega provincial a este Plan no caso de que a deputación así o acorde ao longo do exercicio 2023.

Para estes efectos realizarase unha distribución desta maior achega provincial entre todos os concellos, aplicando os mesmos criterios obxectivos previstos na Base 4.1.

Con cargo a esta nova cantidade asignada, os concellos poderán financiar, ou ben os investimentos financeiramente sostibles solicitados inicialmente no Plan Complementario ou outros novos, ou ben, excepcionalmente, máis gasto corrente do ano 2023 (distinto do financiado con cargo ao Plan Base se así se solicitou), toda vez que para o ano 2023 mantense a suspensión das regras fiscais debido á persistencia de circunstancias excepcionais. Todo isto realizarase segundo as instrucións que esta deputación lles enviará aos concellos no seu momento.

Se os investimentos teñen por obxecto, en todo ou en parte, actuacións de abastecemento municipal de auga potable, para o caso de que o IVE soportado sexa deducible, este IVE non terá o carácter de gasto subvencionable, polo que non consumirá achega provincial, debendo determinarse xa no momento da presentación da solicitude de participación no Plan, nos Anexos I, V e X b), o importe concreto de IVE deducible non subvencionable, baseándose no indicado polo redactor do proxecto/prego ou polo técnico municipal no Anexo V, e tamén deberá indicarse no cadro de financiamento do investimento no apartado 2 do Anexo I relativo ao Plan Complementario.

Por iso, no POS+ 2023 é obrigatorio para os concellos solicitar “investimentos financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario por un importe mínimo do 25% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada a cada un deles neste Plan, aínda que se aconsella que sexa maior.

Só poderán incluírse neste Plan complementario “investimentos financeiramente sostibles”, segundo se definen no apartado correspondente da Base 2.2.

En síntese, esta deputación aprobará, xunto co Plan Base, o Plan Complementario, integrado por investimentos financeiramente sostibles que terán carácter supletorio e cuxa aprobación definitiva quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente procedente dos incrementos da achega provincial que, de ser o caso, se aproben posteriormente.

No momento de iniciar a elaboración do Plan Adicional no marco do Plan Complementario, a deputación dirixirase aos concellos comunicándolles a cantidade de que poden dispoñer e solicitándolles que presenten os documentos necesarios para a elaboración do Plan Adicional, que poderán destinar ao financiamento de máis gasto corrente do exercicio 2023 ou a investimentos financeiramente sostibles dos previstos no Plan Complementario ou a outros novos.

Se o concello inclúe varios investimentos no Plan Complementario, poderá decidir no seu momento aqueles aos que vai aplicar a nova cantidade asignada, con independencia da súa orde de relación no dito Plan. Para o caso de que os investimentos do Plan Complementario foran insuficientes para investir toda a nova cantidade asignada, ou que o concello renuncie á execución dalgún deles, poderá solicitar outros novos investimentos financeiramente sostibles.

5.- FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña: www.dacoruna.gal. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao Rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o **luns 12 de decembro de 2022 e rematará ás 15.00 horas do martes 14 de febreiro de 2023.**

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello, mentres que as dos proxectos das obras ou pregos das subministracións realizarase polo Pleno ou por outro órgano competente do concello, de acordo co seu carácter substancial ou non.

O concello deberá presentar, por unha banda, a documentación xeral da súa solicitude, e por outra, a documentación específica que corresponda aos distintos obxectos incluídos na súa petición, segundo se detalla a continuación, debendo empregar necesariamente os modelos que figuran como Anexos a estas Bases, de acordo coas instrucións desta deputación, tendo en conta que dado que nestas Bases se elimina o obxecto "Pago a provedores", tamén se eliminan os Anexos III e XIII destinados á solicitude deste obxecto, para que os restantes Anexos relativos ao Plan manteñan a súa mesma numeración dos POS+ anteriores, co fin de evitar confusións e facilitar a xestión.

5.A.- DOCUMENTACIÓN XERAL

O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do acordo e por unha memoria xustificativa da súa solicitude:

- Certificación do acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas Bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas Bases e solicitarlle á deputación a aplicación do importe dos distintos tipos de achegas que se lle asignaron dentro deste Plan para a realización dos posibles obxectos previstos na Base 2, detallando a achega provincial aplicada a cada un deles e, de existir achega municipal, o seu financiamento desagregado, así como a cantidade de IVE soportado cando sexa deducible nos investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable, e o demais contido previsto no Anexo I.

Non obstante, os municipios de gran poboación, formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás actuacións solicitadas no Plan se voluntariamente existe achega do concello.

- Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (ANEXO II)

A Memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- Descrición dos obxectivos que se pretende alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente, os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local.
- Criterios de selección dos distintos obxectos do Plan.
- Análise das actuacións practicadas ou previstas sobre xestión de residuos urbanos.
- Financiamento. Tamén se analizará e xustificará o plan financeiro previsto, no que se deberá reflectir, se algún investimento consiste, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, o importe de IVE soportado cando sexa deducible, que non terá carácter de gasto subvencionable e polo tanto non consumirá achega provincial.
- Se é necesario, outras cuestións de interese que complementen a información anterior.

5.B.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA SEGUNDO OS DISTINTOS OBXECTOS

5.B.1.- Gasto corrente (ANEXO IV)

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos correntes 2023

No suposto de que o concello opte por destinar, en todo ou en parte, a "achega provincial 2023", ou excepcionalmente a "achega provincial 2022" no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.1,

ao financiamento dos gastos correntes do concello, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como Anexo IV a estas Bases, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2023 dos gastos correntes que se devenguen nesta anualidade e que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente, referidos aos conceptos de gasto que se detallan na Base 2.1.

No dito Anexo IV deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe das taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados asociados á prestación do correspondente servizo, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir no Anexo unicamente os datos dos servizos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo ao Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, non sendo preciso cubrir os datos de todos os servizos que figuran no Anexo.

No suposto excepcional previsto no último parágrafo da Base 2.1, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello deberá engadir ao final do modelo Anexo IV que o concello está en situación de "risco financeiro", por ter unha débeda viva con entidades financeiras superior ao 175% dos seus ingresos correntes segundo os datos da última liquidación aprobada, o que xustifica que o concello solicite destinar ao financiamento dos seus gastos correntes, tanto a cantidade que reciben en concepto de achega provincial 2023, como a que reciben polo concepto achega provincial 2022, coa finalidade de compatibilizar o cumprimento das súas obrigas ineludibles coa prestación dos servizos municipais básicos, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985 de bases de réxime local e no artigo 109 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

5.B.2.- Obras e subministracións

5.B.2.1.- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, tanto dos investimentos do Plan Base como do Plan Complementario, co contido establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE nº 272 do 9 de novembro de 2017).

Para o caso de que un investimento conteña prestacións correspondentes en parte a obra e en parte a subministración, atenderase ao carácter da prestación principal, de acordo co disposto no artigo 18 da citada norma.

Obras

No caso das obras, os **proxectos técnicos** deberán presentarse nun só documento e comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 233 da Lei 9/2017, que en síntese son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orden que deban terse en conta. Non se admiten obras cuxo único obxecto sexa a demolición. No caso de incluír varias obras deberán ter carácter homoxéneo.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, de ser o caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que lle correspondan ao contratista, e a maneira na que se realizará a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orçamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, de ser o caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. Non se admiten obras con financiamento plurianual.

Todas as cantidades deberán expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc, nin honorarios de profesionais dentro do orzamento do proxecto.

Tampouco poderá incluírse o custo do cartel da obra, por ser a cargo do adxudicatario, o custo do control de calidade externo por ser de conta da Administración promotora do investimento nin o control de calidade interno por constituír un gasto imputable ao adxudicatario. Polo tanto, o control de calidade (interno e externo) non pode figurar como partida independente no orzamento do proxecto.

Todos os equipamentos que se integren no orzamento do proxecto deberán contar coa acreditación “Etiqueta CE”.

No caso de incluír “partidas alzadas”, o seu importe total non poderá superar o 5% do orzamento de execución material do proxecto. Consideraranse partidas alzadas as correspondentes á xestión de residuos e á seguridade e saúde a menos que teñan prezos descompostos.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, de ser o caso, do tempo e custo.

f) O estudo de seguridade e saúde ou, de ser o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados, e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE núm. 38 do 13 de febreiro de 2008).

h) O estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, salvo que resulte incompatible coa súa natureza.

i) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o replanteo da obra.

j) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

É importante salientar que non se poden facer referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso nos relativos a cálculos técnicos ou outras referencias de calquera tipo (lumínicos, hidráulicos, etc). Unicamente se permitirá, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126.6 da citada Lei 9/2017 e neste caso deberá engadirse a mención «ou equivalente».

Así mesmo para facilitar a supervisión técnica dos proxectos, especialmente os relativos á edificación, recoméndase polo servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación que os proxectos presentados se adapten á estrutura seguinte:

1. Memoria (para os proxectos de edificación co contido e estrutura do Anexo I do CTE)

1.1. Memoria descritiva

1.2. Memoria construtiva

1.3. Xustificación do cumprimento do CTE (só para edificación)

2. Anexos á memoria

- 2.1. Anexo administrativo
 - Prazo de execución
 - Declaración de obra completa
 - Proposta de clasificación (ou xustificación de innecesariedade)
 - Proposta de fórmula de revisión prezos (ou xustificación de innecesariedade)
 - Dispoñibilidade dos terreos
- 2.2. Programa de desenvolvemento do traballo con previsión de tempo e custo
- 2.3. Estudo xeotécnico (ou xustificación de innecesariedade)
- 2.4. Estudo de seguranza e saúde ou, de ser o caso, estudo básico
- 2.5. Estudo de xestión de refugallo
- 2.6. Xustificación da normativa de aplicación
- 2.7. Cálculos preceptivos: instalacións, eficiencia enerxética, estruturas,...
- 2.8. Plan de control de calidade
- 2.9. Expropiacións
- 2.10. Servizos afectados

3. Planos

- 3.1. Plano de situación
- 3.2. Plano de emprazamento
- 3.3. Plano de urbanización
- 3.4. Planos do edificio existente antes da intervención, no seu caso
- 3.5. Plantas xerais, incluída a de cubertas
- 3.6. Alzados e cortes
- 3.7. Planos de estrutura
- 3.8. Planos de instalacións
- 3.9. Planos de definición construtiva
- 3.10. Memorias gráficas

4. Prego de prescricións técnicas particulares

5. Orzamento

- 5.1. Prezos unitario
- 5.2. Prezos auxiliares
- 5.3. Prezos descompostos
- 5.4. Medicións e orzamento
- 5.5. Resumo do orzamento (O control de calidade non pode figurar como partida do orzamento)

No caso de engadir un documento non previsto sería recomendable facelo ao final do apartado correspondente (por exemplo con núm. 1.4 no caso de querer incorporalo na memoria ou co núm. 6 se debe formar parte da estrutura xeral do proxecto)

Subministracións

No caso de subministracións, os **pregos de prescricións técnicas** deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

- a) Memoria descriptiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada. No caso de incluír varias subministracións, estas deberán ter carácter homoxéneo.
- b) Un orzamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, segundo se indica no último parágrafo relativo aos investimentos, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o imposto sobre o valor engadido (IVE).

Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc, nin honorarios de profesionais dentro do orzamento do prego. Non obstante, poderán incluírse os gastos da Inspección técnica de vehículos (ITV) ou cursos de formación do manexo da subministración.

Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación "Etiqueta CE".

A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestacións, dimensións, características técnicas, etc. para evitar limitar a competencia.

No caso de ser necesario o transporte da subministración ao lugar de destino, no orzamento deberá indicarse que o prezo inclúe o prezo do transporte.

A subministración deberá comprender, de ser o caso, a instalación dos obxectos da subministración, non admitíndose a mera entrega nun almacén. Non obstante, admitirase a colocación das subministracións polo persoal municipal, pero nestes casos deberá indicarse expresamente no prego, e a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego e entregados ao uso público.

c) Lugar e prazo de entrega

d) Prazo de garantía

e) Documentos gráficos se son necesarios para a correcta definición da subministración. Nos casos de subministración e instalación de mobiliario urbano, xogos, luminarias, marquesiñas, colectores de lixo, sinais de tráfico ou turísticas e similares, será obrigatorio sinalar para cada elemento o lugar exacto da súa instalación no plano.

5.B.2.2.- Informe técnico (ANEXO V)

Informe técnico individual para cada investimento, segundo o modelo Anexo V, co seguinte contido:

- Autorizacións:

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes. Neste último suposto, estes investimentos aprobaranse condicionados a que o concello xustifique a súa obtención. Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, de ser o caso, na dita autorización.

No caso de que algún investimento precise autorización desta deputación por afectar a unha estrada provincial, deberá presentar a súa solicitude de autorización a través da Convocatoria específica da plataforma SUBTEL, xuntando a documentación requirida e de acordo co procedemento aprobado por esta deputación e publicado no BOP nº 40 do 26 de febreiro de 2019.

- Supervisión

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado pola conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se lle solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 3, apartado 6, da citada norma.

- Fases, partes ou tramos (obra completa)

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste Anexo V deberá xustificarse que, de acordo co previsto no artigo 13.3 da citada Lei 9/2017, trátase dunha "obra completa", no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

- Lotes

De acordo co previsto na Base 2.2, no informe debe indicarse expresamente que a obra ou subministración "non pode dividirse en lotes" que teñan o carácter de "investimento completo" no sentido de ser susceptible de entrega ao uso público, posto que cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, coa finalidade de dar cumprimento ao artigo 99.3 da Lei 9/2017, relativo á división e adxudicación en lotes.

Non obstante, no caso de que o concello solicite incluír neste Plan un proxecto de obra ou prego dunha subministración susceptible de división en lotes, e o órgano de contratación acorde motivadamente non dividilo en lotes, este informe deberá pronunciarse sobre se a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, ou ben se provocaría problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións.

- Estudo xeotécnico

Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza.

- Aptitude urbanística

Deberá indicarse se os terreos afectados polo investimento son aptos urbanisticamente para a súa execución.

- Competencia do redactor do proxecto ou prego

Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilitante para a redacción do proxecto ou prego que asina.

- Investimentos de abastecemento municipal de auga potable

Para o caso de investimentos consistentes, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, de acordo co disposto na Base 2.2 das reguladoras do Plan, o redactor do proxecto/prego ou o técnico do concello, deberá indicar o presuposto de execución material (PEM), e de ser obras, dos gastos xerais e beneficio industrial correspondentes, así como do IVE soportado deducible, referidos soamente ás partidas de abastecemento de auga potable, para os efectos de que a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello poida informar no Anexo X b) o importe do IVE soportado deducible que é aplicable.

5.B.2.3.-Informe técnico-xurídico sobre dispoñibilidade dos terreos (ANEXO VI)

O concello deberá acreditar, mediante o informe que figura como modelo Anexo VI, que conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos, mediante a emisión dun informe conxunto no que o persoal técnico detalle os terreos necesarios para a execución do investimento e a Secretaría do concello informe se o concello conta coa dispoñibilidade deses terreos. Cada asinante unicamente subscribirá as súas declaracións.

5.B.2.4.- Resolución ou acordo do órgano de contratación dispoñendo motivadamente a non división en lotes do investimento (ANEXO IX)

No suposto de que o investimento sexa susceptible de división en lotes, pero o concello opte por non dividilo e incluílo no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan a resolución ou acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes, de acordo previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017.

5.B.2.5.- Informe da Secretaría sobre investimentos relativos ao ciclo da auga ANEXO X a); e informe da Intervención sobre investimentos relativos ao abastecemento municipal de auga potable ANEXO X b)

Anexo X a): No caso de investimentos asociados ao ciclo da auga, principalmente abastecementos ou saneamentos, deberá achegarse un informe da secretaría do concello no que se xustifique que a execución da obra non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.

Anexo X b): Ademais, de acordo co disposto na Base 2.2, nos proxectos ou pregos que teñan por obxecto, en todo ou en parte, actuacións relativas ao abastecemento municipal de auga potable, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello deberá informar se o IVE soportado é deducible ou non, e no caso de ser deducible deberá indicar, partindo dos datos indicados polo técnico no Anexo V, o importe concreto do IVE soportado que é deducible.

5.B.2.6.- Xustificación de que os investimentos son financeiramente sostibles (ANEXOS VII e VIII)

Para cada investimento financeiramente sostible deberá presentarse tanto unha Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, como un informe da Intervención do concello, segundo se detalla:

- Memoria económica específica da Alcaldía (ANEXO VII)

A Memoria económica específica asinada pola Alcaldía, segundo o modelo Anexo VII, conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores. Ademais, deberá conter a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello (ANEXO VIII)

A Intervención ou Secretaría-Intervención do concello emitirá un informe, segundo o modelo Anexo VI sobre os seguintes extremos:

- Consistencia e soporte das proxeccións da Memoria económica da Alcaldía
- Análise da consideración de investimento financeiramente sostible, co contido previsto no Anexo VIII, indicando unha única aplicación orzamentaria de imputación de entre as indicadas no apartado correspondente da Base 2.2.
- Se o investimento cumpre ou non os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

5.B.3.- Redución de endebedamento do concello con entidades financeiras non procedentes dos “mecanismos de pago a provedores” de carácter estatal

5.B.3.1.- Informe sobre o cumprimento da lexislación sobre préstamos (ANEXO XI)

No modelo Anexo XI, a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá informar se o acordo de solicitude de préstamo provincial 2023 foi adoptado conforme ás normas de aplicación, e que o concello non necesita autorización preceptiva do órgano competente da Comunidade autónoma de Galicia, ou, de ser necesaria, que se obtivo a dita autorización e que o préstamo a cuxa minoración se destina o préstamo solicitado a esta deputación, non foi concertado ao abeiro dos mecanismos estatais de financiamento de pago a provedores.

5.B.3.2.- Informe con datos da débeda a reducir (ANEXO XII)

A Intervención ou Secretaría–Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, deberá emitir un informe, segundo o modelo Anexo XII, cos datos das débedas con entidades financeiras non procedentes dos “mecanismos de pago a provedores” de carácter estatal ás que se vai aplicar o “préstamo provincial 2023” para a súa amortización anticipada. O informe deberá conter polo menos os seguintes datos: entidade financeira, data do préstamo, código do préstamo, código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo, importe inicial, importe pendente, importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración e outros datos relevantes para a súa identificación.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación dos concellos, o Pleno desta deputación poderá aprobar o Plan partindo das solicitudes presentadas, estruturado segundo os distintos tipos de achegas provinciais e dos posibles obxectos solicitados, e incluírá un Plan Base, coas actuacións aprobadas definitivamente, así como un Plan Complementario con actuacións supletorias, segundo se describe na Base 4.3.

O Plan poderá aprobarse nunha ou en varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da deputación e poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades, aplicándose como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán prioridade as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitirase para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentaren alegacións nin se emitira o informe, poderán proseguirse os trámites.

A aprobación definitiva do Plan Adicional que máis adiante se aprobe para a realización de gasto corrente ou investimentos financeiramente sostibles, financiado cos incrementos da achega provincial que a deputación poida aprobar posteriormente, realizarase mediante Resolución da Presidencia ou acordo plenario, segundo corresponda, coa finalidade de declarar cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o Plan Adicional no que se incluírán as solicitudes dos concellos con indicación do seu financiamento.

Respecto da aprobación do POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023, estarase ao disposto na Base 12.

7.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

7. 1.- Procedementos de adxudicación

Os concellos contratarán os investimentos de acordo coa citada Lei 9/2017 de contratos do sector público mediante procedemento “aberto”, procedemento “aberto simplificado”, ou procedemento “aberto simplificado”, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta deputación. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato. O incumprimento das condicións da delegación da contratación implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 30 da citada Lei 9/ 2017.

O contrato menor só poderá utilizarse para a adxudicación das obras de acordo co previsto no apartado 2 desta Base.

Se no momento da licitación fora outra a lexislación vixente en materia de contratación pública, estarase ao disposto expresamente nela.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no Plan ata o 30 de novembro de 2023. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia, de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen, tendo en conta que o prazo máximo para a execución dos investimentos remata o 30 de novembro de 2026, coa excepción indicada na base 8.

No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2023 ou 2024, esta deputación poderá establecer outras datas para a contratación dos investimentos, que tamén serán prorrogables do mesmo xeito e que para facilitar a xestión orzamentaria e o control das mesmas, respectarán igualmente o prazo máximo de execución que se establece na indicada base 8 coa mesma excepción.

Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, entre outra, a seguinte documentación, segundo se require na súa plataforma de tramitación telemática:

- Listaxe cos datos de adxudicación dos investimentos debidamente cubertos no modelo establecido, debendo indicarse nos investimentos de abastecemento de auga potable nos que sexa deducible o IVE soportado, o importe de IVE deducible que é aplicable a prezo de adxudicación
- Anuncio de adxudicación obtido directamente da Plataforma de Contratos do Estado
- Certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- Relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes e datos avaliables
- Informe xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación e da valoración das ofertas

No caso de que as obras fosen executadas pola propia Administración, debera presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos supostos do artigo 30 da citada Lei 9/2017 é de aplicación ao caso concreto.

As baixas que se produzan na adxudicación dos investimentos destinaranse a minorar a achega municipal se existira ata anular, se fose posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación e poderá reinvestirse no concello mediante a realización de novos investimentos financeiramente sostibles a través do POS+ dun exercicio posterior, xunto con outros remanentes que se puideran producir nos outros obxectos incluídos neste Plan.

No caso de investimentos de abastecemento de auga potable, cando o IVE soportado sexa deducible, a contía do IVE deducible a prezo de adxudicación virá indicada na listaxe de datos de adxudicación que remitirá o concello (informada pola secretaria municipal logo de aplicarlle ao IVE deducible a prezo de contrata a porcentaxe de baixa producida) e o resto da baixa imputarase en primeiro lugar á achega do concello e posteriormente á achega provincial do xeito indicado no apartado anterior.

7. 2.- Utilización do contrato menor na adxudicación das obras

Unicamente poderán adxudicarse utilizando o contrato menor as obras (non as subministracións) incluídas no POS+ 2023, cando o seu valor estimado sexa inferior a 40.000 euros (IVE excluído) o que supón 48.400 € co 21% de IVE incluído, e cun prazo de execución non superior a un ano que non poderá prorrogarse.

A selección do contratista, segundo o orzamento do proxecto das obras, realizarase do seguinte modo:

Valor estimado	Entre 24.794 e 34.000 € (IVE excluído)	Consulta polo menos a 3 empresas / ou Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 30.000 e 41.140 € (21% IVE incluído)	
Valor estimado	Entre 34.000 e 40.000 € (IVE excluído)	Publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación
Orzamento de contrata	Entre 41.140 e 48.400 € (21% IVE incluído)	

Procurarase que ningún provedor poida resultar adxudicatario de contratos menores cun importe acumulado superior aos límites establecidos para o contrato menor. No caso de que se supere este límite, deberán motivarse os contratos menores posteriores á superación do límite.

Os concellos deben presentar nesta deputación a seguinte documentación:

- Proposta para realizar a adxudicación da obra mediante contrato menor, autorizada polo alcalde ou concelleiro delegado, de acordo co previsto no artigo 118 da citada Lei 9/2017, na que figuren, entre outros, os seguintes datos:
 - . Denominación, orzamento e prazo de execución
 - . As tres empresas ás que se vai facer a consulta, ou a indicación de que se vai publicar un anuncio na Plataforma de Contratación
 - . Prazo e forma de presentación de ofertas
 - . Criterios de adxudicación coa súa ponderación, debendo ser sempre un deles o prezo.
- Certificado de existencia de crédito ou documento contable RC
- Resolución de adxudicación na que motivadamente se recollan os datos da empresa adxudicataria e o prezo de adxudicación.

Nos demais aspectos será de aplicación o previsto nas Bases reguladoras do POS+ 2023, especialmente no relativo á presentación xunto coa solicitude do proxecto técnico e os informes requiridos nas Bases, e á xustificación mediante certificacións de execución das obras aprobadas polo concello.

8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade. Igualmente, os concellos poderán solicitar que esta deputación realice, con financiamento provincial, controis de calidade cando o consideren necesario ou conveniente, de acordo co procedemento que para estes efectos se estableza.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá dársele audiencia ao contratista adxudicatario e realizarse os demais trámites legalmente previstos, debendo achegarse o informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello.

Calquera outro incremento que se derive da execución da obra, como liquidacións por excesos de medicións que non requiran un proxecto modificado, deberá tamén ser financiado integramente polo concello e certificarse de forma separada do resto do proxecto, sen que sexa necesaria a súa presentación nesta deputación por corresponderlle ao concello o seu financiamento.

Todos os investimentos deberán estar rematados o 30 de novembro de 2024. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia, de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen, tendo en conta que **o prazo máximo para a execución dos investimentos remata o 30 de novembro de 2026.** Non obstante, este prazo poderá prorrogarse ata o 30 de novembro de 2027 para o caso daqueles investimentos que o 30 de novembro de 2026 estean aínda pendentes de rematar por causas non imputables ao concello, sempre que estivera iniciada a súa execución.

No caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2023 ou 2024, esta deputación poderá establecer outras datas para a execución dos investimentos, que tamén serán prorrogables do mesmo xeito e que para facilitar a xestión orzamentaria e o control das mesmas, respectarán igualmente o prazo máximo de execución que remata o 30 de novembro de 2026 coa mesma excepción indicada no apartado anterior.

Non obstante, **cando se trate de obras adxudicadas mediante contrato menor, o prazo de execución será como máximo dun ano desde a data da súa adxudicación e non poderán ser obxecto de prórroga,** o que se controlará tanto desde o concello como por esta deputación, de conformidade co disposto no artigo 29.8 da citada Lei 9/2017.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pago da achega da deputación realízase segundo se indica a continuación para os distintos obxectos posibles do Plan, debendo utilizar necesariamente os modelos establecidos. En todos os casos, a deputación verificará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa propia deputación.

9.1 Achega provincial destinada ao financiamento de gastos correntes (ANEXOS IV e XIV)

No suposto de que o concello destinase en todo ou en parte a “achega provincial 2023”, ou excepcionalmente a “achega provincial 2022” no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.1, ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o ano 2023, esta deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle ao concello, con carácter prepagable, nun ou dous prazos, a cantidade solicitada para esta finalidade, de acordo coa previsión de gastos emitida pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo Anexo IV.

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos correntes, deberá presentar telematicamente nesta deputación, ata o 31 de marzo de 2024, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos vinculados á prestación do servizo correspondente (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados), coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ 2023, segundo o modelo que figura como Anexo XIV. Excepcionalmente, e á solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar como mínimo o da subvención da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciárase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no citado artigo 70.3 do Real decreto 887/2006.

A Resolución pola que se dispoña o reintegro establecerá que o concello deberá realizar o ingreso ata o derradeiro día hábil do mes seguinte ao da notificación da Resolución. No caso de que o concello non realice o ingreso na data indicada na dita Resolución, esta deputación poderá proceder á compensación do importe pendente de reintegro cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recadatoria que esta deputación realice por delegación do concello.

9. 2 Achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións

O pago ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente, que o concello presente nesta deputación, xunto co resto da documentación que se require na plataforma de tramitación telemática provincial, empregando os modelos establecidos. Procurarase que as certificacións de execución de obras sexan por un orzamento superior aos 6.000,00 €.

Desde o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e o outra do cartel da obra e a súa contorna, sendo este requisito indispensable para que esta deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañarase á primeira certificación de execución das obras.

Xunto coa primeira certificación deberá tamén achegarse a “acta de comprobación do replanteo” e coa derradeira certificación de execución, deberá achegarse a correspondente “acta de recepción”.

Para as subministracións, deberá achegarse a factura co detalle da subministración, segundo figura no prego de prescricións técnicas, aprobada polo órgano municipal competente xunto coa acta de recepción. Para o caso de que a subministración fora instalada polo persoal do concello, a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego e entregados ao uso público.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberá acompañarse unha certificación ou informe relativo á percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

Todos os investimentos deberán estar terminados dentro do prazo concedido para a súa execución de acordo co disposto na base 8.

9. 3 Préstamo provincial destinado ao financiamento de débedas do concello con entidades financeiras

No suposto de que o concello destinase o préstamo provincial ao financiamento de débedas do concello con entidades financeiras, a deputación, despois da aprobación do Plan, transferiralle, con carácter prepagable, directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar co importe do préstamo provincial.

10.- DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

Os concellos deberán devolverlle á deputación en dez anualidades o importe do préstamo provincial que se lles transfira, devolución que se realizará sen xuros e con dous anos de carencia, a partir do ano 2025 ata o 2034, prazo prorrogable mediante Resolución da Presidencia. O importe anual a devolver será a décima parte do importe total transferido, realizándose no último ano o axuste exacto da cantidade a devolver. Non obstante, o concello poderá anticipar a devolución do préstamo pendente, comunicándoo previamente á deputación.

A devolución realizarase mediante o ingreso na conta da deputación que se lles indicará aos concellos, a metade do importe anual ata o 30 xuño e a outra metade ata o 30 de novembro de cada ano.

No caso de que o concello non realice os ingresos que correspondan nos prazos establecidos, esta deputación poderá aplicar aos concellos usuarios do servizo de recadación a compensación coas entregas a conta, e aos demais concellos, con calquera outro pago que a deputación deba realizarlle ao concello.

11.- RÉXIME SANCIONADOR

O incumprimento do disposto nalgunha destas Bases poderá dar lugar ao inicio de oficio dun expediente sancionador, segundo se indica nesta Base e de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

O incumprimento das **condicións da delegación da contratación** dos investimentos nos termos indicados na base 7 implicará a perda da achega da deputación ao investimento correspondente, aínda que a achega provincial poderá reinvestirse a través dun Plan dun exercicio posterior.

No caso de pagos realizados ao concello **con carácter prepagable**, de acordo co disposto na Base 9.1 cando o concello non xustifique correctamente no prazo sinalado a aplicación da achega provincial recibida, poderá iniciarse un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no artigo 70.3 e 91 e seguintes do Real decreto 887/2006, para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

A Resolución pola que se dispoña o reintegro establecerá que o concello deberá realizar o ingreso ata o derradeiro día hábil do mes seguinte ao da notificación da Resolución. No caso de que o concello non realice o ingreso na data indicada na dita Resolución, esta deputación poderá proceder á compensación do importe pendente de reintegro cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recadatoria que esta deputación realice por delegación do concello.

Para o caso de **pagos realizados ao concello previa certificación de execución de obra ou factura da subministración** aprobada polo órgano competente do concello, de non terse rematada e certificada a execución dun investimento o 30 de novembro de 2026, prazo máximo establecido na base 8, e de ser o caso, no prazo excepcional concedido que expira de xeito improrrogable o 30 de novembro de 2027, procederase a anulación do financiamento do investimento e o concello terá que restituir a cantidade percibida pola execución parcial do mesmo, salvo que segundo o director do investimento a parte executada poida ser considerada obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, en cuxo caso a parte non executada terá a consideración de economía.

En canto ao procedemento administrativo a seguir aplicarase supletoriamente o previsto nas citadas leis e regulamentos de subvencións.

12.- POS+ADICIONAL 1/2023 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2023

Esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2023 para **gastos sociais extraordinarios** do exercicio 2023 que se financiará con cargo a unha achega provincial extraordinaria que se consignará no Orzamento provincial 2023, por importe de 5.000.000,00 €, na partida 0611/23126/46201, e de 2.000.000,00 €, na partida 0611/23126/76201, para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais.

As consecuencias socioeconómicas da actual crise distribúense de forma desigual na poboación, producindo un impacto social elevadísimo, aumentando os niveis de pobreza e exclusión social de aqueles colectivos máis vulnerables: persoas soas ou familias, menores, persoas maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adicións, mulleres vítimas de violencia de xénero, e aquelas persoas en risco de exclusión social

que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas.

O POS+1 adicional 2023 para gastos sociais extraordinarios, xurde co fin de apoiar os servizos sociais municipais, e incrementar o gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco para as persoas vulnerables.

A xestión deste POS+ Adicional 1/2023 realizarase a través da Sección de Servizos Sociais do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes desta deputación.

12.1.- OBXECTO

O POS+Adicional 1/2023 destínase ao financiamento dos seguintes **gastos sociais extraordinarios** do exercicio 2023:

a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.

b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adicións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.

c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.

O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.

Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.

d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.

e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.

f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.

g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.

h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Que a súa renda ou a renda conxunta anual da unidade de convivencia a que pertenza sexa inferior ou igual ao 2 X IPREM de 14 pagas.

Cando a súa unidade de convivencia estea formada por máis dunha persoa, o multiplicador de renda respecto ao índice IPREM de 14 pagas se incrementará en:

- 0,5 por cada membro adicional maior de idade que conforme a unidade de convivencia
- 0,75, por cada menor de idade da unidade de convivencia.
 - IPREM MENSUAL: 579,02
 - IPREM ANUAL X 14 PAGAS = 8.106,28 €
- Que a persoa consumidora ou todos os membros que teñen ingresos na unidade de convivencia sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social (xubilación ou incapacidade permanente) e perciban a contía mínima vixente en cada momento, para ditas clases de pensión, e non ter outros ingresos cuxa contía agregada anual supere os 500 euros.
- Que a persoa consumidora ou algún membro da súa unidade de convivencia sexa beneficiario do Ingreso mínimo vital, conforme ao establecido na Lei 29/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.
- Que a persoa consumidora ou algún membro de súa unidade de convivencia sexa beneficiario ou sexa perceptor da RISGA, conforme ao establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.

A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.

12.2.- FINANCIAMENTO

O POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 finánciarase con cargo a unha achega provincial extraordinaria que se vai consignar no Orzamento provincial 2023, por importe de 5.000.000,00 €, na partida 0611/23126/46201, e de 2.000.000,00 €, na partida 0611/23126/76201, para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1.

12.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia.

12.4.- SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta deputación, iniciándose o luns 12 de decembro de 2022 e rematará ás 15.00 horas do martes 14 de febreiro de 2023 .

O concello deberá presentar neste prazo, por unha banda, unha solicitude xeral coa documentación indicada no apartado A desta base, e por outra, a/s solicitude/s específica/s que corresponda (unha para gastos correntes e unha por cada apartado dos investimentos), segundo os distintos obxectos incluídos na solicitude xeral, coa documentación indicada no apartado B desta base, debendo empregar necesariamente os modelos que figuran como Anexos a estas Bases ou na plataforma SUBTEL.

Non se terá en conta a solicitude xeral ("POS+AD1-G.SOC. SOLIC") total ou parcialmente se non ven achegada da súa correspondente/s solicitude/s específica/s (gasto corrente ou gasto de investimento, ou as dúas tipoloxías segundo sexa o caso).

A documentación administrativa será revisada por esta deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada. A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello.

A Deputación cando detecte erros nos datos gravados na plataforma SUBTEL, con respecto a documentación presentada, modificará de oficio os ditos datos.

A) SOLICITUDE XERAL

Esta solicitude é creada pola deputación de oficio na plataforma SUBTEL, tendo os concellos que cumprimentar os datos da solicitude e achegar a seguinte documentación:

-Certificación do acordo de solicitude (ANEXO XV)

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo Anexo XV, polo que se dispoña participar no POS+ Adicional 1/2023, aceptar expresamente as súas Bases reguladoras e solicitarlle á deputación a aplicación da achega provincial extraordinaria asignada para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

-Informe técnico dos Servizos Sociais Comunitarios no que se acredite o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da base 12.1 (ANEXO XVII)

* Valoración técnica de que o gasto solicitado é necesario e vai destinado a situacións de risco para persoas vulnerables o en risco de exclusión social e que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.

* No caso do apartado i) os servizos sociais municipais deberán valorar no citado informe a necesidade dos investimentos para as persoas usuarias dos programas de servizos sociais.

* No caso do apartado j) os servizos sociais municipais deberán valorar no citado informe a necesidade dos investimentos para o uso dos departamentos técnicos de servizos sociais municipais.

B) SOLICITUDES ESPECÍFICAS SEGUNDO O OBXECTO

Os concellos interesados deberán achegar xunto coa solicitude xeral a/s solicitude/s específica/s segundo a previsión dos gastos indicados na solicitude xeral. Para elo, deberán entrar na plataforma telemática da deputación coa súa clave de usuario e contrasinal e premer en "**Nova solicitude**", elixir "POS+AD1-G.SOC. CORRE" ou "POS+AD1-G.SOC. INVES" (ou as dúas),

segundo sexa o caso, cumprimentar os datos e engadir a documentación que a continuación se indica:

B.1) Solicitude gasto corrente

Os concellos deberán facer unha única solicitude específica para todos os apartados de gasto corrente (*a, b, c, d, e, f, g, h*), que conterá a seguinte documentación:

-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios en gasto corrente 2023 (ANEXO XVI)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVI a estas Bases, no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios de carácter corrente que se devengarán durante o ano 2023.

Neste Anexo XVI deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos sociais extraordinarios de carácter corrente aos que desexe aplicar a achega provincial extraordinaria deste Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

-Informe técnico dos Servizos Sociais Comunitarios no que se acredite o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da base 12.1 (ANEXO XVII)

B.2) Solicitude gasto de investimento

Os concellos presentarán como máximo dúas solicitudes específicas de gasto para investimento, unha por cada apartado (*i e j*) e conterán, cada unha delas, da seguinte documentación:

-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da previsión de gastos sociais extraordinarios en equipamento 2023 (ANEXO XVI)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVI a estas Bases, no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios en equipamento que se devengarán durante o ano 2023.

Neste Anexo XVI deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Non se incluírán os gastos xa financiados a través doutras convocatorias de subvencións desta deputación para a mesma finalidade.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos sociais extraordinarios en equipamento aos que desexe aplicar a achega provincial extraordinaria deste Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

- Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención da descrición dos gastos sociais en equipamentos (ANEXO XVIII)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVIII a estas Bases,

no que se conteña a descrición dos equipamentos solicitados, referidos na base 12.1 nos apartados i) e j), así como as unidades a adquirir e os seus importes.

-Informe técnico dos Servizos Sociais Comunitarios no que se acredite o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da base 12.1 (ANEXO XVII)

- Prego de prescricións técnicas ou orzamento desagregado dos equipamentos

Prego da subministración. Obrigatorio, cando a contratación prevista para os investimentos sexa mediante procedemento aberto e terá o contido establecido na Base 5.B.2.1 apartado subministracións.

Orzamento desagregado. Admitirase só cando a contratación prevista para os investimentos sexa mediante aprobación de gasto ou contrato menor. O contido mínimo é o seguinte: definición dos distintos elementos da subministración, os prezos de cada elemento e o número de unidades, e desagregando o importe sobre o valor engadido (IVE).

Gastos excluídos:

Non se incluírán os gastos xa financiados a través doutras convocatorias de subvencións desta deputación para a mesma finalidade.

Non se incluírán os gastos de investimentos para uso xeral que non encaixen nos apartados sinalados.

12.5.- APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+Adicional 1/2023 partindo das solicitudes presentadas polos concellos, para o que realizará os mesmos trámites previstos na Base 6, e, posteriormente transferiralles aos concellos, con carácter prepagable, a achega provincial solicitada para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios de carácter corrente, de acordo coas previsións contidas no informe emitido segundo o modelo Anexo XVI.

Os gastos de investimento aboaranse logo da súa xustificación de acordo co establecido na bases 12.6 , 12.7 e 12.9 do POS+Adicional 1/2023.

Tendo en conta a natureza e as características deste POS+Adicional 1/2023, destinado a gastos sociais extraordinarios, a súa aprobación poderá realizarse antes da aprobación do POS+2023 Base.

12.6.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Procedemento de adxudicación

Os gastos de investimentos dos apartados i) e j) da base 12.1 contrataranse de acordos coa Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Non obstante, os concellos poderán utilizar para estes fins o procedemento de contrato menor, de tal modo que a selección do contratista realizase do seguinte xeito:

Valor estimado	Inferior a 8.000 € IVE excluído	Presentación de factura
Valor estimado	De 8.000 a 14.999,99 € IVE excluído	Consulta polo menos a tres empresas ou publicación dun anuncio na Plataforma de Contratación

En canto ao prazo para adxudicar, os concellos poderán adxudicar os investimentos ata o **30 de novembro de 2023**. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución da Presidencia de oficio ou previa solicitude motivada dos concellos, cando concorran causas que así o xustifiquen.

En canto as baixas que se produzan na adxudicación dos investimentos destinaranse a minorar a achega municipal se existira ata anular, se fose posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial.

12.7. EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao pregos de prescricións ou orzamentos da subministracións presentados coa solicitude. Excepcionalmente, previa solicitude debidamente xustificada, poderase admitir modificacións dentro do mesmo apartado de investimentos (i ou j da base 12.1).

No caso de que a modificación sexa entre os distintos apartados dos gastos de investimentos (i e j), esta tramitarase segundo o disposto na base 8.

Os investimentos deberán estar rematados na data límite de xustificación indicada na base 12.9. Excepcional e motivadamente, poderase solicitar, ata o 28 de febreiro, prórroga para a execución dos investimentos. Os concellos aos que se lle conceda a prórroga poderán executar o investimento ata a data límite de **30 de setembro de 2024**. Este prazo non poderá ser prorrogado.

12.8.- EXECUCIÓN DOS GASTOS CORRENTES

Os gastos correntes poder ser obxecto de reprogramación entre os distintos apartados.

Ditos gastos realizaranse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023 .

12.9.- XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN ACHEGA PROVINCIAL

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos, deberá presentar telematicamente na deputación, ata o **31 de marzo de 2024**, ou excepcionalmente, en virtude da correspondente solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia, ata o 30 de setembro de 2024.

O importe dos pagos xustificandos deberá acadar como mínimo o da achega transferida da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións.

No caso de que o importe dos pagos xustificandos sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciárase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no Real decreto 887/2006.

A Resolución pola que se dispoña o reintegro establecerá que o concello deberá realizar o ingreso ata o derradeiro día hábil do mes seguinte ao da notificación da Resolución.

No caso de que o concello non realice o ingreso na data indicada na dita Resolución, a deputación poderá proceder á compensación do importe pendente de reintegro cos importes vencidos, líquidos e esixibles a favor do concello, e en particular coas entregas a conta derivadas da xestión recaudatoria que a deputación realice por delegación do concello.

Na plataforma SUBTEL deberán descargarse os ANEXOS obrigatorios da documentación xustificativa que a continuación se indica:

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SOLICITUDE DE GASTO CORRENTE (do apartado "a" ao "h")

- Informe xustificativo dos pagos realizados destinados a gasto corrente, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello (ANEXO XIX)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados dos gastos devengados durante o ano 2023 e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ Adicional 1/ 2023, segundo o modelo que figura como Anexo XIX.

- Informe técnico dos Servizos Sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados pola achega provincial destinada a gasto corrente (ANEXO XXI)

Informe no que se avalíen os programas executados e reflicta as incidencias da execución do previsto, programas finalmente realizados, cambios de programa, motivación dos cambios, avaliación, resultados obtidos, poboación e colectivo beneficiario, propostas e calquera outra incidencia que se considere salientar, segundo o modelo que figura como Anexo XXI.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA/S SOLICITUDE/S DE GASTOS DE INVESTIMENTO (APARTADOS "I" E "J")

- Informe xustificativo dos pagos realizados destinados a gasto de investimento, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello (ANEXO XIX)

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados dos gastos de investimentos devengados durante o ano 2023 e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ Adicional 1/ 2023, segundo o modelo que figura como Anexo XIX.

- Informe sobre adxudicación e xustificación dos investimentos (ANEXO XX)

Informe elaborado pola Intervención e a Secretaría do concello, onde se detallen por unha parte os datos relativos á adxudicación e por outro os datos relativos ao detalle dos pagamentos efectuados, segundo modelo que figura como Anexo XX.

- Informe técnico dos Servizos Sociais municipais xustificativo da execución dos programas financiados pola achega provincial destinada a gastos de investimento (ANEXO XXI)

Informe no que se avalíen os programas executados e reflicta as incidencias da execución do previsto, programas finalmente realizados, cambios de programa, motivación dos cambios, avaliación, resultados obtidos, poboación e colectivo beneficiario, propostas e calquera outra incidencia que se considere salientar, segundo o modelo que figura como Anexo XXI.

- Acta de recepción

Só no caso de adxudicacións mediante procedemento aberto.

Acta de recepción do investimento/os asinada polo/a representante da administración, o/a representante da empresa adxudicataria, a Intervención se é o caso, así como as demais persoas que asistan ao acto.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1.- A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas Bases serán resoltas pola Presidencia desta deputación, previos os informes da Secretaría e da Intervención.

2.- Para o non disposto expresamente nas presentes Bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e o sinalado na Ordenanza Xeral de subvencións e transferencias desta deputación, aprobada polo Pleno na sesión realizada ao 1 de febreiro de 2019 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 72 do 15 de abril de 2019.

A N E X O I
CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE
COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2023"

D. / Dña.

secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día / /202 , adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2023					

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D) Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello		Total concello	Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023					
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023					
	Achega 2022					
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023					
	Achega 2022					
	Préstamo 2023					
	TOTAL					

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
TOTAIS			

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en _____, _____ de _____ de dous mil _____.

V. pr.
A Alcaldía

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2023"**

ANEXO II

MEMORIA DO PLAN

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	

De acordo co esixido na Base 5.A das reguladoras do Plan, emítese esta Memoria relativa á súa elaboración:

OBXECTIVOS DO PLAN

(Deberanse describir os obxectivos que se pretende alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

(Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección dos distintos obxectos do Plan)

ANÁLISE DAS ACTUACIONS PRACTICADAS OU PREVISTAS POLO CONCELLO PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS URBANOS DENTRO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA VIXENTE (FINANCIADAS CON CARGO AO POS+ OU POR OUTROS MEDIOS)

(En cumprimento dunha suxestión da Valedora do Pobo)

FINANCIAMENTO

(Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto, no que se deberá ter en conta que se algún investimento consiste, en todo ou en parte, no abastecemento municipal de auga potable, para o caso de que o IVE soportado sexa deducible, terá que concretarse o importe de IVE soportado deducible, que non será subvencionado por esta deputación e polo tanto non consumirá achega provincial ningunha).

OUTRAS CUESTIÓNS (Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

Deputación Provincial da Coruña

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2023"**

ANEXO IV

INFORME SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES PARA O EXERCICIO 2023

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 5.B.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe coa previsión orzamentaria para o exercicio 2023 dos gastos correntes que se devenguen nesta anualidade e que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

(só cubrir os datos dos servizos aos que o concello aplique o financiamento con cargo ao Plan)

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2023 (Que se devenguen durante o exercicio 2023)	(B) ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(A-B) ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliaria de lixo	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2023 (Que se devenguen durante o exercicio 2023)	(B) ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (Taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(A-B) ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado no acordo plenario)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L				

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2023"**

ANEXO V

INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.2.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS

(O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas subindo as correspondentes autorizacións, ou que xa as solicitou, xuntando neste caso as solicitudes presentadas ante os organismos correspondentes.

Cando se acheguen as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun novo informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.)

SUPERVISIÓN TÉCNICA

(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou o seu contido, de acordo co establecido no artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello por persoal técnico independente, remitíndolle unha copia á deputación, ou se solicita a asistencia a esta deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 3.6 da citada norma.)

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

(No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.)

LOTES (marcar o que proceda)

- ☐ Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.
- ☐ Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:
- ☐ Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
 - ☐ Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
 - ☐ Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

(Deberá indicarse expresamente se é necesario realizar o estudo xeotécnico dos terreos sobre os que se vai executar a obra, ou que non é necesario por resultar incompatible coa súa natureza).

APTITUDE URBANÍSTICA

(Deberá indicarse se os terreos afectados polo investimento son aptos urbanisticamente para a súa execución)

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

(Deberá indicarse se o proxectista conta coa titulación profesional habilitante para a redacción do proxecto ou prego que asina)

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

(Encher este apartado só para o caso de investimentos consistentes, en todo ou en parte, en actuacións relativas ao abastecemento de auga potable)

De acordo co disposto na Base 2.2 das reguladoras do Plan, o redactor do proxecto/prego ou o técnico do concello, deberá indicar o presuposto de execución material (PEM), e de ser obras, dos gastos xerais e beneficio industrial que sexan aplicables, así como do IVE deducible, referidos soamente ás partidas de abastecemento de auga potable, para os efectos de que a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello poida informar o importe do IVE soportado deducible que é aplicable, segundo o sinalado no Anexo X b).

ORZAMENTO DE CONTRATA RELATIVO SOAMENTE A					
PARTIDAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE					
(A) PEM (Só Abastecemento)	(B) GASTOS XERAIS (Só Abastecemento)	(C) BENEFICIO INDUSTRIAL (Só Abastecemento)	(D) A+B+C PEM+GG+BI (Só Abastecemento)	(E) IVE DEDUCIBLE (Só Abastecemento)	(F) (D+E) TOTAL (Orzamento contrata só obras de abastecemento)

OUTRAS CUESTIÓNIS

(Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2023”**

ANEXO VI

INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME	
CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.2.3 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico xurídico para o investimento indicado, subscribindo cada un dos asinantes unicamente as súas declaracións:

INFORME TÉCNICO

(O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa.)

INFORME XURÍDICO

(A Secretaría do concello informará acerca de se o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.)

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2023"**

ANEXO VII

**MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA
ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO**

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.2.6 das reguladoras do Plan, emítese esta Memoria económica en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS

- (Previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores)

- Breve descrición do gasto a realizar e da súa natureza

- Vida útil estimada

- Previsión de ingresos

- Previsión de gastos

- Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores

2.- PROYECCIÓN DOS EFECTOS ORZAMENTARIOS E ECONÓMICOS

(Proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)

Opción A) se non ten consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes

“Sen consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros”

Opción B) no suposto de que se considere que vai ter consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes:

“Na seguinte táboa detállanse as previsión dos efectos deste investimento sobre o orzamento de ingresos, sobre o orzamento de gastos e o resultado previsible durante os anos da súa vida útil.”

	2023	2024	2025		Ano final da súa vida útil
Efectos sobre Orzamento de ingresos (+ -)					
Efectos sobre Orzamento de gastos (+ -)					
Resultado previsible (+ -)					

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2023”**

ANEXO VIII

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN
ESPECÍFICO DE CADA INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE SOLICITADO**

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.2.6 das reguladoras do Plan, emítese este informe en relación co investimento financeiramente sostible indicado:

1.- CONSISTENCIA E SOPORTE DAS PROXECCÍONS DA MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA

Breve análise da Memoria específica da Alcaldía sobre este investimento e a súa consistencia e fundamentación, con especial referencia ás conclusións sobre se este investimento permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello, e do período medio de pago a provedores.

2.- ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE

(Análise sobre se o investimento solicitado reúne os requisitos para ser considerado financeiramente sostible, indicando a partida orzamentaria de imputación)

- Competencia municipal
- Indicación sobre se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Indicación da súa imputación orzamentaria: clasificación económica, grupo de programa (un único grupo de programa dos previstos nas Bases) e aplicación orzamentaria
- Indicación de se o investimento supera ou non os 10 millóns de euros e si supón ou non incremento do capítulo 1 e 2 do orzamento de gastos
- Indicación da súa vida útil (non debe ser inferior a cinco anos)
- Previsión sobre o prazo de execución e xustificación
- Indicación de que consta no expediente Memoria económica da Alcaldía sobre a proxección dos efectos orzamentarios e económicos da súa vida útil

Conclusión:

O proxecto arriba indicado, **cumpre / non cumple** os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

ANEXO IX

CERTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023"

D. / Dña.

secretario/a do Concello de _____

De acordo co disposto no na Base 5.B.2.4 das Reguladoras do Plan, **CERTIFICA** :

Que a Alcaldía deste concello / a Xunta de Goberno Local, no día / 202, ditou / adoptou a / o seguinte Resolución / Acordo:

1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto/prego indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación: (indicar as causas técnicas, económicas, xurídicas ou de outra natureza que motiven validamente a súa non división en lotes. No modelo recóllense algúns dos motivos citados no dito artigo a modo de exemplo)

- ☐ A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico
- ☐ O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.
- ☐ (...)

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en _____, _____ de _____ de dous mil _____.

V. pr.
A Alcaldía

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2023”**

ANEXO X a)

**INFORME DA SECRETARÍA DO CONCELLO SOBRE O INVESTIMENTO RELATIVO AO
CICLO DA AUGA**

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na Base 5.B.2.5 das reguladoras do Plan, a Secretaría do concello emite o seguinte informe en relación con este investimento asociado ao ciclo da auga:

Consultado o expediente correspondente, compróbase que a execución deste investimento que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 non se atopa entre as obrigas a realizar pola empresa xestora da auga no concello.

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
"POS+ 2023"**

ANEXO X b)

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU DA SECRETARÍA INTERVENCIÓN DO CONCELLO
SOBRE INVESTIMENTOS RELATIVOS AO
ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA POTABLE**

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	

(Encher este apartado só para o caso dun proxecto ou prego que, en todo ou en parte, teña por obxecto actuacións de abastecemento municipal de auga potable segundo se indique polo técnico no Anexo V)

De acordo co disposto na Base 2.2 das reguladoras do Plan, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, partindo do indicado no informe técnico (Anexo V), informa o seguinte:

☐ O IVE soportado deste investimento **non é deducible**

☐ O IVE soportado deste investimento **é deducible** polo seguinte importe a prezo de contrata:

ORZAMENTO DE CONTRATA RELATIVO SOAMENTE A PARTIDAS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE		
(A)	(B)	(C) (A+B)
Presuposto de execución material + gastos xerais + beneficio industrial (só obras de abastecemento)	IVE soportado deducible (só obras de abastecemento)	Total orzamento contrata (só obras de abastecemento)

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2023”**

ANEXO XI

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO SOBRE
O CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS**

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SOBRE PRÉSTAMOS

De acordo co esixido na Base 5.B.3.1 das reguladoras do Plan, e no marco do previsto no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora de facendas locais (TRLFL), e na disposición adicional 14ª do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, emítese o seguinte informe:

- O concello adoptou o acordo de solicitude de préstamo segundo as normas de aplicación
- O concello ten aforro neto positivo no exercicio inmediato anterior
- O nivel de endebedamento do concello non excede do 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados, ou, e excedendo deste límite pero non superando o límite previsto no artigo 53 do TRLRFL (110%), conta coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia
- O préstamo a cuxa minoración se destina o préstamo solicitado a esta deputación, de acordo coas Bases reguladoras do Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal POS+ 2023, non foi concertado ao abeiro dos mecanismos estatais de financiamento de pago a provedores

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2023”**

ANEXO XII

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO COS
DATOS DAS DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCEIRAS A REDUCIR**

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítase este informe cos datos das débedas con entidades financeiras a reducir:

(Deberá cubrirse unha táboa por cada préstamo, pero debe presentarse un único documento Anexo XII que englobe todas as táboas e subirse na Convocatoria POS+Amortización)

Entidade financeira	
Data do préstamo	
Número ou código do préstamo	
Código IBAN da conta bancaria asociada ao préstamo	
Importe inicial do préstamo	
Importe pendente do préstamo	
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa Minoración	
Este préstamo non está relacionado co mecanismo de pago a provedores	
Outros datos	

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)
“POS+ 2023”**

ANEXO XIV

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO
XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTES DEVENGADOS NO 2023**

CONCELLO	
DATA	
NOME DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

De acordo co esixido na Base 9.1 das reguladoras do Plan, emítese este informe xustificativo dos pagos realizados e os dereitos recoñecidos por ingresos finalistas para a mesma finalidade, dos gastos correntes devengados na anualidade 2023 que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios neste concello segundo a lexislación vixente, referidos aos conceptos que se detallan:

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PAGOS REALIZADOS POR GASTOS CORRENTES DEVENGADOS NO ANO 2023	(B) DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(A-B) GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)
Subministración de auga potable	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Recollida domiciliar de lixo	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

SERVIZO MUNICIPAL OBRIGATORIO	CONCEPTO	(A) PAGOS REALIZADOS POR GASTOS CORRENTES DEVENGADOS NO ANO 2023	(B) DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS VINCULADOS (taxas, prezos públicos ou outros ingresos públicos ou privados, excluída a achega desta deputación)	(A-B) GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado e aprobado no Plan)
Alumeado público	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outro servizo obrigatorio (Especificar o servizo e a normativa)	Persoal directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L				

ANEXO XV - CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO

POS+ ADICIONAL1/ 2023

D. / Dña.

Secretario/a do Concello de

C E R T I F I C A :

Que o pleno deste concello, na sesión realizada o día __/__/202_ adoptou o seguinte acordo:

22.- Aprobación da designación do representante suplente da Deputación Provincial da Coruña na Comisión de Seguimento do Plan de Sustentabilidade en Destino (PSTD) Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal (PSTD) cód.2022.3.81990.3

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Designación de representante suplente da Deputación provincial da Coruña na Comisión de Seguimento do Plan de Sustentabilidade en Destino (PSTD) Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, financiado pola Unión europea-NextGenerationEU.

Os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos xorden a raíz da actual crise do sector provocada pola Covid-19, na que o turismo ten que inverter unha grande cantidade de esforzo económico e laboral en aspectos que agora son básicos como a seguridade, a hixiene, o aseguramento dunha oferta turística capacitada ou a fiabilidade dos servizos turísticos.

Observando estas necesidades, a Subdirección Xeral para o Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística confeccionou o Programa de Plans de Sustentabilidade Turísticas en Destinos partindo da experiencia de anteriores programas e contando coa participación das CC.AA. e da FEMP a través do Grupo de Traballo de Turismo Sustentable da Comisión Sectorial de Turismo. Este programa vai dirixido a incrementar a sustentabilidade e capacidade operativa dos territorios e dos xestores dos mesmos, reforzando a colaboración público privada para responder a caída da demanda e a necesaria adaptación dos destinos turísticos consecuencia da crise sanitaria global.

Este Programa axudará aos destinos turísticos a articular plans de acción que incorporen actuacións en resposta a esta crise, que melloren a sustentabilidade do territorio e que poida recuperar, manter e atraer demanda turística. Dentro das liñas de aplicación destes plans, o Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal presentouse á de destinos rurais ou de interior, dirixida a comarcas ou territorios con un nexo de unión polo recurso ou o produto turístico que compartan (como ocorre neste caso coa candidatura presentada polo territorio a Xeoparque da UNESCO). A consecución dun plan destas características para este proxecto non só é unha inxección económica ao desenvolvemento turístico do territorio, senón que mostra unha vontade de interese polo aproveitamento dos recursos de cara a mellora do traballo xa en marcha e pon en valor diante da UNESCO o compromiso e a concienciación dos concellos que conforman o proxecto sobre a necesidade dun desenvolvemento turístico sustentable.

O 5 de outubro de 2022 firmouse o convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia, para financiar o PSTD Proxecto de Xeoparque Cabo Ortegal cun total asignado de 1.500.000,00 euros.

Para levar a cabo as funcións de vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do convenio créase a Comisión de Seguimento, que se constitúe formalmente o 19 de outubro de 2022 e queda integrada polos seguintes membros:

- Por parte da Axencia Turismo de Galicia: Ana Lestido Reboiras, Directora de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia.
- Suplente: Laura González-Dopeso Portela, Xefa de área de calidade de proxectos europeos.
- Por parte da Deputación da Coruña: Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Deputación da Coruña e Deputado de cooperación, plans provinciais xerais, turismo e patrimonio histórico e cultural (designado por acordo plenario o 23 de xuño de 2022).
- Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón, Xefe de servizo de promoción económica, turismo e emprego da Deputación da Coruña.
- Suplente: María Teresa Loureiro Ventureira, Xefa de sección de promoción e desenvolvemento turístico da Deputación da Coruña.

Tras todo exposto e considerada a necesidade dun representante suplente por parte da Deputación da Coruña na Comisión de Seguimento, procede a aprobación do acordo do Pleno da Deputación:

PROPOSTA:

- Designar ao Deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento, D. José Luis Penas Corral como representante suplente da Deputación da Coruña na Comisión de Seguimento do Plan de Sustentabilidade en Destino Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal."

23.- Aprobación da designación do representante suplente da Deputación Provincial da Coruña na Comisión de Seguimento do Plan de Sustentabilidade en Destino (PSTD) Fragas do Eume (PSTD) cód.2022.3.81990.4

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Designación de representante suplente da Deputación provincial da Coruña na Comisión de Seguimento do Plan de Sustentabilidade en Destino (PSTD) Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, financiado pola Unión europea-NextGenerationEU.

Os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos xorden a raíz da actual crise do sector provocada pola Covid-19, na que o turismo ten que inverter unha grande cantidade de esforzo económico e laboral en aspectos que agora son básicos como a seguridade, a hixiene, o aseguramento dunha oferta turística capacitada ou a

fiabilidade dos servizos turísticos.

Observando estas necesidades, a Subdirección Xeral para o Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística confeccionou o Programa de Plans de Sustentabilidade Turísticas en Destinos partindo da experiencia de anteriores programas e contando coa participación das CC.AA. e da FEMP a través do Grupo de Traballo de Turismo Sustentable da Comisión Sectorial de Turismo. Este programa vai dirixido a incrementar a sustentabilidade e capacidade operativa dos territorios o dos xestores dos mesmos, reforzando a colaboración público privada para responder a caída da demanda e a necesaria adaptación dos destinos turísticos consecuencia da crise sanitaria global.

Este Programa axudará aos destinos turísticos a articular plans de acción que incorporen actuacións en resposta a esta crise, que melloren a sustentabilidade do territorio e que poida recuperar, manter e atraer demanda turística. Dentro das liñas de aplicación destes plans, o proxecto de Fragas do Eume presentouse á de destinos rurais ou de interior, dirixida a comarcas ou territorios cun nexo de unión polo recurso ou o produto turístico compartido. A consecución dun plan destas características para este proxecto non só é unha inxección económica ao desenvolvemento turístico do territorio, senón que mostra unha vontade de interese polo aproveitamento dos recursos da comarca e o desenrolo dun turismo sustentable.

O PSTD Fragas do Eume colaborará na posta en valor e mellora do Plan de Usos do Parque Natural das Fragas do Eume, mediante accións ligadas á xestión de fluxos turísticos, creación de rutas turísticas, mellora da eficiencia enerxética, transición dixital e mellora da competitividade.

O 5 de outubro de 2022 firmouse o convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Axencia de Turismo de Galicia, para financiar o PSTD Fragas do Eume cun total asignado de 1.500.000,00 euros.

Para levar a cabo as funcións de vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións suscítense ao redor da interpretación e aplicación da execución do convenio créase a Comisión de Seguimento, que se constitúe formalmente o 19 de outubro de 2022 e queda integrada polos seguintes membros:

- Por parte da Axencia Turismo de Galicia: Ana Lestido Reboiras, Directora de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia.
- Suplente: Laura González-Dopeso Portela, Xefa de área de calidade de proxectos europeos.
- Por parte da Deputación da Coruña: Xosé Regueira Varela, Vicepresidente da Deputación da Coruña e Deputado de cooperación, plans provinciais xerais, turismo e patrimonio histórico e cultural (designado por acordo plenario o 23 de xuño de 2022).
- Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón, Xefe de servizo de promoción económica, turismo e emprego da Deputación da Coruña.
- Suplente: María Teresa Loureiro Ventureira, Xefa de sección de promoción e desenvolvemento turístico da Deputación da Coruña.

Tras todo exposto e considerada a necesidade dun representante suplemente por parte da Deputación da Coruña na Comisión de Seguimento, procede a aprobación do acordo do Pleno da Deputación:

PROPOSTA:

- Designar ao Deputado de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento, D. José Luis Penas Corral como representante suplente da Deputación da Coruña na Comisión de Seguimento do Plan de Sustentabilidade en Destino Fragas do Eume."

24.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a outubro de 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de outubro de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de outubro de 2022.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

25.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao terceiro trimestre de 2022.

Dáse conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao terceiro trimestre de 2022, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de

outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

26.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Boimorto respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Boimorto, adoptado na sesión plenaria do 30 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

27.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Brión respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Brión, adoptado na sesión plenaria do 19 de outubro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

28.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cerdido respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Cerdido, adoptado na sesión plenaria do 31 de outubro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

29.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Dumbría respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Dumbría, adoptado na sesión plenaria do 3 de novembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

30.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Frades respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Frades,

adoptado na sesión plenaria do 9 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

31.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Melide respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Melide, adoptado na sesión plenaria do 8 de novembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

32.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Neda respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Neda, adoptado na sesión plenaria do 7 de novembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

33.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Oroso respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Oroso, adoptado na sesión plenaria do 29 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

34.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Vilarmajor respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Vilarmajor, adoptado na sesión plenaria do 17 de outubro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

35.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2022 de aprobación polo Pleno.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
 Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 6/2022 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 28.374.626,54 € e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		A.2) Baixas (fontes de financiamento):	
CE. Créditos extraordinarios:	0,00	Remanente de Tesourería:	4.276.000,00
SC. Suplementos de crédito:	28.374.626,54	Baixas por anulación:	12.098.626,54
		Maiores ingresos	12.000.000,00
Total aumentos:	28.374.626,54	Total financiamento:	28.374.626,54

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	1.172.000,00	642.000,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. Correntes	10.856.626,54	550.000,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	846.000,00	0,00
7. Trans. de capital	15.500.000,00	10.906.626,54
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	28.374.626,54	12.098.626,54

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	12.000.000,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	4.276.000,00
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	16.276.000,00

2.- Disponer a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do

citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicárase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2022 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio en febreiro de 2017, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización do remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

Ademais, a estes efectos hai que ter en conta o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2021 sobre a suspensión da aplicación das regras fiscais no exercicio 2022 como consecuencia da situación de emerxencia extraordinaria provocada pola pandemia formalmente declarada.

6.- Dotar de 15.500.000,00 € o financiamento do *“Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal”*, Plan único de concellos, POS+ 2023. Unha dotación que se realiza como achega anticipada para o 2023, que se incrementará coa previsión orzamentaria inicial, e que o tratarse dun plan dinámico, verá aumentada a súa dotación progresivamente, coa incorporación de remanentes ao longo do exercicio 2023.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e

gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

36.- Dación de conta da aprobación do orzamento/plan de actuación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña "FAEPAC" para o exercicio 2023.

Dáse conta da aprobación do orzamento/plan de actuación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña "FAEPAC" para o exercicio 2023.

37.- Dación de conta do proxecto de orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2023.

Dáse conta do proxecto de orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2023.

38.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2023 e das súas bases de execución.

INTERVENCIÓNS

Sra. Secretaria

No punto terceiro do ditame houbo un erro de transcripción do expediente, referido á columna de ingresos, do que xa teñen conta os señores deputados e que se corruxirá no acordo.

Sr. Leira Piñeiro

Ola, bo día a todos e a todas. Tamén quero aproveitar para darlle a benvida á nova compañeira Izaskun, benvida a esta casa.

Unha vez máis comezo esta exposición expresando o meu agradecemento a toda a casa e a todos os traballadores, por suposto de xeito especial a Intervención e tamén a área de Orzamentos, pero sen esquecerme das outras áreas que tamén xogaron un papel importante. É un balance de catro anos, levamos unha lexislatura con moitos cambios que todos vivimos e non cabe dúbida de que estes orzamentos non son alleos a eses cambios. Polo tanto, presentamos un proxecto de orzamento que é o máis alto da historia desta institución provincial e que se caracteriza polo rigor, pola prudencia e por esa previsión de ingresos e de gastos e por adaptarnos aos tempos que nos tocan vivir. Unha vez máis os concellos da nosa provincia van contar coa colaboración desta Deputación cun proxecto de orzamento ao 1 de xaneiro, algo que, xa me teñen escoitado moitas veces, para nós é importante e é unha das prioridades que temos que os concellos contan a 1 de xaneiro con este orzamento aprobado.

Deste xeito, este equipo de Goberno continúa a priorizar o mantemento e a

mellora dos servizos básicos municipais que teñen a maior relevancia no benestar económico e social da cidadanía da nosa provincia.

Nuns puntos anteriores, concretamente o terceiro punto anterior a este que estamos comentando, no expediente de modificación de crédito número 6, foi sometida á aprobación desta sesión plenaria un anticipo que nos vai permitir aumentar en 15,5 millóns de euros o POS 2023, e tamén aproveitamos para dotar outros servizos e anticiparlles economías para que poidan, digamos, neste caso levar os seus labores e os seus traballos.

O proxecto de orzamento da Deputación da Coruña para este vindeiro ano ascende a unha cifra de 207,2 millóns de euros, que supón un incremento de case un 9,5%, do que me gustaría destacar varios puntos.

Todas as partidas das distintas áreas saen reforzadas e ningunha delas baixa; é dicir, reforzamos as áreas de Protección Social, reforzamos Medio Ambiente, reforzamos Cultura, reforzamos Deportes, Turismo, Promoción Económica, Igualdade, etcétera.

Concretamente na área de Benestar Social, na que teño que felicitar a miña compañeira Ana Lamas, xa fixo unha breve exposición anteriormente, temos que centrarnos no que medrou esta área: medrou aproximadamente nun 137%, unha cifra importante no que levamos de lexislatura, co cal xa dicía ela, facía mención Ana Lamas ao compromiso desta casa polos servizos sociais, polo benestar social, máxime, repito, na lexislatura que nos toca vivir. Non vou afondar máis nesta área porque Ana Lamas xa o fixo perfectamente, pero si tamén mencionar que esta área sobe 1,6 millóns de euros, á parte dos 7 millóns de euros do POS social, dos cales un millón de euros xa vai ir destinado a entidades que neste caso o que facemos é adquirir un compromiso con esas peticións.

A Deputación da Coruña destinará tamén en 2023 case 74 millóns de euros a distintos plans provinciais. Unha vez máis o Plan único conta cunha achega orzamentaria inicial de 46 millóns de euros, á que xa facía mención tamén o compañeiro Xosé Regueira. Dotación orzamentaria que xa ven vostedes que é inicial, posto que se incrementará progresivamente coa incorporación de remanentes ao longo do vindeiro exercicio, como vimos facendo dende 2017. Faciamos mención ao POS social tamén, que son outros 7 millóns, que xa comentaba, repito, a miña compañeira Ana Lamas, que vai neste caso axudar moito e ben aos concellos que xa fixeron un labor moi encomiable nestes dous últimos anos no que se incrementou e se puxo en marcha este POS social.

Os recursos provinciais destinados ao POS+ alcanzaron no período comprendido entre os anos 2019 e 2022 máximos históricos que lles permitiron aos concellos realizar obras municipais programadas, reducir ata eliminar o endebedamento con entidades financeiras e o seu custo, e mellorar o período medio de pago aos seus provedores, e atender por suposto os gastos correntes que resultaron da prestación de servizos municipais esenciais, financiaron con maiores recursos os servizos sociais municipais, e que permitiu tamén unha maior atención aos cidadáns en situacións máis vulnerables.

Pois ben, a creación deste Plan Único en 2017 supuxo multiplicar, por catro, os fondos que a Deputación achega aos concellos para financiar estas obras, servizos, pasando de 25 millóns do ano 2016 a entre 90 e 100 millóns anuais en cada orzamento. Hoxe os concellos da provincia coruñesa reciben entre 4 e 5 veces máis fondos que nos mandatos anteriores. A Deputación da Coruña investiu nos concellos máis de 500 millóns neste mandato e financiou máis de 3.000 obras.

Por suposto que o PEL (Plan de Emprego Local), cómpre lembrar ao respecto que, cando chegamos ao goberno da Deputación, contaba cunha dotación de apenas 900.000 euros, e que 6 anos despois conta cun investimento de 106 millóns de euros, entre os que me gustaría mencionar a creación de 5.376 empregos, máis de 2.000 empresas novas apoiadas, 1.130 profesionais autónomos subvencionados e máis de 4.400 subvencións concedidas a empresas afectadas pola pandemia ou por consecuencias tan directas como foron a invasión de Ucraína. Máis de 10.000 solicitudes de subvencións en trámite e a mobilización de máis de 105 millóns de euros en programas de emprego dende o ano, repito, 2016 a 2022.

Dentro dos programas de infraestruturas provinciais, pola súa banda, o seu incremento vai ir arredor do 2,6% neste proxecto de orzamentos. Como consecuencia do confinamento da pandemia e, posteriormente, con motivo da alza e da subida significativa dos prezos da enerxía, a institución provincial tamén estivo á altura das circunstancias e foi quen de atender as necesidades daqueles cidadáns e dos colectivos tamén vulnerables neste caso, tramitando as liñas de subvención de emerxencia a favor das persoas e sectores que quedaron afectados por estas situacións. Estoume referindo ao fondo POS concellos no plan Reactiva 1, a hostalería no plan Reactiva 1, a combustible e por suposto tan recentemente tamén as axudas que prestamos aos concellos co fin de axudar ás orquestras e ás verbenas populares de Galicia de cada concello.

Como vén sendo habitual, neste proxecto tamén se incorporan para o exercicio 2023 os créditos necesarios para o financiamento dos servizos públicos esenciais. Estoume referindo neste caso á transferencia ao Consorcio Provincial Contraincendios e de Salvamento da Coruña, entidade na que a Deputación, conxuntamente coa Xunta de Galicia, financia neste caso de cada Administración o 50%. E tamén destacar un incremento de 300.000 euros na achega aos GES.

Traballamos os nosos recursos e dotamos de recursos tamén ao mesmo tempo os servizos provinciais a favor dos concellos. Son recursos, e estou falando de departamentos, que ás veces son un tanto invisibles, pero que están facendo un labor de apoio aos concellos que é imprescindible. Estoume referindo á asistencia tributaria, á asistencia xurídica, á asistencia técnica, á arquitectura e urbanismo, á asistencia técnica contable, á asistencia técnica informática e á asistencia económica e o apoio á tramitación dos fondos europeos Next Generation.

Refírome a estes puntos porque, ao fío disto que acabo de mencionar, hai que resaltar, vanme permitir, que o Consello de Contas vén de publicar un informe sobre o grao de implantación da Administración electrónica nas entidades locais de Galicia no período 2019-2020 que sitúa a Deputación da Coruña na vangarda da implantación da

Administración electrónica.

Este informe destaca que a Deputación da Coruña é a única galega que presta este servizo de xeito directo, estamos a falar de servizos de asistencia aos concellos: a Administración electrónica, soporte informático e contabilidade, servizos que son de tan estimable axuda, como dicía antes, para todos os concellos. Grazas a este apoio técnico da Deputación, 76 concellos contan a día de hoxe con servizos dixitais que facilitan a xestión da veciñanza, como é a sede e o rexistro electrónico ou a identificación e sinatura electrónica e as notificacións electrónicas. Pois ben, eses bos resultados son posibles grazas á nosa aposta pola dixitalización da Administración a través do proxecto Concello Dixital, liderado precisamente por esta institución provincial.

Mesmo avance pretendemos tamén en materia de inclusión dixital, co fin de reducir a fenda dixital entre as zonas urbanas e as zonas rurais, para ofrecer así máis e mellores servizos á cidadanía, sen esquecer, por suposto, o labor de facilitar a accesibilidade tamén para as nosas persoas maiores.

Tamén puxemos, mencionaba antes, todo o noso empeño en acceder nas mellores condicións posibles aos fondos europeos. Particularmente, procuramos que a Deputación e concellos poidan aproveitar todas as oportunidades e, para tal fin, impulsamos distintas medidas, como foi a creación dunha oficina de información e asesoramento para acceder aos fondos Next Generation, que se trata do primeiro centro de Galicia especializado na captación destes fondos para os concellos. Desde o inicio da actividade, no mes de marzo do presente lévase analizado e informado un total de 276 convocatorias destinadas á Administración local, prestando máis de 70 asesoramentos especializados e realizando máis de 20 visitas directas persoais e presenciais aos concellos; máis de 820 accións de información e asesoramento a concellos e entidades, empresas e particulares, xa que este servizo de información e asesoramento sobre os fondos Next Generation non se limita exclusivamente a concellos, senón que tamén se ofrece a empresas e á cidadanía interesada. A finais deste exercicio 2022, teranse mobilizado a través desta oficina máis de 10 millóns de euros destes fondos para a provincia da Coruña.

Destacar tamén neste ámbito a tramitación de numerosas solicitudes que xa se materializan en resultados prácticos ou en forma de proxectos con financiamento confirmado, como é a Oficina Acelerada PEME ou os convenios con outras administracións públicas para a obtención ou xestión dos fondos Next Generation.

Todos estes programas e actuacións veñen poñer de manifesto que é posible facer outra forma de gobernar, e a Deputación da Coruña é unha institución bicentenaria e que foi capaz neste mandato de dar un salto cualitativo e ofrecer unha resposta áxil e eficaz ás necesidades da cidadanía e os concellos ante as crises máis graves das últimas décadas.

É preciso tamén resaltar, un exercicio máis, que máis do 6% do orzamento da Deputación da Coruña, é dicir, máis de 12.409.000 euros serán destinados a seguir mantendo os centros educativos, o IES Puga Ramón, o IES Rosalía Mera ou os fogares infantís, tanto da Coruña como de Ferrol, e vostedes saben que son de

titularidade provincial, pese a que a educación e os servizos de protección e atención a menores seguen sendo competencias exclusivas da Xunta de Galicia, aos que tamén se podería sumar aquí a propia Biblioteca provincial. Estes recursos provinciais que dedicamos a financiar servizos que son competencia da Xunta de Galicia, non cabe dúbida de que minoran indiscutiblemente os recursos que podíamos dedicar a, neste caso, servizos municipais e provinciais.

É sabido que o proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia non inclúe as deputacións entre os destinatarios do Fondo Galego de Cooperación Local, non me cansarei de dicilo ano tras ano. Non obstante, como indiquei, as diferentes normas autonómicas seguen a atribuírnos competencias sen cuantificación e sen dotación orzamentaria. É máis, o proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2023 mantén a partida base do fondo galego de cooperación local, a que se reparte de forma obxectiva, estoume a referir que leva 10 anos conxelada en 113 millóns de euros para os 313 concellos de Galicia; iso a pesar de que os ingresos da Xunta de Galicia medraron un 8,5%, ata os 12.620 millóns de euros aproximadamente.

Se nun contexto económico ordinario é unha obriga da Xunta de Galicia garantir un adecuado financiamento ás entidades locais, aínda é máis motivo no medio dunha crise como a que estamos vivindo. Así o expresamos no Pleno da Deputación o pasado 29 de outubro nunha moción aprobada aquí por maioría absoluta.

Polo tanto, remato. Mantemos conxeladas as tarifas das taxas e prezos públicos para o ano 2023; non haberá, un ano máis, operacións de débeda no exercicio 2023, porque seguimos mantendo a situación de débeda cero. En definitiva, compañeiros e compañeiras de Corporación, presentamos un proxecto de orzamentos que novamente prioriza o ámbito social, prioriza o emprego e prioriza os concellos da nosa provincia que precisan do respaldo de toda a Corporación.

Confío en que este proxecto inicial de orzamento conte co apoio de todos os grupos e pelexemos, e todos sabemos que é un punto de partida, por ser adaptado e mellorado ao longo do 2023, tal como está facendo este equipo de Goberno durante toda a lexislatura. Confío no seu apoio.

Moitísimas grazas a todos.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente. Darlle a benvida tamén á compañeira Izaskun García a este Pleno, desexarlle tamén moita sorte.

Estamos hoxe ante a aprobación dos últimos orzamentos deste mandato como comentaba antes o compañeiro Antonio Leira. Hai varias cuestións que quería comentar sobre estes orzamentos.

Hai aproximadamente, si, efectivamente, catro anos, tivemos a mesma oportunidade de debater aqueles orzamentos iniciais e naquel momento detectabamos certas eivas ou unha eiva principal nas contas da Deputación, que

basicamente estriban na súa moi baixa execución do orzamento. Catro anos despois aquela doenza, que eu tamén son consciente de que para a propia Dirección, para o propio Goberno desta Deputación comparten que é un problema serio, segue estando no mesmo lugar, ou diríamos incluso agravada.

Isto acontece nun contexto social de crise, de crise agravada no seu día pola COVID, agravada tamén agora polos efectos da guerra de Ucraína. Pero tamén, dicimos, hai que subliñar que a Deputación nestes catro anos contou con procedementos extraordinarios habilitados polo Goberno central en canto á xestión do orzamento, como a suspensión da regra de estabilidade, que deberían permitir que se acadasen unhas cotas, unhas cifras de execución de orzamento máis altas. Neste sentido, tamén comentar que me chama a atención, e que ao mellor estaría ben que se explicase no curso deste debate, por que se segue mantendo un orzamento inicial sensiblemente inferior á media de gastos estimada nos últimos 3 anos. Estamos falando, di o interventor no seu informe, que roldan os 280 millóns as obrigas recoñecidas finais nos últimos 3 exercicios, e estamos nun orzamento inicial de 207 millóns. Non era necesario ir a un orzamento sensiblemente inferior ao destas obrigas finais recoñecidas medias, que é o gasto real desta Corporación, tendo en conta – insistimos– de que se habilitaron procedementos extraordinarios de suspensión das regras, das antigas regras de estabilidade, que permitirían ir a un orzamento inicial moito máis alto. É algo eu creo que un pouco estraño, non era necesario, poderíase ir a un orzamento máis alto, e talvez, insisto, debera explicarse por que.

Indo ao detalle da análise do orzamento que se presenta, empezando pola parte de gastos, o que sabíamos no estado de execución de orzamento a 30 de setembro deste ano é que andabamos polo 29% de execución e que se estimaba que a final de ano roldaríamos o 40%. Pola contra, estimábase, facíase a proxección de que andariamos a final deste curso por un 120% de execución do orzamento de ingresos. É dicir, 80 puntos porcentuais de diferenza entre a estimación de gastos ou os gastos reais e a estimación de ingreso. Isto é un problema, porque o que indica a progresión é que para o ano que vén vostedes terán aínda unha maior liquidez que a actual, se seguen vostedes executando tanto menos o previsto e ingresando tanto máis do previsto, un 20% máis, entendo ademais que é derivado dos esforzos que está facendo a Unión Europea tamén para, digamos, relanzar a economía nun momento de crise.

Que efectos ten esta inexecución do orzamento? Afortunadamente este ano non vai ter o efecto do pago de xuros á banca por ter aí depositados os aforros a Deputación, porque un dos efectos perversos da guerra é que estamos nunha situación inflacionista e polo tanto os cartos, por falar de xeito común, que antes tiñan un custo negativo, agora teñen un custo positivo e, polo tanto, a Deputación da Coruña deixa de pagar e mesmo, talvez, ía dicir para a súa desgraza, ironicamente, pode recibir incluso algún interese polo depósito destes líquidos.

Pero tamén ten un segundo efecto, que é que o que se viu ao longo destes catro anos, sen dúbida complexos para esta Deputación e para todas as entidades locais, é que houbo un momento no que o Estado, o Estado central, nesta situación de emerxencia estivo cerca de incautar, que talvez sexa un verbo moi agresivo, a punto de pedir a aquelas administracións locais que non tivesen o seu orzamento

totalmente comprometido, que lle derivasen a eles estes capitais. É dicir, estivemos a punto de cederlle ao Estado ingresos ou capitais que en realidade deberan ou deben, e hai que loitar para que sexan investidos no noso país e na nosa provincia. Este é un risco real e é un risco que existe. E o risco máis evidente, que non é un hipotético, é que en período de crise, como desgraciadamente é este e o que se albisca no horizonte próximo, esta Deputación é incapaz ou ten moitas dificultades para participar na actividade económica mobilizando eses recursos. Esa é a consecuencia directa máis lóxica, ou sexa, a máis inevitable, estes cartos non deberan estar na caixa da Deputación, deberían estar activando a economía da provincia.

Se imos ao detalle da execución orzamentaria, vemos que a suma dos capítulos 6 e 7, a de investimento, que para un orzamento final de 269 millóns de euros se levaban gastados 36 millóns de euros a 30 de setembro deste ano; é dicir, un 13% do orzamento. E cómpre sinalar que no caso do capítulo 6 a inexecución é responsabilidade unicamente da propia Deputación, non estamos aquí falando de que terceiros a través dos plans, é dicir, os concellos, non executan o seu orzamento e iso repercute na inexecución da Deputación, non; estamos falando da xestión directa dos fondos da propia Deputación, e estamos, insisto, en porcentaxes realmente moi baixas.

Neste sentido, tamén hai que sinalar que a tendencia é negativa, que neste ano se executou, e é a previsión a 30 de setembro, a 30 de setembro deste ano executábase un 3% menos que o ano anterior. Lonxe de paliar aquela doenza que se sinalaba hai catro anos, vemos como se vai acentuando.

A cuestión que sinalabamos antes, de que non se inclúa no orzamento inicial o orzamento de gastos real previsto que, como sinala no seu informe o interventor, que podería ser de 270 millóns de euros, é dicir, 70 millóns de euros menos dos gastos previstos, o cal nunha situación coas regras de gasto anteriores a esta situación de excepcionalidade, derivaría nun incumprimento moi elevado da regra de gasto, duns 70 millóns de euros.

Eu creo que son consciente de que o Goberno é consciente, pero o que din os feitos é que, sendo consciente, non acaba de atopar o xeito de mellorar o que creo que sen dúbida é o gran problema desta Corporación, que é que é incapaz de mobilizar todos eses recursos no ano fiscal do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

Eu non formo parte do Goberno pero intúo, penso, que alén do que se ten comentado moitas outras veces, de que esta é unha entidade que presta ou transfire os seus fondos a terceiros, nomeadamente aos concellos e que, polo tanto, de xeito indirecto repercute a inexecución dos concellos na inexecución do orzamento por parte da Deputación, o certo é que o que amosan as cifras de execución é que, cando lle toca executar directamente os seus recursos, tampouco acada unhas cifras de execución elevadas nin moito menos; xa pasamos a cifras que apenas superan o 10%. Co cal, realmente, pensamos que deben vostedes considerar que naquelas cuestións que teñen que ver coa súa xestión directa dos seus propios fondos tampouco están acadando as porcentaxes de execución necesarias e que deberían vostedes, talvez, mudar a súa estratexia, a súa estratexia no sentido de que creo que están indo vostedes a unha práctica de contratación de obras por baixa contía, talvez

deberían ir vostedes a unha práctica de contratación de obras de máis elevada contía, máis aínda tendo en conta que, como vimos de ver hoxe, a alza sucesiva dos prezos na contratación pública está aprobando modificacións constantes de proxectos de obra, novas edificacións. É dicir, estase ralentizando cada vez máis o procedemento de contratación e, polo tanto, creo que era necesario darlle un cambio de rumbo radical, talvez, a esa política estratéxica de contratación.

Este funcionamento, un pouco antinatural, desta Administración provoca que teñamos un funcionamento no que sexan os expedientes de modificación de crédito os protagonistas reais da xestión do orzamento na Deputación. Hoxe vimos de aprobar o sexto. Cada modificación de crédito que se aproba ten un procedemento administrativo, que non é que sexa lento, é o que é, trámites de creación do expediente, aprobación, tramitación, prazos para a presentación de emendas..., polo tanto, ralentización en definitiva da mobilización do crédito. Polo tanto, pensamos, e creo que non é unha idea aventurada, que o mellor sería ir a un orzamento inicial moito máis alto ca este, incluír, como sinala o interventor no seu informe, que os investimentos se detallen, que estes investimentos fosen de maior contía, e tamén, tamén o sinala, que talvez sería conveniente incluír o anexo de transferencias máis detallado.

Nós imos apoiar en todo caso estes orzamentos. Hai outras cuestións menores que non nos gustan no orzamento do ano que vén, pensamos que o capítulo de publicidade na parte de Presidencia pode ser excesivo pero, en todo caso, non obsta para que nós prestemos o noso apoio. Nós pensamos que a Deputación está intentando acometer a súa finalidade básica, que é a de apoiar os concellos da provincia. Isto reflíctese nos orzamentos das contas no aumento do que ten que ver coa partida dos fondos de cooperación, do POS, por tanto, e nós tamén aprobamos o maior investimento en vías e obras, aínda que agardamos que isto tivese tamén, desexariamos, efectos despois na súa execución real.

Tamén nós nos remitimos ao compromiso do presidente no Pleno pasado para facer as obras necesarias para habilitar a estrada de Teo DP-0205, que como xa o presidente deu aquí a súa palabra e nós atémonos a ela. Isto, insisto, as cuestións xenéricas pensamos que é un orzamento que o plano das intencións e no plano do que se proxecta facer está ben orientado.

Por todas estas razóns, nós manifestamos o noso apoio a este orzamento.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todos e a todas. Benvinda á nova deputada do Partido Popular, e é unha ledicia contar cunha compañeira máis nesta Corporación que xa dixemos en varias ocasións non está de máis.

A miña intervención, como portavoz do grupo do BNG e parte do Goberno, vaise referir a unha valoración deste orzamento do ano 2023 que a min me gustaría remarcar que estamos a falar do último orzamento deste mandato e facer a reflexión e a lembranza de que estamos falando dun mandato que, se por algo se caracterizou, foi polos constantes retos que viñeron impostos pois dende unha crise sanitaria e

tamén polo impacto da realidade socioeconómica cunha fonda crise inflacionista e o impacto da escalada continuada de prezos. Retos que, evidentemente, requiren que as administracións públicas contemos coa flexibilidade e a capacidade de reacción suficiente para definir nos nosos procedementos, e tamén nos nosos documentos de orzamento as liñas de acción políticas que estean aliñadas con esas necesidades emerxentes e tan cambiantes a nivel social. Un marco de decisións políticas que requiriu estar á altura, nunha gran parte de ocasións, decisións que fomos quen de acadar por elevado consenso para facer fronte a esta realidade, e que no que cómpre dicir que con toda seguridade esta institución soubo estar de sobra en sintonía coas necesidades do conxunto da sociedade.

Un ano máis, de feito, as liñas de acción que definen este proxecto de orzamentos mostran que a acción de Goberno ten o sentido e a sensibilidade suficientes para conectar coas prioridades do conxunto da sociedade do noso territorio, e a capacidade para definir estas liñas neste documento de orzamentos. Unha característica que nesta altura con este último documento de orzamentos podemos asegurar vén constituír xa un sinal de identidade deste Goberno. Presentamos un documento de orzamento ambicioso, de carácter expansivo, como xa nos describiu pormenorizadamente o deputado de Facenda, definido por un incremento substancial no conxunto das áreas e destacando en esencia a capacidade de priorizar sobre todas as cousas a contribución á equidade territorial, á cohesión social e á promoción dos criterios de igualdade.

Destacamos, en primeiro lugar, o obxectivo principal de blindar a cooperación coas entidades locais, unha prioridade fundamental deste Goberno; atendendo á distribución de fondos mediante criterios obxectivos e transparentes, e procurando unha distribución equitativa entre os concellos do noso territorio, facilitando así unha ferramenta esencial para a planificación das políticas locais e blindando, na medida do posible, a autonomía local mediante un programa como o POS, obxectivo, transparente e equitativo, mediante o que se distribúen os fondos mediante criterios, e non baixo valoracións que poderían considerarse de arbitrariedade, un exemplo de programa que, a día de hoxe, solicitan os concellos sexa replicado por outras administracións. Un POS forte, con 47 millóns de euros como cantidade inicial, coa importancia que ten este programa na planificación anual dos orzamentos municipais, especialmente nun momento no que a presión dos incrementos dos custos de enerxía e combustibles lastran as facendas locais e condicionan a planificación de programas e investimentos.

Esta dotación inicial resulta vital para o apoio da autonomía local e a planificación das políticas municipais. Unha contía inicial que, atendendo ao carácter dinámico deste plan, fai prever, como ben dicía o vicepresidente Regueira, unha ampliación destes fondos ao longo do ano.

Tendo en conta que este é o segundo mandato do Goberno de coalición entre o BNG e o PSOE, cómpre lembrar que nestes últimos anos se destinaron a través de plans provinciais aos concellos 567 millóns de euros, distribuídos –como xa dixeran– con criterios transparentes e obxectivos sen mirar a cor política de ningún concello.

En relación aos criterios de equidade e reforzo da cooperación coas entidades

locais, hai que destacar a relevancia das políticas de cultura, coa importancia que ten a rede cultural que permite o acceso á cultura en todo o territorio, ademais da promoción do emprego e a dinamización da produción cultural. Ao compromiso coas políticas sociais, co financiamento de persoal, colaborando co mantemento do persoal de servizos sociais de base e reforzando programas de carácter asistencial como é a teleasistencia. Programas que favorecen a calidade asistencial e facilitan un apoio económico imprescindible para que os concellos poidan garantir a atención de calidade e reforzar os equipos de base. O financiamento das horas de Servizo de Axuda no Fogar de libre concorrência, un mecanismo imprescindible a día de hoxe para atender situacións de emerxencia, situacións con menores ou de persoas que precisan apoios puntuais no seu fogar e non teñen aínda recoñecida a situación de dependencia.

Un orzamento que, como xa se dixo, mantén a medida excepcional do POS social, cos 7 millóns de euros, tamén distribuídos atendendo a criterios obxectivos e transparentes que facilitan novamente que os concellos poidan desenvolver as súas políticas sociais, acordos coas necesidades específicas dos territorios; que naceu, é verdade, ao fío dunha situación excepcional da pandemia e que se mantén nun momento igual de excepcional cando a presión do incremento do custo de vida acrecenta a desigualdade e incide no empobrecemento das clases traballadoras.

En materia de cooperación local e de sensibilidade coa realidade, xustamente hoxe 25 de novembro, cómpre salientar o esforzo realizado en materia de políticas de igualdade, fundamentalmente no que ten que ver co mantemento da liña de financiamento para persoal, para a contratación de axentes de igualdade, que pon á disposición das entidades locais a posibilidade de contar cun apoio económico para dotarse de persoal especializado que permita implementar as políticas de igualdade nos territorios. Políticas de proximidade fundamentais, de xeito moi especial, relevantes e importantes para os concellos máis pequenos e con maiores dificultades económicas para apostar por este perfil nos seus cadros de persoal. Unha cuestión estratéxica nas políticas expansivas de igualdade e tamén, por que non dicilo, pioneira no territorio do país.

Hai que dicir tamén que, se ben é certo que as políticas municipais son estratéxicas no desenvolvemento social e económico, non é menos certo a relevancia que ten o tecido asociativo, un papel fundamental en relación á cohesión territorial, ao desenvolvemento cultural, na promoción do deporte, pero tamén, e sobre todo, na protección social e na promoción da igualdade, suplindo en incontables ocasións a Administración pública en cuestións esenciais ás que nós non somos quen de chegar. Neste sentido, hai que destacar o papel esencial e o compromiso decidido nestes orzamentos para contribuír ao mantemento desta rede imprescindible que compoñen as entidades. Por dar unha cifra, diremos que nestes dous últimos mandatos a Deputación da Coruña dedicou ao conxunto de entidades do territorio provincial máis de 135 millóns de euros.

Por suposto, a área de Cultura, dotada con máis de 10 millóns de euros, é talvez a que máis esforzo fai por contribuír e manter vivo este tecido asociativo, a través de diversos programas de subvencións, entre os que destaca –como xa dixer– a rede cultural, pero tamén nas áreas de deporte, acción social, igualdade e

promoción económica, que levan a cabo un importantísimo labor e así se ve reflectido neste orzamento.

En igualdade, ademais, este ano no incremento que se contempla nos orzamentos reforzámolo cunha partida de 400.000 euros para investimento destinada a reforzar a xa existente para programación e mantemento destinada a entidades que desenvolven un traballo fundamental neste eido, tan necesitado dunha acción de Goberno firme e decidida por parte de todas as administracións a prol dunha sociedade sen violencia machista. Temos que destacar, así mesmo, que a área de Igualdade presenta un incremento dun 31%.

Dentro da acción de Goberno desta Deputación, cómpre tamén destacar o impulso do emprego e a dinamización territorial e económica con programas como o PEL, a promoción turística, directamente relacionada coa posta en valor do noso patrimonio natural, histórico e cultural, e co desenvolvemento dun sector tan importante na economía como é o da hostalería. Neste sentido, no orzamento para o exercicio 2023 dámoslle continuidade aos plans de sostibilidade turística en destino, centrados no xeoparque de Cabo Ortegal, Fragas do Eume e Fogóns de Añóns, mantendo as liñas de promoción do patrimonio como son os proxectos de Megalitismo de Costa da Morte, a Compostela Rupestre, a Idade de Ferro do Barbanza ou as Baterías de Ferrol e comarca.

Non quixeramos deixar de comentar aquí que a nosa cooperación cos concellos ou o noso apoio ao tecido asociativo podería ser incluso maior, como xa ben se referiu o deputado de Facenda, se non asumísemos servizos educativos e de protección a menores que son competencia exclusiva da Comunidade Autónoma e que nos teñen un custo de máis de 12 millóns de euros.

En definitiva, este é un orzamento para atender as necesidades e as prioridades do conxunto dos 93 concellos; para apoiar o tecido asociativo que traballa en todos os lugares do territorio en diferentes campos, e para apoiar o mantemento e a creación de emprego, non só a través do PEL, senón mediante todas as liñas de subvencións e plans da Deputación que implican a necesidade de postos de traballo porque, cando hai que facer unha obra, é preciso contar co emprego para facela e, cando se apoia o teatro, a música, o cine, o deporte, a acción social, a normalización lingüística ou a igualdade, tamén detrás de todas esas políticas están persoas traballadoras. E todo isto é mantemento de postos de traballo, como dixeran, e creación de emprego, que é unha das preocupacións sociais e un dos nosos maiores problemas como sociedade.

En definitiva, consideramos que esta Deputación e este Goberno estase a esforzar día a día para estar á beira dos concellos e das persoas atendendo os seus problemas, as súas necesidades e as súas prioridades, e facéndoo sempre con transparencia e con criterios obxectivos, porque estes 207 millóns de orzamento non son do Goberno nin da Corporación, son dos cidadáns e das cidadás, e a eles e a elas deben volver para mellorar as condicións das súas vidas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días compañeros y compañeras de Corporación. Evidentemente, nos sumamos, como no podía ser de otra forma, a dar la bienvenida a Izaskun García Gorostizu, persona comprometida e inquieta trabajadora a favor de esta provincia y a favor de su ayuntamiento, Culleredo.

Respecto a estos presupuestos, señor Presidente, usted sabe, como nosotros, que son unos presupuestos que nacen muertos. Ustedes y nosotros sabemos que las previsiones contenidas en ellos no se van a ejecutar, como ha sucedido en años anteriores. Por tanto, no presentan unos presupuestos, como mucho y ya es mucho decir, son una declaración de intenciones que –repito– no van a cumplir.

Señor Formoso, vuelve a castigar a los vecinos y vecinas de la provincia volviendo a intercambiar privilegios con sus socios, tanto los que están en el Gobierno como los que con su actitud, cómplice y silenciosa, son corresponsables de la inacción terrible que sufre esta institución.

Estos presupuestos son confeccionados más para el titular del día de su aprobación o al otro día de su presentación que para la ejecución de los mismos. Lo que hace es consolidar el maltrato a los ayuntamientos con menos recursos, que nunca con su Gobierno con esta izquierda teórica y de boquilla, conseguirán converger con los ayuntamientos que más recursos tienen. Vuelven a castigar a los vecinos y vecinas de la provincia que viven en municipios más pequeños y que disponen de menos posibilidades para que sus estándares de calidad de vida puedan asemejarse algún día a los de los habitantes de los entornos urbanos. Por lo tanto, en clave local esos presupuestos una vez más no equilibran el territorio, quedan dotaciones e infraestructuras en el limbo y, en algunos casos, como le he venido repitiendo en muchas ocasiones, el estado actual de las vías provinciales presenta un riesgo evidente para la circulación, así como para transitar por las mismas nuestras vecinas y vecinos.

En lo que se refiere al anexo de inversiones a realizar en el ejercicio que se acompaña al presupuesto general, no se identifican las inversiones del plan de vías provinciales, plan de conservación, plan de sendas, plan de travesías, etcétera, con arreglo a lo que dispone la normativa de haciendas locales, como pone de manifiesto oportunamente la Intervención provincial. Esta es la transparencia del bipartito que gobierna esta institución. No es mínimamente aceptable no saber qué actuaciones se van a hacer cuando aprobamos este presupuesto, es más, señor Presidente, según los documentos que acompañan al presupuesto que trae usted aquí, el plan de inversiones en vías provinciales ya lo redujo usted con respecto al año 2021 del inicial presupuestado en un 51,57%, porque yo voy a hacer una comparación, ya que se ha hablado aquí, no de 4 años de mandato, 7, casi 8 años de mandato, vamos a hablar con también alguna comparación respecto al año 2021. El plan de travesías se reduce con respecto al 2021 en un 31,52%; el plan de sendas se reduce también en un 31,52% con respecto al año 2021; y el plan de seguridad viaria integral se reduce un cien por cien, igual que el año 2022, con respecto al año 2021. Lamentable. Señor presidente, me parece lamentable e irresponsable que usted priorice acumular fondos de tesorería en menoscabo de la inversión en seguridad para nuestros vecinos y

vecinas que circulan diariamente por las vías provinciales.

Por lo tanto, le pido, señor Formoso, que elabore usted un plan anual de inversiones para la mejora de las infraestructuras, como así se lo hemos demandado desde el Partido Popular y que también reclaman los informes de la Intervención provincial, pero que sea transparente y claro, porque esta institución está al servicio de los 93 ayuntamientos de la provincia, no solo de aquellos ayuntamientos cuyas siglas corresponden con los partidos que gobiernan esta institución en el Gobierno bipartito.

Señor Presidente, estos presupuestos son profundamente insolidarios, como le exponía anteriormente. Este Gobierno provincial fomenta el desequilibrio entre concellos grandes, que por lo general cuentan con numerosos recursos económicos, con los que se firman convenios por cuantiosos importes, y los pequeños y medianos que solo tienen el plan único, que es el que le sirve a usted para ejecutar una pequeña parte del presupuesto provincial.

Un año más debemos poner de manifiesto que los presupuestos se redactaron sin contar y sin informar a los grupos políticos, o por lo menos al Partido Popular; por lo tanto, solo puedo calificar como decepcionante la actitud del equipo de Gobierno, que no ha mantenido reuniones ni ha contado con el resto de las formaciones, o por lo menos con nuestro grupo. Hay que reconocerle al señor Leira que una semana antes de la comisión nos aporta el presupuesto para que lo veamos, evidentemente sería lo mínimo, tengamos conocimiento de él para podernos posicionar, pero nunca ha habido una propuesta por parte de este Gobierno para escuchar propuestas que nuestro grupo posiblemente aportaría sin ningún tipo de problema, como en otras ocasiones ha sucedido.

Estos presupuestos evidencian el abandono de los municipios del rural. Señor Presidente, una vez más vemos su falta de políticas para frenar las desigualdades municipales. El rural para ustedes, para el bipartito, no existe; posiblemente sea porque no tiene la posibilidad de presentarse o de obtener representación en los 93 ayuntamientos de la provincia y habrá sitios de los que tienen un profundo desconocimiento. Estaremos encantados en aportar el conocimiento que nosotros podemos tener. Por lo tanto, tengo que decir que la Diputación de La Coruña está incrementando el desequilibrio territorial en favor de las grandes ciudades y, por eso, debo denunciar esa discriminación que cada año se acentúa más y más para los municipios de la zona rural de la provincia, evidenciando no solo una renuncia a asumir una competencia que por ley es de esta casa, sino también una renuncia a una responsabilidad moral que tenemos de ayudar a aquellos municipios que menos posibilidades tienen a converger con los que más posibilidades tienen.

Nos llama también la atención que se incrementen el ámbito de actuaciones subvencionables en materia de gastos sociales, que se hizo aquí alusión al mismo, el POS social, como así hemos solicitado desde el Grupo Popular en anteriores años, es decir, que se puedan utilizar esos recursos para cuestiones distintas y no encasillarlos tanto en una cuestión, en cuestiones que eran más difíciles. Pero nos llama la atención también que de 14 millones que había en el año 2021 se pasa a 7 en el año 22 y que se permanezca este año en 7 millones de euros en el POS social.

Realmente nos parece tremendo, porque no tiene sentido ni lógica, sobre todo en estos momentos en los que por responsabilidad debemos estar al lado de las personas que peor lo están pasando.

Señor Presidente, desde aquí le hago una llamada de atención, porque parece que no se ha enterado de la crisis que nos está dejando un impacto desolador y muy preocupante, con un IPC desbocado. Esta crisis deja tras de sí una profunda huella con importantes consecuencias en las condiciones de vida y niveles de integración social de personas y familias. Por lo tanto, hoy le solicito que en el próximo modificativo de crédito se incrementen las aportaciones del POS social como mínimo a la cuantía de 14 millones que tenían en el año 2021.

Señor Formoso, en cuanto a la ejecución del presupuesto de gastos provincial que, según las cifras aprobadas en el Pleno de septiembre de 2022, a tenor de los datos suministrados por la Intervención provincial, era del 28,95%, menos incluso que en el año 2021, que estos mismos datos decían que era del 31,7. Es decir, más del 70% del presupuesto sin ejecutar, lo que supone un claro ejemplo de la mala gestión económica de la coalición PSOE-BNG; es decir, la constatación de un fracaso de un modelo de gestión inoperante e ineficaz. Es decir, de cada 1.000 euros del presupuesto de gasto a disposición de los vecinos de la provincia de La Coruña, a fecha 30 de septiembre, 700 permanecían en la caja de la Diputación y solo se habían ejecutado 300.

Repito, los presupuestos son continuistas a la altura de la inacción del Gobierno que los trae a aprobación e inoperantes para la provincia, realizados unilateralmente sin ninguna reunión previa con los grupos. Son incluso peores que los del año pasado, lo cual evidencia, en primer lugar, que los presupuestos de este año no se han ejecutado y por lo tanto necesitan un año más como mínimo para llevarlos a cabo. Para ello hoy ya le anuncio que tampoco van a ser capaces de ejecutarlos en los 6 meses que le quedan de gobierno. La falta de diligencia, la ineficacia, un Presidente ausente de forma reiterada y continua de esta Diputación, unido a la poca ejecución presupuestaria, nos indican que ha traído hoy usted aquí unos presupuestos ficticios, es decir, una declaración de intenciones con la única finalidad de hacer lo que a usted más le gusta, y hay que reconocer que lo hace bastante bien, que es lograr un titular de prensa. Porque no se ejecutan y lo poco que se gestiona se hace se hace mal, y a modo de ejemplo le voy a poner varias cuestiones: continuos modificados por proyectos mal dimensionados, como advierte de forma reiterada la Intervención provincial, o expedientes incompletos debido a una deficiente planificación, como de nuevo también reitera cada vez más la Intervención provincial.

En fin, ¿le parece a usted esto forma de gestionar y presidir esta institución que ha sido modélica a lo largo del tiempo? Es simple y llanamente inaceptable.

Y qué decir de su política de anuncios que posteriormente no se concretan en nada o se quedan durmiendo el sueño de los justos. Se lo dije en el pleno anterior y hoy se lo repito, señor presidente: usted, frente a un problema, siempre tiene un anuncio, pero casi nunca, casi nunca tiene usted una solución.

Señor Presidente, le vuelvo a lanzar el mismo reto que el año pasado le dije en

el Pleno de presupuestos: dígame usted un proyecto nuevo para el año 2023 que esté finalizado en el año 2023; me gustaría que nos lo dijera entre todo el Gobierno, un proyecto nuevo que cambie la vida de los vecinos de la provincia de A Coruña que se vaya a incluir en este presupuesto y que se ejecute en el año 2023, realmente será difícil t no lo van a conseguir. Pero usted a todo esto le da igual porque ya ha conseguido lo que quería, sigue utilizando la institución para sus ambiciones partidistas. Algo parecido a esto le dije el año pasado en el Pleno de presupuestos, pero hoy le añado que hay que tener cuidado con aquello que se desea porque, finalmente, se puede conseguir y eso me recuerda un poco a aquel programa de televisión de hace años de cuando yo era pequeño que decía: “Si lo sé, no vengo”.

Señor Formoso, la pandemia y la crisis económica en la que nos ha metido el Gobierno de Pedro Sánchez se ha cebado con las clases sociales más desfavorecidas; por lo tanto, debemos potenciar los servicios públicos con un sistema de protección social que atienda de manera suficiente a las necesidades fundamentales de todas las personas de nuestra provincia, cosa que usted no hace, ya que vemos que reduce usted los fondos destinados a acción social de la Diputación con respecto al año 2021 en más de un 20%.

Señor Formoso, echamos de menos un plan de impulso provincial para ayudar a salir de la crisis económica provocada por su Gobierno central y contribuir a que la provincia en este momento supere las consecuencias de la misma. Señor Presidente, estos presupuestos deberían ser unos presupuestos clave para plantar cara a la situación que estamos viviendo y una vez más –repito– se olvida de los ayuntamientos y de las personas que más lo necesitan, porque no contienen un plan de reactivación frente a la crisis.

Le pido que centre las prioridades de la Diputación a ayudar a los ayuntamientos y colectivos y sectores que más lo necesitan, por favor. Cada día se parece usted más a su jefe de filas, el señor Sánchez, la estrategia es muy similar; jugar con las palabras y dar solemnidad a los anuncios, para finalmente presentar un presupuesto con todo el dinero que han sido incapaces de invertir por el atasco que sufre el Gobierno de esta institución, y digo el Gobierno de esta institución y no la institución, porque el personal de esta casa durante muchísimos años ha sido decisivo en el desarrollo e impulso de la dotación de servicios a los ayuntamientos de nuestra provincia y a sus habitantes, especialmente a aquellos municipios más pequeños.

Es triste que haya tanto remanente y expedientes modificativos que vienen a este Pleno, todo ello motivado por la inejecución de actuaciones inicialmente presupuestadas. Por lo tanto, he de decirle que en realidad estamos ante uno de los más grandes fracasos de la gestión de la Diputación de los últimos años, como viene siendo habitual en los últimos 7 años que usted lleva presidiendo esta casa; y lo peor es que llevamos demasiados años así, con municipios a los que se les aprobaron obras y otras actuaciones en el tiempo y todavía no se ha movido –permítame la expresión– ni una piedra, como así se lo ha hecho saber nuestro grupo en reiteradas ocasiones en este Pleno.

Por verle el lado positivo a las cosas, estamos convencidos de que dentro de poco más de 6 meses pondremos fin a estos años de parálisis, a estos años de

inacción. Señor presidente, le recuerdo que el Grupo Popular provincial le ha pedido en reiteradas ocasiones un plan de choque para desatascar la gestión de obras e inversiones.

En resumen, para ir finalizando, este es un presupuesto que no aborda las necesidades de desarrollo económico de la provincia para luchar contra las desigualdades entre ayuntamientos. Es un presupuesto con unas cuentas que no aportan novedades ni ofrecen soluciones a los principales problemas que está sufriendo nuestra provincia. Unos presupuestos que con respecto a años anteriores reducen el importe dedicado a acción social. Una declaración de intenciones como en años anteriores dejará sin ejecutar en torno al 60% del presupuesto de gasto, con unas existencias en caja a día de hoy de más de 221 millones de euros debido a su incapacidad para ejecutar proyectos de gasto, privando por lo tanto a nuestros vecinos y vecinas de necesidades en los municipios de nuestra provincia.

Por lo tanto, son el reconocimiento explícito del fracaso de la gestión del Gobierno y del Presidente Valentín González Formoso.

Señor Presidente, en los últimos años con nuestra abstención viabilizamos el presupuesto, este año, después de ver la documentación que nos ha aportado el señor Leira, podríamos también optar por una abstención porque realmente, aunque no son nuestros presupuestos, son unos presupuestos similares a los de años anteriores, pero, señor presidente, aprobar estos presupuestos es aprobar una gran mentira; aprobar estos presupuestos es darle el visto bueno a una declaración de intenciones que finalmente dejan en caja más de 200 millones de euros, mientras son innumerables las mejoras y dotaciones de servicios básicos en muchas de las parroquias de los municipios de nuestra provincia; viabilizar este presupuesto es viabilizarlo a usted, es darle el visto bueno a sus reiteradas ausencias, es darle el visto bueno a la desigualdad, a la falta de oportunidades para nuestros municipios más pequeños, y a una falta de ejecución del presupuesto aberrante.

En definitiva, nosotros optamos por más soluciones y por menos anuncios, nosotros optamos por votarle no a usted y votarle no a su Gobierno.

Nada más y muchas gracias.

Sr. García Seoane

Eu, cando me presenteí na comarca para ser deputado, presenteíme para construír, non para destruír. Nos concellos hai que ir para construír e non destruír. Por tanto, eu non podo votar en contra duns orzamentos, a pesar de que haxa matices con estes orzamentos. Eu vou votar a favor dos orzamentos, indubidablemente.

Pero eu, se tivese a responsabilidade, eu metería máis diñeiro, lévoos dicindo varios anos, na obra pública directa da Deputación. Cando se fala de concellos pequenos, os problemas que teñen principalmente os concellos pequenos é que están illados, con estradas miserentas, que son de 4 metros e medio e que non se poden cruzar dous coches, cun risco moi grande para os peóns desas localidades..., son localidades, que se teñen que desprazar dunha aldea a outra, por tanto xogando

a vida. Eu creo que hai un investimento prioritario e non me canso de dicilo, se estou agora e se estou no futuro seguirei na mesma liña, para demandar máis diñeiro, moito máis diñeiro para as infraestruturas viarias. A Deputación ten máis de 2.000 km, son moitos quilómetros, hai que marcarse prioridades, pero hai que empezar dunha vez por todas, non a facer pequenas chapuzas, non a facer pequenos arranxos nas estradas, sobre as cunetas poñer un tubo, senón ampliar as estradas, dar seguridade ás persoas e buscar liñas que abran tamén esas vilas ao progreso. Porque, mentres estean illados, non van progresar nunca. E menos coas políticas que hai destes últimos anos onde a xente escapa totalmente das aldeas e as vilas, baléiranos, cando había que, e falamos moito diso os políticos, habería que rexurdir esas vilas, habería que implantar servizos e novas situacións que provoquen que o cidadán non marche e que algúns volvan ás aldeas. Porque nós temos unha Galicia marabillosa, cuns recursos moi grandes, aquí estabamos comprando o millo a Ucraína, e outras cousas, cando Galicia, eu cando andaba de músico vía toda Galicia chea de millo, de trigo, etcétera, e resulta que agora, desde hai uns anos non vía máis nada que toxo, toxo e toxo. Agora xa empeza a haber, o outro día fun pola comarca, por Santa Comba e por aí, e encantoume ver que a xente volve plantar, que se dan conta de que teñen ao lado da súa casa un recurso que lle estaban pagando aos demais. Por tanto, hai moito que facer nese aspecto e aí nesa liña é na que creo que as deputacións é onde teñen que traballar fondamente. Por tanto, a Deputación pode actuar sen contar cos concellos para nada para mellorar a calidade de vida deses núcleos, centos, miles, 30.000 fálase de núcleos que hai en Galicia illados por todo o territorio galego. Por tanto, esa é unha das cousas que eu penso.

Creo que tamén dos fondos da Deputación, eu sei que en política vende moito iso de dar unha subvención, un regalo, toma, douche isto..., houbo quen chegou a presidente da Federación Galega de Fútbol nalgunha localidade, nalgún país, chámese Galicia, que xogaba coas dádivas da Deputación para que lle votaran: “Se me votas, o campo de fútbol x...”. Iso é tremendo; por tanto, ollo coas dádivas, porque as dádivas é tirar os cartos públicos, e as dádivas hai que empregalas, se se quere facer cultura desde a Deputación, pódese, pero tamén se pode facer desde os concellos; as partidas que van a determinadas áreas, cultura, servizos sociais, quen mellor que os concellos, que coñecen os veciños, que saben das necesidades; quen mellor que os concellos para desenvolver esas políticas e non, por poñer un exemplo, que non quere dicir que estea ben ou mal: “imos levar os nenos á neve a non sei onde, alá a Cataluña”. Pois iso pódeno facer os concellos tranquilamente, sen facelo directamente a Deputación, ou outras cousas parecidas. Por tanto, creo que as dádivas había que revisalas tamén porque son, cada día, porque os servizos xurídicos e técnicos da Deputación o fan así e tamén nos concellos, cada día hai máis control, e é moi difícil xustificalas por parte de quen as recibe e tamén se pon nun apuro aos técnicos das institucións á hora de terse que enfrontar aos políticos cando non se pode xustificar o inxustificable. Por tanto, aí eu creo que tamén merecía unha política distinta.

Respecto ao que dicía o Sr. Ben agora, dicía que hai un diñeiro que se tiña que investir nos concellos. Xa dixen que hai que investir nos concellos e hai que deixar que os concellos fagan as súas políticas e, cando erren, chamalos á orde. Pero aquí nesta Deputación, nestas últimas dúas lexislaturas, houbo pactos, tamén os houbo na anterior, onde eu non recibía nada, por certo, antes destas dúas

lexislaturas, e onde se repartía un diñeiro por convenios políticos, nas asignacións directas que a Intervención case sempre está en contra delas, pero que se levaron adiante e se seguen levando adiante. Eu recoméndolle ao Sr. Ben que cando chegue a un pacto coa Deputación, que o terá que facer, porque van seguir gobernando, pois que nese momento digan que os cartos que van ao Partido Popular se destinen exclusivamente, porque o deciden vostedes, aos municipios pequenos. Que iso é o que teñen que facer, e deixen os grandes de lado. Por tanto, é moi fácil, hai operacións que son moi fáciles á hora de tomalas. Eu teño un montón de municipios rurais que necesitan tal e non lles vou dar nin ás cidades nin aos que están preto das cidades. Pero ese é un criterio que ten que tomar no seu momento o que recibe un diñeiro que lle din: “ten vostede isto para repartir co seu partido político”. Iso é o que eu tamén lle recomendo.

Por tanto, non vou ir a máis porque é falar por falar. Creo que dixeran o que tiña que dicir.

Saudar a nova deputada, veciña de Oleiros, e que todo marche en condicións, que todo marche en condicións para todos. Para min tamén, en Culleredo, a pesar das campañas que se fan para intentar derrocar o líder de Alternativa na comarca, que non sexa deputado, creo que lles vai saír mal a xogada a todos os que o intenten, e o tempo o dirá. Por tanto, aquí estou, aquí estarei e aquí seguirei dando a brasa para defender aquilo no que creo firmemente.

Nada máis, o meu voto é a favor.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, bo día a todos a todas, e benvida a nova compañeira de Corporación.

Quería comezar a intervención tirándolle das orellas ao meu compañeiro Antonio Leira porque, á vista da intervención do voceiro do Partido Popular, equivocouse de orzamento, debeulle de entregar o orzamento doutra institución, da Xunta de Galicia, ou incluso de anos precedentes da Deputación Provincial da Coruña. Dende logo, a súa intervención nada, absolutamente nada ten que ver co orzamento que imos hoxe debater, nin coa xestión que se fixo nesta Deputación.

A verdade é que claro, eu penso que hai unha frase na súa intervención que resume perfectamente cal é a motivación do seu voto en contra, e é, dicía vostede “visibilizar este orzamento é visibilizalo a vostede”; é dicir, vostedes votan non contra o señor Valentín González Formoso porque é o secretario xeral do Partido Socialista en Galicia e porque está facendo unha boa xestión nesta Deputación da Coruña, que confronta coa que fan vostedes na Xunta de Galicia, porque chama a atención que veña vostede falar aquí de colectivos desfavorecidos, de colectivos que necesitaron axuda durante a pandemia, de colaborar cos concellos pequenos, vostede que é representante do Partido Popular, que goberna a Xunta de Galicia.

Emprázoo a vostede a que me diga cantos fondos reparte a Xunta de Galicia entre os concellos de menos de 20.000 habitantes cun criterio obxectivo, criterio obxectivo, non co dedo vendo o carné do alcalde que goberna nesa Administración. É

curioso que sexa vostede do Partido Popular quen veña dicir aquí, como dixo e tomei nota ademais diso, que desde esta Deputación se entregaban os fondos, desde este Goberno, tendo en conta a cor política do concello onde se goberna. Surrealista! Non será iso o que pasaba cando gobernaba aquí o señor Diego Calvo? Porque si, si, tomei nota aquí ademais: “esta institución está ao servizo de todos os concellos, non a los de un signo político”. Está ben, igual o dixo así, o cal me congratula, porque pode ser que, de tantas veces que llo repetín, por fin o teña vostede aprendido e é a verdade que esta institución está ao servizo de todos os concellos, non só dalgúns. Porque cando gobernaban vostedes esta institución repartían o noventa e pico por cento das nominativas entre os concellos do Partido Popular, que non representaban o noventa e pico por cento dos concellos desta provincia.

E tiñan vostedes un raquítrico plan de obras e servizos que repartía 20 millóns de euros con criterios obxectivos fronte a 100 millóns de euros aproximadamente que estamos repartindo desde que se creou o Plan único con criterios obxectivos: poboación, dispersión poboacional, presión fiscal, etc., etc., non tendo en conta quen goberna, que é o que facían vostedes. Ou aqueloutros datos tan maravillosos do DTC.

E chámame a atención que diga vostede aquí, ademais, que neste Goberno da Deputación que non se apoia os concellos pequenos, que non se cumpre co obxectivo da Deputación. Voulle dar uns datos pequenos, de varios concellos que teño aquí do seu partido: o Concello de Curtis recibía no 2014 cando gobernaban vostedes esta institución polo DTC 160.720 euros, no POS do ano 2022 recibiu 749.000 euros. O Concello de Coirós, tamén gobernado por vostedes, no ano 2014, cando estaban aquí, recibiu do DTC 95.000 euros fronte aos 382.000 que recibe do POS 2022. O Concello de Arteixo recibía co DTC, no ano 2014, 333.000 euros fronte a 1.922.000 que recibiu co POS 2022. A Laracha recibía no ano 2014 co DTC 214.000 euros fronte a 1.400.000 euros que recibiu co Plan único 2022. O Concello de Ordes 246.000 euros no ano 2014 co seu DTC fronte a 1.495.000 do ano 2022, ou o Concello de Cabana, 155.000 euros fronte a 855.000.

Pois se iso, tendo en conta estes datos que son obxectivos, non os estou inventando eu, que saen dos distintos informes das áreas que interveñen na súa tramitación, esta Deputación é sensible 3 veces máis que cando gobernaban vostedes con eses pequenos concellos; ademais non cos pequenos concellos, porque ás veces falamos dos concellos e non é do concello, senón cos cidadáns deses concellos que cos seus impostos financian as administracións. Vostedes o que facían era repartir os cartos entre os concellos do Partido Popular e neste DTC ademais pervertindo o que era a función última e o que é a función última dunha Deputación, primando as cidades porque o criterio era o de poboación. Polo tanto, as grandes cidades, como a da Coruña, que ten máis orzamento que esta Deputación, recibía máis cartos da Deputación que os concellos pequenos. Esa non é a función dunha Deputación, compartirá vostede comigo tendo en conta que as deputacións, como todos e todas sabemos, están para colaborar cos concellos pequenos, para reducir a brecha que hai entre o rural e o urbano, etc., etc.; e para garantir que eses concellos pequenos poidan ter servizos para a súa cidadanía fronte a aqueles grandes.

Dende logo, considero que o Concello de Coirós vai poder prestar máis

servizos aos seus veciños do rural e, polo tanto, cohesionar mellor coa trama urbana desta provincia se lle damos case 400.000 euros fronte a 95.000 que lle daban vostedes. E entendo o mesmo no Concello da Laracha, que fronte a 214.000 que lle daban, se agora ten 1.400.000, pois poderá lóxicamente prestar mellores servizos e infraestruturas para os seus veciños e veciñas. Polo tanto, é bastante surrealista a súa intervención, que é tan tremendista que, claro, acaba sendo absurda porque, efectivamente, ningunha xestión é perfecta, porque ninguén é perfecto e polo tanto haberá determinadas cuestións relacionadas coa xestión deste Goberno que poidan ser criticables, pero cando se critica absolutamente todo e se chega ao extremo de dicir cousas como as que acaba de dicir vostede aquí, e que hai os sectores, que este presidente e este Goberno, que foi alleo ao sufrimento de moitos sectores, home, non é por nada, pero recibimos ou repartimos só co PEL Emprego, que por certo non existía cando vostedes gobernaban, as políticas de emprego cando vostedes gobernaban nesta Deputación non pasaban dun millón e medio de euros, non pasaban dun millón e medio de euros ao ano, durante os catro anos que gobernaron, é dicir, unha suma, vamos facelo así *grosso modo*, de 6 millóns de euros; en 6 anos que levamos aquí temos repartido nós co PEL 106 millóns de euros para a xeración de emprego, que axudaron a xerar 5.376 empregos nesta provincia, son datos obxectivos non os estou inventando eu. Hai 2.062 empresas apoiadas a través dese PEL e 159 emprendedores que están nuns *coworking* creados pola Deputación Provincial da Coruña. Ademais diso, houbo 4.472 axudas directas a sectores afectados pola pandemia, como puido ser neste caso o sector das orquestras, o combustible, o comercio, etcétera, etcétera, moitas delas ademais lémbrolle, nun exemplo de boa xestión fronte á Xunta de Galicia do Partido Popular, repartidas en horas: dende que se facía a solicitude da subvención ata que se pagaba pasaban entre 6 e 13 horas, non entre 6 e 13 semanas, como podemos ver noutras moitas ocasións cando a Xunta de Galicia xestiona neste caso pois algunha deste tipo de achegas.

En vías e obras, voulle dar outros datos obxectivos: en conservación e investimento en 7 anos deste Goberno investimos 120 millóns de euros; en conservación e investimento nos catro anos do seu goberno 40. Polo tanto 40 por 2, se botasen vostedes 8 anos, serían 80, ata 120 faltan outros 40 máis, e nós fixémoslo en 7 non en 8 nin en catro como vostedes. Polo tanto, se a xestión deste Goberno é tan mala con estes datos, a vosa, a do voso partido era pésima nesta Deputación e é pésima noutra Administración que goberna, a Xunta de Galicia, que nin de lonxe se achega no esforzo investidor e de apoio que fai aos distintos sectores afectados pola pandemia, afectados pola crise, ás familias ou aos concellos, en comparación co esforzo que fai esta Deputación, que ten un orzamento de 200 millóns de euros fronte a 13.000 millóns de euros que vai ter a Xunta de Galicia.

E hai liñas de achegas para eses sectores que puxo en marcha esta Deputación que son moi superiores, a pesar desa inmensa diferenza orzamentaria, que as que pon en funcionamento a Xunta de Galicia. Xa o puidemos ver cando foron as axudas aos gremios de hostalería e hotelaría que esta Deputación facía un esforzo moi superior no seu orzamento que a Xunta, e, é máis, na reunión á que fomos convocados polo Clúster da Hostalería e de Turismo, propúxose que a Xunta fixese o mesmo esforzo orzamentario porcentualmente que facía esta Deputación e o que fixo, o que naquel momento era vicepresidente e hoxe presidente da Xunta xunto coa

conselleira foi levantarse da reunión e dicir que non ían poñer máis do que tiñan sobre a mesa. Polo tanto, tamén en sensibilidade gañamos ao Partido Popular, de aí o absurdo da súa intervención e que, en todo caso, loxicamente nunha regra de 3, como lle acabo de explicar, se tan mala é a xestión deste Goberno con estes datos que acabo de arrojar así de forma moi resumida, loxicamente comparados cos datos que podíamos ter cando estaban vostedes aquí, son moitísimo peores e penso que queda perfectamente claro cal é o posicionamento do seu grupo, como dixen inicialmente, con que isto é un voto de non contra Valentín González Formoso, nin sequera contra o presidente da Deputación, senón contra Valentín González Formoso, secretario xeral do PSdG-PSOE que a vostedes por algún motivo non lles acaba de gustar moito e intentan aproveitar a intervención nesta Deputación para atacalo como xestor. Pero, en todo caso, gustárame que puidese vostede confrontar cos datos da Xunta de Galicia en moitos dos eidos que acabo de manifestar sobre todo porque eu son alcalde e moitos dos que estamos aquí sentados e incluso algún do público tamén o é, e sabemos como reparte os fondos a Xunta e sabemos os fondos que nos chegan a todos e a todas. Así que sería importante que empecemos a aplicar aquilo do que presumimos e que lle esiximos aos demais, porque “consejos vendo que para mí no tengo”, dende logo en política pois pouco achegan para mellorar a calidade de vida e o entorno da nosa sociedade.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Brevemente, sin ánimo de reabrir el debate. Yo, cuando uno hace alusión a la aportación que recibían algunos ayuntamientos en el año 2014, a lo mejor se está refiriendo al DTC y no a la suma de todos los planes que había en aquel momento, señor Fernández, eso es hacer trampa. Comparar lo que se recibe ahora del POS con lo que se recibía en aquel momento del DTC, habría que sumar otros planes que había en aquel momento. Usted lo sabe perfectamente que es así, y me gustaría saber qué dirían al que le representa a usted en el Parlamento, le veo a usted preparado para temas autonómicos. Yo no estoy aquí para hablar de temas autonómicos, pero me gustaría saber si la señora Ethel Vázquez presentara en los presupuestos de la Xunta un presupuesto de inversiones en el capítulo 6 de su departamento sin indicar qué mejoras va a hacer, qué infraestructuras va a hacer y la aportación de cada una de ellas, cómo bramarían ustedes en arameo.

Y, hablando de competencias impropias, les voy a dar la razón, les voy a dar la razón en una cosa, ya que tanto protestan por unas competencias impropias, que están asumiendo con temas de infancia y demás espero que no se les pase por la cabeza traer aquí una propuesta para asumir nuevas competencias impropias en temas de mayores, porque entonces yo les volveré a dar la razón y les diré no, no, no asumamos más competencias impropias porque aquí lo estamos haciendo mal. No voy a abrir aquí un debate con el tema de...

Y no es votar contra Valentín González Formoso por ser secretario general del PSdeG, si estamos encantados, nos lo están diciendo los datos, no estarán ustedes tan encantados, los datos que tenemos le dicen que tenemos que estar encantados y ustedes lo saben. El problema es el nerviosismo que puedan tener ustedes.

Preocúpense máis por los que están gobernando con ustedes, que son su verdadeiro problema y no por nosotros.

Nada máis muchas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Servizo central de recadación	20
Zonas recadatorias	21


Servizo de asistencia técnica a concellos	22
Servizo de vías e obras	23
Servizo de xestión de plans	24
Servizo de arquitectura e mantemento	25
Servizo de promoción económica, turismo e emprego	26
Servizo de desenvolvemento territorial e transición ecolóxica	27
Servizo de acción social, cultural e deportes	28
IES Puga Ramón	29
IES Rosalía Mera	30
Centro residencia cultural Pazo de Mariñán	31
Fogar Infantil Emilio Romay	32
Centro de día de menores de Ferrol	33
Conservatorio profesional de danza	34
Biblioteca	35
Servizo de planificación e xestión de recursos humanos	36
Servizo de organización	37
Servizo de informática e administración electrónica	38
Servizo de sistemas e soporte	39




GABINETE DA PRESIDENCIA




ASESORÍA E ASISTENCIA XURÍDICA




SECRETARÍA XERAL




SECCIÓN DE INFORMACIÓN E ACTAS




SERVIZOS INTERNOS




ARQUIVO




IMPRENTA




PARQUE MÓBIL




SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN




INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA




SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO




SERVIZO DE CONTABILIDADE




SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS




TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS




SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA




SERVIZO CENTRAL DE RECADACIÓN







SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A CONCELLOS




SERVIZO DE VÍAS E OBRAS




SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS




SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO




SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO



SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA



SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES




IES PUGA RAMÓN

ÁREA MATEMÁTICAS	ÁREA LINGUA CASTELÁ	ÁREA LINGUA GALEGA	ÁREA INGLÉS	ÁREA XEOGRAFÍA E HISTORIA	ÁREA CIENCIAS DA NATUREZA	ÁREA FÍSICA E QUÍMICA
PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.8 A1 Vacante	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.23 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.18 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.16 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.24 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.21 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.17 A1
PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.15 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.2 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.33 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.19 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.25 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.12 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.1 A1
PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.30 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.35 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.11 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.22 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.5 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.45 A1	
PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.32 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.34 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.43 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.44 A1			
PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.31 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.6 A1					
PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.29 A1	ÁREA FRANCÉS PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.10 A1	ÁREA DEBUXO PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.13 A1	ÁREA ORIENTACIÓN PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.27 A1	ÁREA EDUC. FÍSICA PROFESOR/A DE EDUCACIÓN FÍSICA 1.1.88.1 A1	ÁREA RELIXION/ALTERNATIVA PROFESOR/A DE SECUNDARIA Laboral indefinido 1.1.56.42 A1	ÁREA ECONOMÍA PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.36 A1
ÁREA LATÍN PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.4 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.9 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.20 A1	PROFESOR/A DE APOIO 1.1.153.1 A2	PROFESOR/A DE EDUCACIÓN FÍSICA Interinado c/ reserva 1.1.88.2 A1		
ÁREA TECNOLOXÍA PROFESOR/A DE SECUNDARIA Interinado c/ reserva 1.1.56.26 A1	ÁREA FILOSOFÍA PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.14 A1	ÁREA MÚSICA PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.56.28 A1		PERSOAL NON DOCENTE TÉCNICO/A DE XESTIÓN ADMON XERAL 1.1.178.43 A2	CELADOR/A-SUBALTERNO/A Interinado 1.1.201.2 AP	SUBALTERNO/A 1.1.11.16 AP
PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.56.39 A1				ADMINISTRATIVO/A ADMON XERAL Interinado 1.1.15.154 C1	MOZO/A DE SERVIZO AXUDANTE 1.1.396.1 AP	

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA	FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL	FABRICACIÓN MECÁNICA	ELECTRICIDADE	MADEIRA	ARTES GRÁFICAS
PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.57.1 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.2 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.11 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.9 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.4 A1	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.57.5 A1
PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP Vacante 1.1.93.17 A2	PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.7 A1	PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.19 A2	PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.2 A2	PROFESOR/A DE SECUNDARIA Vacante 1.1.57.10 A1	PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.7 A2
ORIENTACIÓN PROFESOR/A DE SECUNDARIA 1.1.57.8 A1			PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.13 A2	PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP Vacante 1.1.93.1 A2	PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.11 A2
			PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.8 A2	PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.6 A2	PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.3 A2
			PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.5 A2	PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP Vacante 1.1.93.10 A2	PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.4 A2
			PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.9 A2		PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP 1.1.93.15 A2
SERVIZOS XERAIS			PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP Vacante 1.1.93.18 A2		
	XEFATURA DE DEPARTAMENTO A1/A2/B 1.1.426.1	AUXILIAR ADMÓN XERAL Interinado 1.1.3.131 C2			
	ADMINISTRATIVO/A ADMÓN XERAL 1.1.15.214 C1				
	TELEFONISTA 1.1.118.5 AP	SUBALTERNO/A Interina – Adsc. Prov AP 1.1.11.17	COCIÑEIRO/A 1.1.125.9 C1/ C2	COCIÑEIRO/A Interinado 1.1.125.10 C1/ C2	COCIÑEIRO/A 1.1.125.2 C1/ C2
ORDENANZA Interinado 1.1.397.2 AP	ORDENANZA Interinado 1.1.397.1 AP	AXUDANTE COCIÑA Interinado 1.1.128.1 AP	AXUDANTE COCIÑA 1.1.128.5 AP	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Interinado 1.1.133.6 AP	


CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN



FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

			DIRECTOR/A Interinado 1.1.149.1 A1			
PSICÓLOGO/A 1.1.71.1 A1	ADMINISTRATIVO/A ADMIN XERAL 1.1.15.135 C1	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.43 C2	ADMINISTRADOR/A Interinado A1 1.1.429.1	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado B 1.1.412.13	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Interinado 1.1.174.3 C2	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado B 1.1.412.14
EDUCADOR/A Interinado 1.1.169.4 A2	TELEFONISTA Interinado 1.1.118.4 AP	AUXILIAR EDUCADOR/A A transformar en Eduador/a Infantil_B Efectos: novembro 2023 1.1.173.38 C2	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.16 B	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.44 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Interinado 1.1.174.6 C2	CELADOR/A Interinado 1.1.120.51 AP
EDUCADOR/A Interinado 1.1.169.5 A2	ENCARGADO/A DE PORTERÍA Vacante 1.1.399.3 AP	EDUCADOR/A INFANTIL Vacante 1.1.412.9 B	AUXILIAR EDUCADOR/A A transformar en Eduador/a Infantil_B Efectos: novembro 2023 1.1.173.17 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.51 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Interinado 1.1.174.5 C2	CELADOR/A Interinado 1.1.120.9 AP
EDUCADOR/A Interinado 1.1.169.6 A2	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.1 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL 1.1.412.10 B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.22 C2	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.17 B	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Interinado 1.1.174.7 C2	CELADOR/A 1.1.120.50 AP
EDUCADOR/A Interinado 1.1.169.7 A2	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.3 C1/B	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.23 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A 1.1.173.40 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.47 C2	AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO/A Interinado 1.1.174.8 C2	CELADOR/A 1.1.120.33 AP
TITOR/A 1.1.151.10 C1/B	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.4 C1/B	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.9 C2	EDUCADOR/A INFANTIL B 1.1.412.3	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.49 C2	COCIÑEIRO/A Interinado 1.1.125.1 C1/ C2	CELADOR/A Interinado 1.1.120.54 AP
TITOR/A Interinado 1.1.151.2 C1/B	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.2 C1/B	AUXILIAR EDUCADOR/A A transformar en Eduador/a Infantil_B Efectos: outubro 2023 1.1.173.20 C2	EDUCADOR/A INFANTIL B 1.1.412.4	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.3 C2	COCIÑEIRO/A 1.1.125.3 C1/ C2	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Interinado 1.1.133.2 AP
TITOR/A Interinado 1.1.151.4 C1/B	TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.5 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL 1.1.412.11 B	EDUCADOR/A INFANTIL B 1.1.412.5	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.5 C2	COCIÑEIRO/A Interinado 1.1.125.7 C1/ C2	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Interinado 1.1.133.5 AP
TITOR/A Interinado 1.1.151.1 C1/B	TITOR/A Interinado 1.1.151.3 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.15 B	EDUCADOR/A INFANTIL 1.1.412.1 B	AUXILIAR EDUCADOR/A Interinado 1.1.173.50 C2	AXUDANTE DE COCIÑA 1.1.128.2 AP	OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS Interinado 1.1.133.4 AP
TITOR/A DE GARDA Interinado 1.1.150.7 C1/B	EDUCADOR/A INFANTIL 1.1.412.12 B	EDUCADOR/A INFANTIL Interinado 1.1.412.6 B	EDUCADOR/A INFANTIL 1.1.412.2 B	EDUCADOR/A INFANTIL 1.1.412.7 B	EDUCADOR/A INFANTIL 1.1.412.8 B	COCIÑEIRO/A C1/ C2


CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL




CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

PROFESOR/A DE DANZA 1.1.73.2 A1	PROFESOR/A DE DANZA Vacante 1.1.73.1 A1	PROFESOR/A DE DANZA Interinado 1.1.171.3 A1	PROFESOR/A DE DANZA 1.1.171.4 A1	PROFESOR/A DE DANZA 1.1.171.5 A1	PROFESOR/A DE DANZA 1.1.171.1 A1
PROFESOR/A DE MÚSICA- PIANISTA 1.1.72.6 A1	PROFESOR/A DE MÚSICA- PIANISTA 1.1.72.8 A1	PROFESOR/A DE MÚSICA- PIANISTA 1.1.72.7 A1	PROFESOR/A DE MÚSICA- PIANISTA 1.1.72.2 A1	PROFESOR/A DE MÚSICA- PIANISTA 1.1.72.1 A1	
ADMINISTRATIVO/A DE ADMON XERAL Interinado 1.1.15.221 C1	SUBALTERNO/A Interinado AP 1.1.11.33				


BIBLIOTECA PROVINCIAL




SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS




SERVIZO DE ORGANIZACIÓN



SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA



SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE



41.- Dación de conta das resolucións de presidencia números 44218/2022 e 44219/2022 polas que se cesa e nomea persoal eventual.

Dáse conta das resolucións de presidencia número 44218/2022 pola que se dispón o cesamento de persoal eventual e da número 44219/2022 pola que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

42.- Proposta da Presidencia ao Pleno do 25 de novembro de 2022 sobre cambio da data da sesión ordinaria do duodécimo mes de 2022

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

O artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes. Por outra banda, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2022 correspondería celebrala o día 30 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 23 de xullo de 2019, PROPOÑO AO PLENO, previo ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao duodécimo mes de 2022 celebrarase o día 22 de decembro, xoves, a partir das doce horas".

43.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, para o cofinanciamento do proxecto VOZ NATURA 2022

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto **"Voz Natura 2022"**, propónse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa **Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre**, NIF G15620651, para regular unha achega de **72.000,00 €** para cofinanciar o Proxecto **"Voz Natura 2022"**, cun orzamento subvencionado de 144.534,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 49,8153 %
4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220000360, da aplicación orzamentaria 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral.
5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2023 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 30 de xuño de 2023.
6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución

Número /2022

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY

FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “VOZ NATURA 2022”

Na Coruña, a de de 2022

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña
D., en representación da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e re- fundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Según recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos “fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica”.

As actividades da Fundación se encamiñan á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor se realiza nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e se concreta en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.

Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é a execución do proxecto “VOZ NATURA”, que é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade, e co que a Deputación da Coruña ven colaborando dende hai anos.

I. OBXECTO

CLÁUSULAS

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre” (G15620651), para o cofinanciamento do proxecto “Voz Natura 2022”.

Aínda que o proxecto “Voz Natura” se desenvolve en toda a Comunidade Autónoma

de Galicia coincidindo coa duración de cada curso escolar, a achega provincial está referida ás actividades que se desenvolven na Provincia da Coruña durante o presente ano 2022, dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro, polo que abrangue parte das actividades xa realizadas durante o curso escolar 2021-2022 e parte das que se realicen no curso escolar 2022-2023.

II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á Provincia da Coruña ascende a 144.534,00 €, e ten o seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios	58.220.00
Mensaxería e promoción e gastos administrativos	9.225.00 €
Premios colexios e actos Voz Natura	7.380.00 €
Asistencia técnico-ambiental e informativa aos proxectos	19.988.00
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.895.00 €
Coordinación e seguimento do proxecto	40.906.00
Plan de comunicación proxecto Voz Natura	4.920.00 €
TOTAL	144.534.00

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,8153 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 49,8153 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

IV.10 outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade

beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

IV.2 Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

IV.3 No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

V.1 Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

V.2 Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.
- Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o

- previsto na cláusula VIII.
- Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.
 - Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes da finalización do prazo de vixencia indicado na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.
4. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.
5. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

IX.1 A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

IX.2 Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

IX.3 Sen prexuízo dos libros e rexistros contabeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

X.1 Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

X.2 Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguírase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao

interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

XII INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2022, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2023.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 30 de xuño do 2023, poderá solicitar a prórroga do prazo inicial de xustificación cunha antelación dun mes a esta data, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar el convenio variando sustancialmente el obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio."

44.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para o financiamento da realización das actividades do proxecto "LAB BARBANZA 22.0 Dinamización do Coworking do Concello de Boiro", dentro do Plan de Emprego Local, anualidade 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo co Concello de Ames para financiar o proxecto "LAB BARBANZA 22.0 DINAMIZACION DO COWORKING DO CONCELLO DE BOIRO", na anualidade 2022, propónse á Comisión de transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais do concello solicitante e a súa memoria de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención

nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co CONCELLO DE BOIRO, CIF P1501100J, para regular a achega de 60.000,00€ para cofinanciar o proxecto “LAB BARBANZA 22.0 DINAMIZACION DO COWORKING DO CONCELLO DE BOIRO”, cun orzamento subvencionado de 75.000,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220051830, da Partida 0520/24100/46201 do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar el presente gasto a la existencia de crédito adecuado y suficiente en el ejercicio 2022 toda vez que la vigencia del convenio se extiende hasta el 31 de marzo de 2024

6. Aprobar el texto del convenio que se transcribe y facultar al Presidente de la Corporación para su formalización y ejecución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO “LAB BARBANZA 22.0 DINAMIZACION DO COWORKING DO CONCELLO DE BOIRO”, DENTRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, ANUALIDADE 2022

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D., en representación do Concello de Boiro

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Boiro consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o autoemprego e

apoiar novas iniciativas empresariais como base para o desenvolvemento socioeconómico, así como para a creación de emprego sostible, innovador e de calidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Boiro, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro CIF P1501100J, para o financiamento do Proxecto “Lab Barbanza 22.0 Dinamización do coworking do Concello de Boiro”, que ten como finalidade o desenvolvemento económico local e comarcal a través do apoio e fomento de iniciativas empresariais no territorio, co consecuente efecto positivo sobre a creación de emprego e riqueza do tecido produtivo.

O proxecto ten como principais obxectivos:

- Fomentar o emprendemento e o autoemprego na comarca do Barbanza, detectando e canalizando axeitadamente a potenciais persoas emprendedoras.
- Dinamizar o tecido empresarial da comarca do Barbanza coa dinamización dun espazo de coworking a disposición de novos proxectos emprendedores.
- Converter o espazo de coworking nun laboratorio de emprendedores no que se desenvolvan proxectos en fase beta.
- Dotar aos emprendedores dos coñecementos, competencias e habilidades necesarias para dirixir e encamiñar ao éxito os seus futuros proxectos empresariais.
- Practicar as técnicas necesarias que lles permitan enfrentarse aos axentes do mercado (inversores, institucións financeiras, etc) e conseguir con eles os recursos financeiros necesarios para a posta en marcha e crecemento dos seus negocios.
- Achegar as empresas en activo da comarca, ferramentas, coñecementos e recursos que permitan mellorar a súa competitividade e xestión empresarial.
- Traballar especificamente proxectos de mellora da xestión empresarial en sectores estratéxicos para a comarca.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

O Concello de Boiro levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	
Coordinación e execución do proxecto	12.000,00€
Actividades de dinamización do coworking: emprenday/demoday/workshops/startalks	6.550,00€
Programa formativo LAB Barbanza II	14.900,00€
Aceleración: montoring/simulación empresarial	14.950,00€
SOLDOS E SALARIOS	
Dinamizador/a oficina técnica	18.000,00€
COMPRAS DE BENS DESTINADOS Á ACTIVIDADE	
Material de oficina	600,00€
PUBLICIDADE E PROPAGANDA	
Campaña de difusión	6.000,00€
Material de difusión	2.000,00€
Total custo proxecto	75.000,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Boiro de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do

gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Boiro o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Boiro axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o Concello de Boiro tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A identidade corporativa do espazo de traballo deberá cumprir cos requisitos esixidos no "Protocolo común de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede Provincial", mantendo a súa uniformidade. De xeito que tanto no logotipo do centro, como na súa páxina web e perfís de redes sociais, deberá figurar o logotipo da Rede Provincial de Espazos de Traballo xunto co nome do espazo.
2. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal
3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas do Concello de Boiro.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54 das Bases de execución do orzamento para o ano 2022, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:
 - a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.
 - b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logro de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso, será tamén de aplicación o previsto no artigo 27.3 e 4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación (publicada no BOP número 150 do 10 de agosto de 2021):

“3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable”.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Boiro, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe da achega provincial, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. O Concello de Boiro estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Boiro, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. Este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.

3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Boiro na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Boiro terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boiro deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Boiro a para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Boiro da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Boiro na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Boiro terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Boiro deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial, a determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Boiro destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boiro poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Boiro queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo

dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boiro serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boiro será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2023**.

2. Para o caso de que o Concello de Boiro non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **30 de novembro de 2023**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Boiro perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da

Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello de Boiro, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio."

45.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para o financiamento da realización das actividades do proxecto "AMES AV LAB Laboratorio para o impulso da nova produción audiovisual dende o Concello de Ames", dentro do Plan de Emprego Local.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo co Concello de Ames para financiar o proxecto "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES", na anualidade 2022, propónse á Comisión de transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais do concello solicitante e a súa memoria de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade,

igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co CONCELLO DE AMES, CIF P1500200I, para regular a achega de 160.000,00€ para cofinanciar o proxecto “AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES”, cun orzamento subvencionado de 200.000,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80%.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220051947, da Partida 0520/24100/46201 do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2022 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de marzo de 2024.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO “AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES”, DENTRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D., en representación do Concello de Ames

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ames consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos que dinamicen a actividade empresarial e fortalezan o tecido produtivo a nivel local. Ambas as partes estiman necesario avanzar na posta en marcha de proxectos nun sector produtivo de grande importancia para o Concello e a provincia, como é o sector audiovisual; impulsando a profesionais do sector no seu percorrido inicial profesional e creativo.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Ames, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames, CIF P1500200I, para o financiamento do Proxecto de “**AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES**”, para a posta en marcha dun laboratorio de aceleración de proxectos audiovisuais, que busca impulsar a produción, o fomento do talento emerxente e a dinamización do sector audiovisual.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

O Concello de Ames levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
1. Gastos diversos	65.000,00€
Atencións protocolarias e representativas (Evento final)	16.000,00€
Publicidade e propaganda (Comunicación e difusión)	17.500,00€
Reunións, conferencias e cursos (Av- School: itinerarios formativos; Plataforma online)	31.500,00€
2. Traballos realizados por outras empresas e profesionais	65.000,00€
Estudos e traballos técnicos (Coordinación e asistencia técnica para a execución do programa; Itinerarios personalizados de titorización e asesoramento)	65.000,00€
3. Transferencias correntes	70.000,00€
Bolsas para o desenvolvemento de proxectos	70.000,00€
Total custo proxecto	200.000,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 160.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 80% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Ames de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Ames o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Ames axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de Ames tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A identidade corporativa do espazo de traballo deberá cumprir cos requisitos esixidos no "Protocolo común de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede Provincial", mantendo a súa uniformidade. De xeito que tanto no logotipo do centro, como na súa páxina web e perfís de redes sociais, deberá figurar o logotipo da Rede Provincial de Espazos de Traballo xunto co nome do espazo.
2. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal
3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas do Concello de Ames.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54 das Bases de execución do orzamento para o ano 2022, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:
 - a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.
 - b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.
 - c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logro de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.
 - d) En todo caso a entidade beneficiaria deberá ter aberta unha conta bancaria co título "AMES AV LAB LABORATORIO PARA O IMPULSO DA NOVA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL DENDE O CONCELLO DE AMES". Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado unha infracción simple e sancionada co importe que resulte de aplicación da Ordenanza

xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

“3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable”.

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Ames, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. O Concello de Ames estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Ames, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. Este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.
3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de novembro de 2022 e o 1 de novembro de 2023**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ames deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ames terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Ames deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a

que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Ames destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ames poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ames queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de

desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2024**.

2. Para o caso de que o Concello de Ames non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **31 de marzo de 2024**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ames perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello de Ames, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio."

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos ás actuacións de control, hai unha primeira moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás traballadoras de Inditex.

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás traballadoras de Inditex

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de novembro setecentas traballadoras dependentas das tendas de Inditex na provincia da Coruña e de toda Galicia manifestáronse nas rúas da Coruña esixindo a equiparación salarial cos traballadores doutros departamentos da mesma empresa que, nalgúns casos, como o persoal do centro loxístico e de almacén, chega mesmo a duplicar o salario das dependentas. Este feito pon de manifesto, como denuncian as propias traballadoras, a existencia dunha fenda de xénero no seo da propia empresa, pois aquelas seccións ocupadas maioritariamente por traballadores varóns perciben un salario sensiblemente superior á sección do persoal das tendas, ocupado na súa meirande parte por mulleres.

"Estamos fartas de non chegar a fin de mes", clamaban así mesmo as traballadoras na mobilización do pasado 6 de novembro, pois a elevada inflación continuada dos últimos anos supuxo unha perda progresiva do seu poder adquisitivo, o que provoca que só mediante a acumulación de horas extraordinarias e de traballo na fin de semana poidan completar un salario digno co que cubrir as súas necesidades básicas. O seu dereito ao descanso e á conciliación da vida familiar e laboral vese, pois, afectado de maneira evidente por este feito.

Así mesmo, as traballadoras esixen que as negociacións das súas condicións

laborais se negocien de xeito preferente en Galicia e non en Madrid, como está acontecendo na actualidade, o que supón unha perda de súa capacidade negociadora, baseada nas fortes mobilizacións pasadas que pretenden continuar no futuro.

Nestas datas nas que se aproban fermosos textos e declaracións públicas a favor da igualdade real entre homes e mulleres, é preciso lembrar que a existencia dunha fenda salarial de xénero permanece intacta no noso mercado laboral, mesmo en empresas, como Inditex, que ofrecen cada trimestre beneficios multimillonarios.

O principio de “a igual traballo igual salario” está lonxe de se ver cumprido no noso mercado laboral, que segue reservando para as mulleres os empregos máis penosos e peor pagados.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Manifestarse a favor da igualdade real entre homes e mulleres tamén no mercado laboral.
2. Declarar que as condicións laborais dos traballadores e traballadoras galegas deben negociarse de xeito preferente no noso país.
3. Apoiar ás traballadoras de Inditex na nosa provincia nas súas xustas reclamacións.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente. Vimos hoxe na declaración institucional con motivo do 25 N aprobaron declarar unha serie de intencións ou, digamos, de posicións políticas e ideolóxicas favorables á igualdade entre os xéneros, máis aínda nun momento no que asistimos a un inesperado combate desde posicións ultramontanas a aquilo que parecía unha conquista, como era a igualdade entre os xéneros. Estamos ultimamente asistindo a un verdadeiro –e inesperado, insisto– combate a este principio da universalidade da igualdade entre os dous xéneros, o 25 de novembro e hoxe é tamén a data na que por segundo día consecutivo as traballadoras dos centros, das tendas de atención ao público de Inditex na nosa provincia e na nosa cidade pois están de folga. Están de folga por algo que ten unha relación directa co contido da declaración institucional que lemos ao principio desta sesión, que é porque esixen igualdade real nos salarios e nas prestacións na empresa para a que traballan. Nas reunións que mantivemos con elas, o que nos comunicaban é que, a pesar de ser elas traballadoras dunha empresa que presenta, como todos sabemos, unhas cifras de negocio e de beneficios xigantescas, cousa que por outro lado tampouco nos parece mal, parécenos perfectamente ben, será que fan ben as cousas, o certo é que non existe esta equidade no que ten que ver cos salarios que veñen cobrando as súas traballadoras. É dicir, elas vense forzadas sistematicamente a traballar as fins de semana para chegar a un salario que na maior parte dos casos nin tan sequera cobre as súas necesidades vitais mensuais, é dicir, non chegan a final de mes.

Esta é unha situación de por si inxusta, pero ademais ten o seu agravio comparativo de que os seus compañeiros homes que traballan no centro loxístico e

noutras unidades da empresa masculinizadas pois si veñen percibindo unhas importantes diferenzas tanto nas prestacións salariais como noutro tipo de prestacións. Pensamos que é motivo de sobra o volume de persoas atinxidas por esta situación como para traer esta moción aquí hoxe. Propúxosenos que foramos a unha votación separada dos 3 puntos resolutivos, parécenos ben e non temos ningún problema en que así sexa. Os 3 puntos que se propón aprobar son os seguintes:

En primeiro lugar, a Deputación da Coruña maniféstase a favor da igualdade real entre homes e mulleres, tamén no mercado laboral.

En segundo lugar declara que as condicións laborais dos traballadores e traballadoras galegos deben negociarse de xeito preferente no noso país.

E, en último lugar, apoia as traballadoras de Inditex da nosa provincia nas súas xustas reclamacións.

Sra. Muíño Filgueira

Efectivamente, hoxe vimos de escoitar dar lectura a unha declaración institucional que fai referencia a unha cuestión moi concreta, que é a violencia como expresión máxima de desigualdade social e, efectivamente, estaba facendo o Sr. Lema referencia ao acaído en especial cando temos que ver como, eu non falaría de combate, senón que me referiría a estas situacións como o que son, situacións de violencia política e institucional que non se deben permitir e que por parte das institucións pois debemos ter claro este compromiso.

Considero que este debate e o contido da moción se deben dar de xeito separado. Efectivamente, a moción fai referencia a unha demanda de avanzar nas condicións de igualdade entre homes e mulleres, e fai referencia concretamente ás desigualdades salariais que se dan nesta e noutras empresas cando nos referimos a postos da mesma categoría profesional pero vinculados a sectores máis feminizados ou máis masculinizados, como é o caso que se reflicte nesta moción.

Efectivamente, aquelas persoas profesionais que traballan máis vinculadas a centros de loxística ou de almacén son sectores máis masculinizados; e o sector que está vinculado á tenda e á figura son sectores máis feminizados. En calquera dos dous lados, imos atopar mulleres e homes. Efectivamente, o que aquí se demanda é unha medida correctiva que o que vai facer é gañar en igualdade no sector da empresa. Polo tanto, nós entendemos que é unha demanda xusta e que, ao mesmo tempo, este tipo de medidas correctivas que contribúan a eliminar a fenda salarial real deben ser apoiadas e amplificadas na medida do posible. Daquela nós anunciamos o noso apoio á moción en calquera dos seus 3 puntos.

Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo.

Vamos a ver, sin entrar ya en la exposición de motivos y yendo a los puntos del acuerdo. Es obvio que nosotros al punto primero, que dice: “manifestarse a favor da igualdade real entre homes e mulleres tamén no mercado laboral”, es obvio que vamos a votar a favor, porque así lo creemos, porque no habla en el caso concreto de la tienda de Inditex. Porque la pregunta que yo le tendría que hacer a usted, señor

Lema, es: ¿en una tienda de Inditex de cualquiera de sus diversas marcas, un dependiente por el hecho de ser hombre cobra más que una dependienta por el hecho de ser mujer?, yo creo que eso no es lo que se está tratando en esta moción; se trata de departamentos distintos en una multinacional, en una empresa como es Inditex, por puestos distintos, trabajos distintos, y remuneraciones distintas. Porque quiero decir, este primer punto podría dar lugar a entender que por el mismo trabajo una persona por el hecho de ser hombre cobra más que una mujer, lo cual sería completamente reprochable. Yo entiendo que eso así no debe ser, pero en todo caso al punto primero le vamos a votar a favor porque estamos completamente de acuerdo en que haya igualdad real entre hombres y mujeres en el mercado laboral.

Respecto al punto segundo: “declarar as condicións laborais dos traballadores e traballadoras galegos deben negociarse de xeito preferente no noso país”. Oiga, los representantes legítimos para negociar con una empresa, los representantes de los trabajadores son aquellos sindicatos mayoritarios y, si el sindicato mayoritario no está afincado en nuestro país o hacen esta negociación..., entonces en este punto nosotros no le vamos a poder votar a favor, porque es que no tiene mucho sentido lo que dicen, es contravenir un poco las reglas de juego que están estipuladas de esta manera, pero no por nosotros, por los agentes sindicales, no es una cuestión de querer quedar bien con los demás.

Tercero: “apoiar as traballadoras de Inditex na nosa provincia nas súas xustas reclamacións”. Yo evidentemente no sé si las reclamaciones son justas o no, no puedo dictaminarlo. Yo sí quiero decir una cosa: tenemos conocimiento de que Inditex es una multinacional y, repito, si el señor Ortega no existiese, creo que tendríamos que entre todos inventarlo, ojalá hubiera más señores Ortega y ojalá hubiera más empresas como Inditex con las condiciones laborales de los trabajadores de Inditex; y como yo no sé si son justas o no son justas estas reivindicaciones, no podemos dar por hecho lo que usted nos dice, y en los puntos 2 y 3 nosotros vamos a votar en contra y vamos a votar que sí al punto primero, gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Nós agradecemos que se permita votar en puntos polos motivos que vou dar a continuación. É dicir, nós en primeiro lugar entendemos que a Deputación non debe inmiscirse nos procesos de negociación laboral que haxa entre as empresas e sindicatos, tendo en conta que neste mesmo momento non só pode haber un problema como este en Inditex, senón que pode haber outras moitas empresas na provincia que non por ser máis pequenas que Inditex e ter menos empregados non poidan ter o mesmo problema e que estean a negociar coas súas empresas. E, polo tanto, obrigaríanos aquí a traer cada vez que hai un caso destas características, que serán bastantes, imaxino, e máis tendo en conta a situación económica que estamos a vivir, que está a vivir o noso país nestes momentos con esa inflación que, polo tanto, reduce a capacidade económica dos traballadores e das traballadoras, pois lóxicamente nos obrigaría a traer sempre, porque non haberá traballadores de primeira e de segunda, serán todos iguais independentemente de que traballen en Inditex ou en Calzados Marujita e sexan tres dependentas nada máis. Polo tanto, nós, repito, entendemos que unha Administración como a Deputación ou un concello, se quixésemos velo así, non deben entremeterse nese tipo de negociacións, se ben

podemos entender que as reclamacións que se poidan trasladar na parte sindical poidan ser máis ou menos xustas.

Neste caso concreto, é verdade, e comentábao agora o voceiro do Partido Popular, que hai unha parte dos sindicatos que están a favor dun acordo e que xa chegaron a un acordo coa empresa, sindicatos que tamén representan a empregados e empregadas desa empresa, non só os que están en contra representan traballadores e traballadoras, senón que xa hai unha parte desa masa laboral da empresa que xa chegou a un acordo, por tanto hai unha parte que non. Nós non imos dicir que teña máis razón ou menos razón, pero tendo en conta que unha parte si acepta e chega a un acordo coa empresa, nós nese terceiro punto absteríamonos, non porque non compartamos que poidan ser esas reclamacións xustas, senón porque hai tamén unha parte deses traballadores e traballadoras que xa chegaron a un acordo con esa empresa.

No punto número 1 loxicamente estamos totalmente de acordo, faltaría máis; a igualdade efectiva entre homes e mulleres en calquera ámbito e no laboral tamén. E no punto número 2 si que efectivamente aí non votariamos a favor; nós entendemos que dende unha óptica nacionalista se poida apoiar que os convenios colectivos se negocien desde aquí, nós respectámolo loxicamente, faltaría máis, pero non o compartimos e polo tanto nese punto 2 votariamos en contra.

Por facer un resumo: punto 1 a favor, punto 2 en contra e no terceiro punto abstención polos motivos que acabo de esgrimir.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Imos ver, no concello de Oleiros viven un importantísimo número de traballadores e traballadoras desta empresa, pero un importantísimo número desde hai moitísimos anos, non desde que Amancio Ortega ten tanta popularidade, senón cando a empresa era menor. Eu bato con todas esas persoas, baten comigo, vémonos en sitios e o comentario sempre foi positivo como traballadores, que é difícil nunha empresa que un traballador diga que se encontra ben, que hai un trato distinto a outras empresas, que é certo ademais que se reparten os dividendos a final de ano, faltaba máis, unha empresa gaña cartos, pero hai empresas que gañan cartos e non reparten nada. Esta ao parecer, segundo os traballadores, repártelles un pequeno fondo ao final de ano entre todos os traballadores.

Cando se fala de masculinizar, teño constancia de que nesa empresa hai tantas mulleres como homes, ou atreveríame a dicir que hai máis mulleres que homes, e non das que cosen ou das que revisan as pezas, senón tamén de directivas. Eu no concello de Oleiros teño varias mulleres que son directivas e que andan polo mundo representando a empresa da que estamos a falar. Por tanto, está claro que eu defendo e defendín sempre, e iso ninguén pode ter dúbida de que loito pola igualdade. Eu no concello de Oleiros somos 3 homes e 9 mulleres no goberno, por tanto a min que ninguén me fale de igualdade porque está máis que demostrada, 9 mulleres e 3 homes. Por tanto, non hai lugar a dúbida ningunha do que eu penso sobre o tema de tal. Por tanto, eu o que me vou é abster de todo isto nos 3 puntos, a pesar de que estou nesa liña do primeiro punto, pero voume abster para que non

haxa confusión á hora da miña votación.

Sr. Lema Suárez

Si, moi brevemente en canto á oportunidade de traer unha moción que trata da situación de conflito laboral no seo dunha empresa, existen precedentes nesta mesma Corporación, tratáronse xa asuntos da antiga Ferroatlántica, actual XEAL en Cee; ou tamén, xa non unicamente nunha empresa, senón nun sector, tamén houbo posicionamento respecto da folga do metal na provincia da Coruña. Eu creo que, como case todo pode ser política, pero desde logo as cuestións de índole laboral, para min, desde a miña óptica política, desde a miña óptica ideolóxica, son máis políticas aínda.

En canto ao que preguntaba o señor Ben respecto a se existe discriminación no mesmo posto de traballo: non, existe, enténdese discriminación entre traballos que precisan unha cualificación semellante: almacén e tenda neste caso. En todo caso, se vostede precisa ampliar esta información, eu convídoos a que se xunte coas representantes das traballadoras, que elas mesmas estarán encantadas de expoñerlle o seu caso. Creo que está accesible a todos nós.

En canto a por que se pide, non é nacionalista que se pida que haxa un ámbito galego de relacións laborais, non é nacionalista. Iso entra dentro da lóxica de que a composición sindical da clase traballadora galega ten a súa propia singularidade, non é homologable nin é idéntica á do conxunto do Estado. E iso produce exclusións nas mesas de negociación estatal. Iso non é nacionalista, é así; efectivamente, neste país a diferenza doutros existe un peso do sindicalismo nacionalista moi relevante, pero precisamente porque existe un ámbito estatal de negociación das relacións laborais, venise excluídos nas negociacións de segundo grao ou nas estatais. Polo tanto, a nós parécenos que o lóxico é que aquí exista ese ámbito de negociación, que por certo ademais en moitos casos, e este é un deles, se distingue por que, grazas ao traballo e ao combate e ao propio compromiso das traballadoras e dos seus representantes, acadan unhas condicións laborais comparativamente mellores. Iso é así e, polo tanto, eles o que queren é non verse penalizados cando sucede o contrario; que as conquistas sociais que eles acadan grazas ao seu compromiso e á súa loita neste país se vexan minoradas cando se levan a ámbitos superiores. Polo tanto, non é exactamente unha visión nacionalista das relacións laborais, é atender á especificidade da composición da clase traballadora galega e da súa representación sindical que produce, insisto, estas exclusións.

Por último, nós o que queremos é que cadaquén se poida posicionar en todos os puntos, por iso pensamos que o mellor é facilitar a participación nesta moción e por iso propoñemos ou aceptamos esa división en puntos da votación.

Sra. Muíño Filgueira

Non o podo evitar. Eu quixera preguntar, non sei se alguén ten o dato, o número de mocións a respecto de apoio a demandas de traballadores en diferentes empresas que se teñen debatido neste Pleno e acadado o apoio sen cuestionalo. Parece que, en relación a esta concretamente, non somos capaces de centrar o debate na demanda que se fai. Paréceme perverso, pero terriblemente perverso, utilizar de forma baleira a palabra igualdade. Claro que podemos apoiar todos o punto

un, pero non somos capaces de recoñecer que o colectivo de traballadoras dependentas reclamen que se equiparen as súas condicións salariais ao resto de traballadores da mesma categoría. Non se está cuestionando outra cousa, estase falando dunha cuestión que é relativa á eliminación da fenda salarial.

Entón, supoño que, se nos referiramos a calquera outra empresa, non teríamos esta dificultade do debate. Pero quedarnos no punto 1 e non ser capaces de recoñecer que promover a igualdade salarial dentro das empresas e, xa digo das empresas, é unha demanda política na que todos deberíamos estar de acordo, pois dá que pensar.

Sr. Ben Otero

Es que yo no sé, debemos de tener un problema de dicción, seguramente yo asumo que lo tengo, o igual de atención por parte de los demás. Es que aquí no estamos hablando de lo que tú has comentado, de lo que usted ha comentado, señora Muíño, por favor, no es eso, por eso yo hice la pregunta que no fue por hacer. Porque usted dice “atender a las dependientas”, oiga, será también pedir igualdad para los dependientes, ¿o equipara usted el sueldo de las dependientas y no el de los dependientes? La cuestión es: ¿a las personas, por razón de sexo en el mismo trabajo, se las discrimina en la misma función? Esa es la gran pregunta que hacemos nosotros. Yo no conozco a muchos trabajadores de Inditex. Bueno, conozco bastantes, los que conozco están encantados de trabajar en Inditex, sinceramente se lo tengo que decir, señora Muíño, sinceramente se lo tengo que decir. Es que no entiendo lo que usted quiere decir, que nosotros porque hablamos de Amancio Ortega y de Inditex vamos a votar de una manera distinta que si hablásemos de Textiles Pepiño, si existiera; pues no, yo pongo la misma postura en Textiles Pepiño que en Inditex, que negocien los representantes sindicales con la empresa, por el amor de Dios, es que no se trata de otra cosa, no le voy a permitir que usted me etiquete a mí de vaciar la palabra igualdad y firmar un manifiesto, y luego... No, esto no va así. Porque, por cierto, hace poco tiempo la señora Pontón visitó Inditex, tuvo oportunidad de decírselo a los dirigentes de Inditex aquel día, que vuelva a pedir la reunión y se lo vuelva a comentar, por el amor de Dios no se puede ser tan, tan, tan... con perdón, bueno, no voy a utilizar el término.

Gracias, nada más.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, unha aclaración porque hai cousas que matizar, Sr. Lema e Sra. Muíño, esta non é a primeira vez que vén unha moción a Pleno de apoio a uns traballadores? Non. Esta é a primeira vez que se trae unha moción a Pleno de apoio a uns traballadores nunha negociación dun convenio colectivo para un incremento salarial? Si. Non é o mesmo vir aquí apoiar os traballadores de Alcoa cando se anuncia o peche da empresa ou doutras empresas cando se está despedindo xente, ou doutros sectores cando falta carga de traballo, que vir apoiar un sector, neste caso uns traballadores, a unha parte dos traballadores, porque outra parte si chegou a un acordo, cando hai un convenio colectivo, ou un convenio, que se está negociando coa empresa e que supón unha petición dun incremento salarial, que non entro a valorar se é xusto ou inxusto. Por tanto, hai un matiz. Non ten nada que ver este caso, nunca, é a primeira vez que se trae unha moción nestas características concretas que acabo

de definir. Por tanto, hai unha diferenza, vamos intentar peneirar un pouco os asuntos para que non fagamos todos un *totum revolutum*.

Dito o cal, Sr. Lema, si que creo que hai unha óptica nacionalista porque podería haber outra forma de redactalo, que é, tendo en conta iso que ti dis que eses sindicatos máis autonómicos que non teñen presenza nas mesas de negociación estatal, poderíanse solicitar en lugar de que se negocie no ámbito de Galicia, solicitar que se modifique o marco legal a nivel estatal, para que eses sindicatos autonómicos poidan estar representados nesas mesas de negociación estatal, e iso non é o que se pide. Polo tanto, dende o punto de vista consciente ou subconsciente para nós si que hai un pouso de nacionalismo aí, que –repito– respectamos totalmente, nós non somos antinacionalistas, simplemente non o compartimos, pero si que cremos que, se non fose así, se non houbese ese pouso, poderíamos protexelo doutra maneira. Por tanto, quero aclarar ambas as cousas porque hai moitas cousas que matizar, non podemos tampouco facer afirmacións de forma tan xenérica cando hai moitos matices polo medio que loxicamente inflúen directamente no noso caso, no caso deste grupo pois no noso posicionamento nesta moción, que non é en contra das súas reivindicacións, pero xustas ou inxustas hai unha parte dos traballadores que non negaremos que xa chegou a un acordo coa empresa, e hai outra parte que non. Pero máis alá diso, nós como Deputación entendemos que non debemos abrir a porta para meternos pois nese mundo de negociacións de convenios porque iso nos obrigaría a traer aquí outras moitas mocións nunha cuestión na que non temos competencia e na que ademais, por desgraza, a Deputación pouco ou nada, mellor dito, pode achegar, porque o que poidamos votar hoxe aquí non vai ter ningunha repercusión no desenlace desa negociación, que eu espero que sexa a máis vantaxosa para ambas as dúas partes sen lugar á dúbida. Iso é o que queríamos aclarar.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Eu tiña a intención de non intervir demasiado neste punto, pero a verdade é que as intervencións dos compañeiros me obrigan un pouco a iso.

A ver, eu esta xornada do 25 N vanse sacar unha morea de estatísticas, a maior parte delas dramáticas, sobre a cuestión da violencia física e doutros tipos de violencia, pero existen moitísimas outras situacións de violencia, algunhas delas simbólicas. Un dos datos que sempre se salienta nesta xornada é que existe de media un 30% de fenda salarial entre o que cobran os homes e as mulleres. Entón, aquí podemos agora preguntarnos por que sucede isto, por que sucede isto?, porque existe unha repartición do traballo que ten esa clasificación xenérica, e é evidente, como non. Nunha sociedade como a que temos, na que afortunadamente o nivel educativo entre homes e mulleres é parello, e hai que dicir que desde hai tempo, na miña xeración e nas posteriores, é superior o das mulleres ao dos homes, que curioso, que despois cando chegue ao mercado laboral pois o que din as estatísticas é que veñen cobrando un 30% menos. Ben, non vou dicir que é antes neste caso, o ovo ou a galiña, é o emprego o que se paga menos antes de que estea a muller traballando nel ou son aqueles empregos feminizados os que se acaban pagando menos? É que non o sei, pero as estatísticas a verdade é que non se discuten demasiado: hai un 30% de diferenza de salarios de media entre os homes e as mulleres, e hai unha equiparación na formación profesional. Polo tanto, é evidente que

temos un problema. Eu non sei se é máis penoso ou máis valioso o traballo que se fai nos centros loxísticos ou nos almacéns, ou nas tendas. Vaia, a verdade é que non entro niso, pero si me parece que é evidente que existe unha diferenza enorme na retribución salarial e que por iso me parece valioso que unha institución se posicione en algo que case que é abstracto, que non é concreto, que é a equiparación salarial entre homes e mulleres.

Sobre a segunda cuestión, de cal é a unidade de negociación das condicións laborais. Eu non sei se é nacionalista ou non é nacionalista, o que está ben é que teñamos as cousas claras respecto das consecuencias. É dicir, neste caso, froito da mobilización e do traballo sindical e da loita obreira, para este colectivo, como para moitos outros, negociar en Madrid as súas condicións laborais supón obxectivamente unha perda de beneficios laborais. Punto e fin, non hai máis. E isto sucede con moitos outros sectores, aínda que pareza un paradoxo, porque a clase obreira galega en moitos dos seus sectores se distingue pola súa combatividade e conseguen dereitos mellores. Pero a min tamén, facendo unha analoxía con outras cousas que se teñen debatido aquí. Claro, moitas veces por exemplo dicimos que ben que se produza máis enerxía eléctrica en Galicia de orixe renovable porque así imos ter unha diferenza despois no prezo do consumidor, iso é completamente falso, non existe; existe unha unidade do mercado e nós como país produtor non temos ningún beneficio de soste aquí o custo ambiental da produción. É nacionalista exixir pedir ou entender que sería lóxico que tivéssemos unha diferenza positiva en canto que país produtor, non, non é nacionalista, é completamente lóxico e é evidente; por que imos renunciar a iso que deba ser unha diferenza positiva para nós? Pois non, non sucede porque hai unha unidade de mercado, imposta. Pois aquí estamos nun caso semellante; desde logo non quero dicir que teñan a mesma importancia, pero son casos semellantes nos que pensamos que deba existir un centro de decisión a nivel de Galicia.

Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente penso que ese exemplo non é o máis acertado, Sr. Lema, con todo o respecto, porque cando se propón que haxa un, digamos unha serie de aspectos que sexan favorables, neste caso a Galicia, na xeración de enerxía, é porque Galicia nese caso está a soportar os inconvenientes ou como queira vostede chamalo da xeración de enerxía; por que?, porque imos ter eólicos que visualmente poden estragar a nosa paisaxe, porque podemos ter centrais hidroeléctricas que afectan os nosos ríos, porque podemos ter centrais térmicas que contaminan o noso medio ambiente, non temos centrais nucleares afortunadamente, pero que iso non é comparable con que nós non soportamos ningún tipo de inconveniente por ter Inditex en Galicia, ao contrario, penso que é positivo, temos aquí ao alcalde de Arteixo, que estará encantado de telos alí seguramente e todos os que estamos aquí nos nosos concellos. E Galicia para a xeración de emprego e de riqueza que produce aquí non é comparable en absoluto, Sr. Lema, unha cuestión con outra, son exemplos totalmente dispares, como acabo de dicir.

E, despois, penso que todos os grupos da Corporación dixemos que estabamos de acordo con o punto 1, que é o que fala precisamente do que levamos aproximadamente uns vinte e pico minutos debatendo e estando todos de acordo, dando a impresión de que non estamos; polo menos nós dixemos que votaríamos a

favor dese punto, creo que o Partido Popular tamén dixo que votaría a favor dese punto e, polo tanto, non ten moito sentido que esteamos discutindo sobre algo que todos e todas compartimos.

É verdade tamén, lía agora nun medio de comunicación, que “aunque aseguran sentirse bien representadas, las dependientas van a intentar hasta el último momento formar parte de esas conversaciones”; din que se senten ben representadas por eses representantes sindicais, pero aínda así elas, a título persoal, queren estar nenas negociacións, acaban de solicitalo e parece ser que finalmente non sei se lles vai conceder. Polo tanto, entendemos que ao final nas negociacións deste tipo de procesos hai moitísimos intereses e variados cada un por cada unha das persoas que pode haber alí e en todo caso por iso dicimos que a Deputación non debe entremeterse, porque agora xa vemos que dentro os que están reclamando iso xa non están todos xuntos, xa hai uns que queren ir por un lado e outros polo outro. Por tanto..., e iso é lícito, non o poño en cuestión nin o critico, pero en todo caso entendemos que a Deputación da Coruña ten que quedar á marxe disto, que é a negociación dun convenio que é a primeira vez –repito e quero remarcalo– que se trae á Deputación, a este Pleno unha moción sobre a negociación dun convenio colectivo dunha empresa, co cal abririámos como dixeran antes unha fiestra que nos levaría a traer todas e cada unha das negociacións de convenios colectivos e os problemas que poidan xurdir a raíz desta a este Pleno, e considero que este non é o ámbito no que teñamos que falar destas cuestións.

Nada máis e moitas grazas.

Procede a votarse a moción por puntos:

Votación do Punto 1:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Votación do Punto 2:

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 deputados/as (4 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: 25 deputados/as (14 do PP e 11 do PSOE)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Votación do punto 3:

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 deputados/as (4 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: 12 deputados/as (11 do PSOE e 1 de Alternativa dos Veciños)

O Pleno aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás traballadoras de Inditex"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de novembro setecentas traballadoras dependentas das tendas de Inditex na provincia da Coruña e de toda Galicia manifestáronse nas rúas da Coruña esixindo a equiparación salarial cos traballadores doutros departamentos da mesma empresa que, nalgúns casos, como o persoal do centro loxístico e de almacén, chega mesmo a duplicar o salario das dependentas. Este feito pon de manifesto, como denuncian as propias traballadoras, a existencia dunha fenda de xénero no seo da propia empresa, pois aquelas seccións ocupadas maioritariamente por traballadores varóns perciben un salario sensiblemente superior á sección do persoal das tendas, ocupado na súa meirande parte por mulleres.

"Estamos fartas de non chegar a fin de mes", clamaban así mesmo as traballadoras na mobilización do pasado 6 de novembro, pois a elevada inflación continuada dos últimos anos supuxo unha perda progresiva do seu poder adquisitivo, o que provoca que só mediante a acumulación de horas extraordinarias e de traballo na fin de semana poidan completar un salario digno co que cubrir as súas necesidades básicas. O seu dereito ao descanso e á conciliación da vida familiar e laboral vese, pois, afectado de maneira evidente por este feito.

Así mesmo, as traballadoras esixen que as negociacións das súas condicións laborais se negocien de xeito preferente en Galicia e non en Madrid, como está acontecendo na actualidade, o que supón unha perda de súa capacidade negociadora, baseada nas fortes mobilizacións pasadas que pretenden continuar no futuro.

Nestas datas nas que se aproban fermosos textos e declaracións públicas a favor da igualdade real entre homes e mulleres, é preciso lembrar que a existencia dunha fenda salarial de xénero permanece intacta no noso mercado laboral, mesmo en empresas, como Inditex, que ofrecen cada trimestre beneficios multimillonarios.

O principio de "a igual traballo igual salario" está lonxe de se ver cumprido no noso mercado laboral, que segue reservando para as mulleres os empregos máis penosos e peor pagados.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Manifestarse a favor da igualdade real entre homes e mulleres tamén no mercado laboral."

Sr. Presidente

Seguinte moción, de Marea Atlántica tamén contra o transfuguismo e na defensa da calidade democrática.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica contra o transfuguismo e na defensa da calidade democrática

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de xullo de 1998 asinouse o **Pacto Antitransfuguismo** por diversas forzas políticas do Estado, entre as que se atopaban o Partido Socialista Obrero Español, o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, tres das forzas presentes actualmente neste Pleno da Deputación da Coruña. A vixencia do pacto é total e dende a súa sinatura inicial non se fixo máis que ampliar e concretar esa vontade común de loitar contra o transfuguismo como cancro da política a extirpar. A moción de censura presentada este 4 de novembro (e que tivo lugar este 18 de novembro) no Concello de Sada contra o alcalde Óscar Benito Portela Fernández merece unha condena firme e unánime dos partidos políticos desta Deputación Provincial como entidade local na que se agrupan os concellos da Provincia da Coruña.

Este Pacto naceu pola necesidade de censurar, confrontar e poñer fin aos fenómenos de transfuguismo, que definían como unha patoloxía política do noso sistema que deteriora os fundamentos do sistema político e propicia disfuncións e comportamentos que poden instalarse de forma endémica na nosa vida pública. O Pacto, ampliado en diversas ocasións e actualmente denominado como Acordo sobre un código de conduta política en relación co Transfuguismo nas Institucións Democráticas, demostra o firme e amplo compromiso político contra a lacra do transfuguismo.

Xa no primeiro acordo de 1998 os partidos políticos asinantes comprometíanse a impedir a utilización de tránsfugas para constituír, manter ou cambiar maiorías de Goberno e non apoiar ningunha iniciativa que proveña dos mesmos, desincentivando o transfuguismo a través da adopción de medidas disuasorias de carácter económico, regulamentario e protocolario.

Realizáronse dende 1998 tres actualizacións, nos anos 2000, 2006 e 2020. Nestes apéndices, especifícase e amplíase a definición das situacións entendidas como transfuguismo. Deste modo no punto primeiro do acordo de 2006, defínese por tránsfuga:

“aos representantes locais que, traizoando aos seus compañeiros de lista e/o de grupo, -mantendo estes últimos a súa lealdade coa formación política que os presentou nas correspondentes eleccións locais-, ou apartándose individualmente ou en grupo do criterio fixado polos órganos competentes das formacións políticas que os presentaron, ou sendo expulsados destas, pactan con outras forzas para cambiar ou manter a maioría gobernante nunha entidade local, ou ben dificultan ou fan imposible á devandita maioría o goberno da entidade.”

Aclárase ademais, acto seguido, que:

“cando xurdisen dúbidas sobre que membros dunha lista e/o grupo político incorreron en transfuguismo, será a formación política que os presentou a que deberá aclarar por escrito cales deles apartáronse da disciplina de partido, a efectos da súa cualificación como tránsfugas. As medidas previstas neste Acordo con respecto aos tránsfugas, serán igualmente de aplicación a aqueles membros das entidades locais que se beneficien da súa conduta.”

Do mesmo xeito, na Adenda do 2006, tamén se concretaban os compromisos das organizacións asinantes para erradicar o transfuguismo debendo proceder á adopción das medidas regulamentarias e disciplinarias pertinentes. A tal efecto, no seu apartado Cuarto pactouse que “Subscrito este Acordo, os supostos de incumprimento ou desobediencia por algún dos grupos locais integrantes dos partidos asinantes, haberán de ser explicitamente rexeitados. Para iso os partidos políticos asinantes asumen a obrigaón de, mediante a aplicación dos seus propios Estatutos, incoar os correspondentes expedientes disciplinarios e expulsar da organización ao concelleiro tránsfuga, ou a aqueles que violenten o citado compromiso instrumentalizando ou apoiándose, no seu proveito, nos concelleiros tránsfugas”.

Non cabe dúbida por tanto, de que o acontecido no Concello de Sada é un acto de transfuguismo que debe ser reprobado. Ademais a reforma da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local impulsada e derivada do Pacto Antitransfuguismo, detalla a definición da figura do “edil non adscrito” como aquel concelleiro que abandonase os partidos ou agrupacións en cuxas candidaturas resultaron elixidos, aclarando no Art. 73.3 que “os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico de cada corporación”.

En coherencia co espírito da norma, a sentenza 1.401/2020 do 26 de outubro de 2020 resolve calquera dúbida sobre a interpretación da Lei 7/1985, confirmando o espírito disuasorio e a función clave da mesma no combate contra o transfuguismo en todas as súas manifestacións e interpretando o citado artigo 73.3 da lei de bases de réxime local indicando que este artigo **“sí impide que se asuman cargos o que se perciban retribucións que antes no exercían o percibía e implique mejoras personales, políticas o económicas”**. Doutrina xurisprudencia confirmada pola posterior STS de 16 de decembro de 2020.

É polo tanto claro e manifesto que a Moción de Censura presentada este 4 de novembro no Concello de Sada contra o alcalde Óscar Benito Portela Fernández é un acto de transfuguismo que de seguro terá consecuencias legais e xa ten consecuencias políticas, polo tanto debe ser tratado e reprobado neste pleno.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Manifestar e reafirmar o apoio ao Pacto Antitransfuguismo, amosando o seu compromiso por continuar combatendo o transfuguismo nas entidades locais

da Provincia da Coruña.

2. Reprobar a ilexítima Moción de Censura do 18 de novembro de 2022 no Concello de Sada dando apoio ao alcalde Óscar Benito Portela Fernández e ao seu goberno.
3. Instar os partidos políticos implicados a que desautoricen e expulsen á maior celeridade posible aos seus concelleiros desleais no Concello de Sada, precisando a súa condición de tráfugas.
4. Dar traslado deste acordo ao Concello de Sada así como á “Comisión de Seguimiento del Pacto por la Estabilidad Institucional y lucha contra el Transfuguismo Político”.

Sr. Lema Suárez

Non sei que votou finalmente o presidente na moción anterior.

Sr. Presidente

Abstívenme. Non, Sr. Ben?

Sr. Lema Suárez

Abstivécheste, moi ben, ben feito.

Tamén creo que nunca se trouxo aquí unha moción sobre este tema do transfuguismo, somos pioneiros en moitas cousas, pero creo que se xustifica porque dalgunha maneira todos os grupos temos algo que dicir no que acaba de acontecer en Sada, saúdo os compañeiros de Sada que están aquí arriba, entre eles o para nós o alcalde Benito Portela.

Permítanme que lea, vou facer un resumo porque podería ser un pouco longo e pesado facer lectura a esta moción. Nós defendemos que estamos ante un caso de transfuguismo. Existe un pacto antitransfuguismo, que é un documento político, e despois existe tamén unha regulación e unha xurisprudencia sobre esta cuestión. Entón, o día 4 de novembro, membros ata ese momento e aínda agora do Partido Popular, membros ata ese momento e agora xa non de Alternativa dos Veciños, e membros ata ese momento e agora incursos nun procedemento disciplinario do Partido Socialista promoveron unha moción de censura para desalojar da Alcaldía ese 4 de novembro a Benito Portela.

Se non me equivoco, creo que onte mesmo a nova alcaldesa, que me vou abster de citar polo seu nome, no Pleno de organización do novo Goberno, fixo unha repartición de áreas e funcións atribuíndolle a cada un deses concelleiros e concelleiras que vaian ocupar esas funcións, que non teñen aínda nome, atribuíndolles certa prestación salarial por ese traballo. Iso hai que dicir que xa existe xurisprudencia asentada sobre este suposto, incluso xurisprudencia asentada que atinxe tamén a concellos moi próximos á sede desta Corporación, que impide ese feito, impide que como resultado dunha moción de censura aqueles concelleiros e concelleiras que participaron nela poidan ver melloradas, poidan percibir novas, incrementadas, as súas prestacións salariais.

Entón, está claro, entendo polas declaracións e polos actos dos partidos, todos eles, insisto, presentes nesta Cámara, sobre este asunto, que todos eles desautorizaron expresamente esta moción e algúns deles tomaron as medidas xa inmediatas –refírome a Alternativa dos Veciños– para que pasasen a ser, automaticamente se lles facilitase a súa condición de non adscritos e de tráfugas e que outros están incursos, refírome ao Partido Socialista, no mesmo trámite, cuestión que lles agradecemos a todos eles. Pero nós consideramos que é o momento tamén de que aquí neste Pleno cadaquén volva posicionarse sobre a mesma cuestión, volva posicionarse sobre a súa opinión sobre o acontecido recentemente en Sada e que a nós nos parece realmente unha cuestión moi vergoñenta; falábase aquí algunha vez de cuestións de oportunidade a seis meses das eleccións, eu non fago esas valoracións, creo que simplemente é vergoñento en si mesmo con independencia de cal sexa o resultado das eleccións do 2023, que estamos seguros de que serán os mellores para o noso alcalde Benito Portela aquí presente.

Fíxosenos unha proposta de modificación do segundo acordo por parte do Partido Socialista, que é que non se nomease o apoio expreso da Corporación ao alcalde Benito Portela para facilitar a aprobación e porque talvez non sexa procedente, nós imos aceptala, porque o contido do resto dos puntos parécenos o suficientemente contundente. E o que din o resto dos puntos é o seguinte:

O primeiro punto: manifestar e reafirmar o apoio ao pacto antitransfuguismo amosando o seu compromiso a Deputación da Coruña para continuar combatendo o transfuguismo nas entidades locais da provincia da Coruña.

En segundo lugar: reprobar a ilexítima moción de censura do 18 de novembro de 2022 no Concello de Sada. Finalizaría aquí.

Terceiro punto: instar os partidos políticos implicados a que desautoricen e expulsen á maior celeridade posible os seus concelleiros desleais no Concello de Sada precisando a súa condición de tráfugas.

Por último, dar traslado deste acordo ao Concello de Sada, así como á Comisión de Seguimento do pacto pola estabilidade institucional e a loita contra o transfuguismo político.

Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo. Vamos a ver, vamos por partes. Respecto al punto primero para reafirmar el apoyo al pacto de transfuguismo, aquí hay que dejar varias cosas claras y tú ya comentaste alguna, Sr. Lema. Este es un pacto que se firma en el año 98; en aquel momento un concejal de un Ayuntamiento de Gobierno podía votar contra su alcalde siendo su propio partido, por las cuestiones que fueran, y su voto tendría validez. A día de hoy, con la modificación legal recogida en la LOREC, es imposible que una moción de censura, por ejemplo con el señor Portela, le hubiese censurado un concejal de su grupo de gobierno, eso no tendría ninguna validez ese voto. Sabemos que es así, hay casos por ahí adelante, tenemos constancia de ello que es así.

En consecuencia, digamos que aquel pacto está superado quizá por la propia

legislación, que impide que una persona pueda, por los motivos que sean, sin entrar en valoración, votar contra su partido para mejorar sus intereses por lo que fuere; es más, un alcalde a día de hoy de un ayuntamiento x que quede en minoría con su grupo, su grupo no puede censurarlo sin tener la mayoría absoluta, es imposible que salga de la alcaldía, legalmente. Claro, es difícil pedir el apoyo para un pacto antitransfuguismo, que el 2 de junio los expertos declaran tráfuga a López Miras, presidente de la Región de Murcia que iba a ser sometido a una moción de censura, después de un dictamen cuyo ponente fue Rafael Ibáñez Reche, exmarido de la ministra de Hacienda, María Jesús Montero, exabogado de Comisiones Obreras y exdiputado de Izquierda Unida en el Parlamento andaluz. Entendemos que, hombre, si el pacto antitransfuguismo se va a utilizar para declarar tráfugas o de ser de transfuguismo dependiendo de quién sea en cada caso, con claridad tenemos que decir que no apoyamos las cuestiones que se puedan sustanciar en estos tipos de tema. A favor del transfuguismo, por supuesto que no estamos, la ley ya lo recoge, ahora yo explícitamente no voy a apoyar un pacto antitransfuguismo que está siendo utilizado últimamente de manera torticera y con intereses políticos contra algunas formaciones políticas entre las que nos incluimos nosotros.

Dicho esto, quiero dejar manifiestamente claro que estoy más en contra de la moción de censura de Sada que tú, más en contra que tú, y así se lo hemos manifestado a nuestros concejales. Esa moción de censura no fue autorizada en ningún caso; es más, fue explícitamente informada en contra, se pidió que no se celebrara; a consecuencia de haberla celebrado obviamente, tú dijiste antes que había un proceso de expulsión en marcha o disciplinario en el Partido Socialista, también los hay en el Partido Popular, está en curso un expediente disciplinario por dos cuestiones: por no respetar las directrices de la dirección de partido y segundo por menoscabar y perjudicar la imagen del partido en Sada y a nivel general. Nosotros somos los más perjudicados seguramente de esta moción de censura, y lo voy a decir con claridad: el más beneficiado de esta moción de censura, políticamente hablando, no tengo ninguna duda de que es el propio alcalde censurado. Por eso tú ya has cambiado este tema en el segundo punto: dar nuestro apoyo a Óscar Benito Portela Fernández y a su Gobierno. Yo no puedo dar apoyo un alcalde que seguramente ha tenido muchos motivos para ser censurado durante los 7 años que ha gobernado, seguramente hubo motivos para haberlo censurado políticamente, desde luego no compartimos para nada ni el momento ni las formas en las que se ha hecho esta moción y creemos –como dijo él en el propio Pleno de la moción de censura– que los que tienen la palabra para censurar o no a 6 meses de las elecciones son los vecinos de Sada, son los que tienen que votar en las elecciones del 28 de mayo del año que viene en conciencia de lo que crean que es mejor. Pero también te anuncio una cosa para que no dé lugar a malos entendidos esto: ninguno de los concejales del Partido Popular que firmaron la moción de censura volverán a figurar en unas listas del Partido Popular, mientras la actual Dirección Provincial forme parte de la misma. Ninguno de los concejales que firmaron la moción de censura del Partido Popular volverá a figurar en una lista del Partido Popular mientras la actual Dirección Provincial esté al frente del partido en la provincia, sin ninguna duda, con claridad. Lo digo para que no queden atisbos de dudas de ningún tipo. El procedimiento está en marcha a instancias de la Dirección Provincial y espero que más pronto que tarde el Comité de Derechos y Garantías, que es el órgano competente para expedientar, expulsar y suspender de militancia, etcétera, etcétera, para el régimen disciplinario, sea quien tome la decisión, no somos nosotros. Porque evidentemente expulsar a un tío en un día contraviene cualquier tipo de trámite de audiencia, de explicaciones que

pueda dar, escuchar, etcétera. Nosotros somos un partido democrático, que actuamos de forma democrática y con claridad no vamos a apoyar esta moción por lo que incluye el pacto antitransfuguismo pero desde luego no apoyamos con claridad y con rotundidad la moción de censura que se ha llevado a cabo en Sada, donde el más perjudicado sin ningún tipo de dudas ha sido el Partido Popular de Galicia y ha sido el Partido Popular de la provincia de La Coruña y el Partido Popular de Sada, con claridad.

Gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, ben. Nós efectivamente propoñemos unha emenda nese punto número 2, que era, o que pon na proposta do Grupo da Marea é “reprobar a ilexítima moción de censura do 18 de novembro do 2022 no Concello de Sada dando apoio ao alcalde Óscar Benito Portela Fernández e o seu Goberno”, e nós propoñemos “reprobar a moción de censura do 18 novembro de 2022 no Concello de Sada”. Primeiro solicitamos que se retire esa palabra ilexítima, porque tamén o criticamos cando o Partido Popular definiu como ilexítima a moción de censura contra Mariano Rajoy, porque cando unha moción é ilexítima o seu resultado é que ese Goberno carece de lexitimidade; a nós non nos gusta o novo Goberno de Sada, non compartimos a moción de censura, pero non é ilexítimo porque legalmente pode selo tendo en conta que as mocións de censura son mecanismos que están perfectamente definidos no marco legal. Polo tanto, igual que o criticamos e non o aceptamos no caso do Partido Popular, facemos o mesmo neste caso, a pesar de non estar de acordo con esa moción de censura, de aí que a nosa emenda vaia por aí e foi a que trasladei ao voceiro da Marea Atlántica. Despois non é unha cuestión contra o alcalde de Sada e moitísimo menos e o seu Goberno, pero efectivamente nós como partido expulsamos temporalmente esas persoas, expúlsanse temporalmente, como ben dicía, neste caso un procedemento similar ao do Partido Popular, o voceiro do Partido Popular que me precedeu, porque é un proceso garantista. Igual que se te collen *in fraganti* roubando nun banco non te meten no cárcere xa cunha condena automaticamente ditada, senón que hai un proceso garantista que che permite defenderte, presentar os argumentos que consideres oportunos e a partir de aí hai unha resolución, que previsiblemente neste caso e ao 99,9% vai culminar na expulsión definitiva desas persoas do noso partido, porque os informes dos distintos órganos do partido, tanto provincial como nacional, así o recomendamos, o cal tamén vai impedir que poidan participar a partir dese momento na nosa formación política en calquera tipo de proceso e, polo tanto, tampouco estarían nas listas. Nós non compartimos a moción de censura, non autorizamos a moción de censura en ningún momento, desautorizámola e soubemos dela ademais pola prensa cando, unha vez que se asina e sae publicada, e entendemos tamén que neste caso, se hai algo que censurar ao alcalde de Sada e ao seu Goberno, terán que ser os veciños de Sada quen o fagan. Se novamente revalidan o apoio na súa persoa e se revalida a Alcaldía, pois será porque consideran que o está facendo ben. E, se non, será que consideran que non o fan ben. Pero dende logo non pode haber atallos desde o punto de vista democrático a 6 meses dunhas eleccións cunha moción de censura que ninguén entende e non apoia.

Efectivamente na súa xestión de goberno haberá cuestións positivas e cuestións negativas, como en todos os gobernos, ninguén é perfecto nin para ben nin

para mal, pero loxicamente aí sobre ese aspecto terán que manifestarse os veciños de Sada e non esta Corporación provincial e de aí que se faga esa emenda, que en absoluto, e á parte o alcalde sábeo, que temos unha moi boa relación persoal, que non vai con el, senón cunha cuestión formal, non de fondo. Así que nós o que propuxemos foi esa emenda que en principio se acepta e, polo tanto, votariamos a favor desa moción de censura. É verdade que sobre o transfuguismo non hai xurisprudencia, hai sentenzas en primeira instancia; esperemos que poida haber xurisprudencia para que poidan clarificar moito máis este tipo de situacións pois que, ao final, o que fan é danar a imaxe democrática das institucións e penso que todos e todas non compartimos en absoluto.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Neste asunto, eu teño outra forma de ver que é o que hai detrás de todo isto. E o que hai detrás de todo isto é utilizar a unha desvergonzada, que traizoa un partido político, que traizoa un ideario, unha forma de facer política, e que xa levaba tempo intentando traizoalo chamando ás portas doutros partidos políticos. A esta desvergonzada díxoselle dúas veces que tiña que marchar se non estaba de acordo, nós participamos como Alternativa no Goberno de Sada. Hai que dicir que non todo era marabilloso, porque claro aquí parece que hai bos e malos, hai bos e malos en todos os sitios; por tanto, había cousas que tiñan que mellorarse e, desde o punto de vista noso como partido, faltaba moito para que algunhas das cousas se levaran a cabo como se pactara.

Pero esta desvergonzada, se non estaba de acordo, tiña que marchar, e non marchou, no momento no que se lle di “esta é a política nosa, eu non vou traizoar ningún Goberno no que participo; se non estamos de acordo, deixa o cargo e segue na Corporación”, pero, non, non, o tema era que a ambición desmesurada desta elementa levouna a xa nun Pleno, unha vez que se lle dixo que non contabamos con ela para nada, a lanzar un órdago no Pleno da Corporación: “se non están vostedes de acordo, voten comigo unha moción de censura”.

Tiña unha aliada, que era a aliada do Partido Socialista, ten tal odio ao alcalde de Sada, que o demostrou durante un montón de tempo, tiña tal odio ao alcalde de Sada, que llo contaxiou á nosa elementa. Entón eran dúas persoas que odiaban tremendamente a Benito Portela. As razóns políticas non, as persoais, “non me deixa, non fago, non sei que”. Pois, se non che deixa, dille como ten que deixarche e, se non, pon as cartas boca arriba. Iso é o que tiñan que facer. Non o fixeron e artellaron durante un tempo todo isto. Para facer unha moción de censura había que contar con alguén que tivese os votos necesarios, neste caso o Partido Popular. O Partido Popular ten persoas en Sada, que foron votadas polo Partido Popular por certo, e que están detrás desta operación, que creron que era o momento oportuno para facer un partido en contra, o Partido Popular en contra de todos, non? Entón, esa persoa que vai ser o aval, vai ser o financeiro, vai ser o xurista... Todo isto en reunións que se celebraron en casas, que eu sei os domicilios, o domicilio, que era o domicilio dun, houbo esas reunións e esa conspiración para acordar que os 5 concelleiros que tiña neste caso o Partido Popular alí accedesen a iso.

Eu quero ver que non, pero todo parece dicir... Porque, claro, alcalde de

Oleiros acusado, cada vez que hai eleccións ao alcalde de Oleiros acúsaselle de 50.000 cousas; ao final, non hai un preito que lle gañen excepto preitos que son tremendamente inxustos, como foi o da praia de Santa Cristina para sacarme a min de alcalde por limpar e por protexer unha praia. Pois agora están con “Casa Carnicero”, onde o fiscal contrata un técnico independente para que diga se o alcalde de Oleiros prevaricou ou non prevaricou, e o técnico independente, creo que é de Lugo, di: o alcalde de Oleiros non prevaricou. Ah, pero non vale, e seguen co preito, liberan a uns e deixan a outros ao alcalde de Oleiros. Todo isto, iso ligado a isto, porque isto a nós, como Alternativa, fainos moito dano, fainos moitísimo dano, claro que si, e, sae unha por aquí e outra por alí, van facendo unha bóla de neve que eu vou romper antes de que chegue ao territorio abaixo, non vaia quedar a neve espaxada, e por tanto non van ter esa situación de facer desaparecer Alternativa dos Veciños da Deputación provincial, ninguén vai ser capaz de facer desaparecer Alternativa, porque, se non, está Gelo, está María José, está María de la O ou está María bendita. Hai montóns de persoas que substituirían a Gelo como deputado, porque si imos ter os votos. Nós temos 20.000 votos na comarca da Coruña, 20.000, que manda truco!, en 8 concellos. Polo tanto, a nós nin Deus vai ser capaz de sacarnos o deputado.

Detrás, xa digo, eu creo, ao mellor vexo demasiado, pero iso é o que está detrás en atacar de feito cruel un grupo que quere un traballo distinto, honesto e levalo adiante nas institucións onde participa e nos organismos nos que participa. E imos participar, isto xa nos pasou anteriormente en Arteixo; outro elemento que ía con nós aos dous meses di “co comunista non seguimos”, dilles aos compañeiros, reúneos e dilles “co comunista non seguimos”, e resulta que o botamos fóra porque por decisión maioritaria de todos os compañeiros, á maldita rúa. Ah, pero alíase no concello e segue cobrando aí a axuda e facendo o traballo a algúns. E agora ata vai presentar unha candidatura tamén que a ver quen lla financia, porque que eu saiba non ten moitas riquezas para financiarse, e con algún aliado que está por aquí polas portas da Deputación. Entón, isto é o que hai detrás dunha moción de censura, non é só cargarse a Benito Portela, que era o odio que lle tiñan a Benito Portela, senón facer dano a outros partidos e a nós en concreto preténdeno, pero non o van lograr.

E aquí hai temas moi raros, hai temas moi raros porque eu falei con Benito Portela nada máis sabelo, chamei de inmediato a Benito Portela e díxenlle “nós non temos nada que ver con esta elementa e, por tanto, a nosa postura é esta e ímolos botar de inmediato”. Reunín a executiva do meu partido e fixen o que había que facer. Pero eu o que non entendo hoxe é por que, se eu mando un acordo, unha acta dun grupo político que di que desde este momento non son concelleiros de Alternativa dos Veciños, pois non se leve ao Pleno, porque era para coñecemento, non hai ningunha secretaria que teña que informar nun papel que eu mando ao Pleno, ao alcalde, para que despois se levara ao Pleno. Quen fai a orde do día? O alcalde, e neste caso a orde do día era para coñecemento de que estas persoas non son de Alternativa dos Veciños, pois non se levou. Benito Portela dime que a secretaria di que non o informou e que por tanto non se podía levar, isto é o que me di Benito Portela. A min paréceme grave. Volvín mandar outro escrito e non se volveu levar, e antonte notificamos por burofax, porque non hai forma de notificarlles, porque se negan a coller o teléfono, por burofax notificámoslles que están na maldita rúa e que non siga utilizando, como hoxe vén na prensa, o nome de Alternativa dos Veciños para asegurarse un soldo ela e os secuaces que ían con ela, son ilegais totalmente; o soldo dela e o do outro lambón que vai con ela, eses dous podían seguir cos soldos

porque a normativa o di, non alteralo pero podían, pero os demais, os dous do PSOE e os 5 do PP, non poden cobrar soldos, non poden cobrar soldos e onte puxéronse soldos, pero tamén o alarmante é que a secretaria non informa disto. A secretaria está para informar destas cousas gravísimas. Si interveu a Intervención e di que non está de acordo e que xa se verá o que pase.

Están pasando cousas moi graves e hai aliados e aliadas e non sei que, non sei canto; o que está claro é que está unha liada de carallo, hai unha liada de carallo. Pero eu vou loitar por que as augas volvan ao seu leito en Sada, nós imos presentarnos en Sada, faltaba máis, imos presentar a nosa candidatura, aínda que a min non me supón Sada nada para ser deputado, porque é outro distrito comarcal. Pero voume presentar en Sada; dinme: non, é que sacas votos á esquerda, non saco votos a ninguén, eu non lle saco votos a ninguén, eu saco os votos de Alternativa dos Veciños, e ímonos presentar coa cara destapada, porque hai moitos que van ter que ir coa cara tapada, e eses elementos xa se está dicindo que van presentar a candidatura da man destoutro, que estivo no PP, expulsado por certo do PP, están dicindo xa que queren volver presentarse. Sería grave para a democracia, xa o veremos o día 28 de maio, que a esa xentalla que vai nesa lista, se a fan, os votasen, sería moi grave. Entón si que a democracia está ferida de carallo.

Por tanto, esa elementa e ese pallaso que ía con ela de Alternativa dos Veciños están expulsados sen máis, non hai paliativo ningún, sen máis, expulsados. Estou de acordo coa moción, creo que en política hai que estar máis atentos e, cando hai pactos hai que cumprilos e dar a cara e dialogar, e non facer políticas que ao final nos leven a estes desfiladeiros.

Nada máis.

Sra. Muíño filgueira

Non nos imos estender máis no debate e imos apoiar a moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Apróbase a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica contra o transfuguismo e na defensa da calidade democrática"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de xullo de 1998 asinou o **Pacto Antitransfuguismo** por diversas forzas políticas do Estado, entre as que se atopaban o Partido Socialista Obrero Español, o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego, tres das forzas presentes actualmente neste Pleno da Deputación da Coruña. A vixencia do pacto é total e dende a súa sinatura inicial non se fixo máis que ampliar e concretar esa vontade

común de loitar contra o transfuguismo como cancro da política a extirpar. A moción de censura presentada este 4 de novembro (e que tivo lugar este 18 de novembro) no Concello de Sada contra o alcalde Óscar Benito Portela Fernández merece unha condena firme e unánime dos partidos políticos desta Deputación Provincial como entidade local na que se agrupan os concellos da Provincia da Coruña.

Este Pacto naceu pola necesidade de censurar, confrontar e poñer fin aos fenómenos de transfuguismo, que definían como unha patoloxía política do noso sistema que deteriora os fundamentos do sistema político e propicia disfuncións e comportamentos que poden instalarse de forma endémica na nosa vida pública. O Pacto, ampliado en diversas ocasións e actualmente denominado como Acordo sobre un código de conduta política en relación co Transfuguismo nas Institucións Democráticas, demostra o firme e amplo compromiso político contra a lacra do transfuguismo.

Xa no primeiro acordo de 1998 os partidos políticos asinantes comprometíanse a impedir a utilización de tránsfugas para constituír, manter ou cambiar maiorías de Goberno e non apoiar ningunha iniciativa que proveña dos mesmos, desincentivando o transfuguismo a través da adopción de medidas disuasorias de carácter económico, regulamentario e protocolario.

Realizáronse dende 1998 tres actualizacións, nos anos 2000, 2006 e 2020. Nestes apéndices, especifícase e amplíase a definición das situacións entendidas como transfuguismo. Deste modo no punto primeiro do acordo de 2006, defínese por tránsfuga:

“aos representantes locais que, traizoando aos seus compañeiros de lista e/o de grupo, -mantendo estes últimos a súa lealdade coa formación política que os presentou nas correspondentes eleccións locais-, ou apartándose individualmente ou en grupo do criterio fixado polos órganos competentes das formacións políticas que os presentaron, ou sendo expulsados destas, pactan con outras forzas para cambiar ou manter a maioría gobernante nunha entidade local, ou ben dificultan ou fan imposible á devandita maioría o goberno da entidade.”

Aclárase ademais, acto seguido, que:

“cando xurdisen dúbidas sobre que membros dunha lista e/o grupo político incorreron en transfuguismo, será a formación política que os presentou a que deberá aclarar por escrito cales deles apartáronse da disciplina de partido, a efectos da súa cualificación como tránsfugas. As medidas previstas neste Acordo con respecto aos tránsfugas, serán igualmente de aplicación a aqueles membros das entidades locais que se benefician da súa conduta.”

Do mesmo xeito, na Adenda do 2006, tamén se concretaban os compromisos das organizacións asinantes para erradicar o transfuguismo debendo proceder á adopción das medidas regulamentarias e disciplinarias pertinentes. A tal efecto, no seu apartado Cuarto pactouse que “Subscrito este Acordo, os supostos de incumprimento ou desobediencia por algún dos grupos locais integrantes dos partidos asinantes,

haberán de ser explicitamente rexeitados. Para iso os partidos políticos asinantes asumen a obrigaón de, mediante a aplicación dos seus propios Estatutos, incoar os correspondentes expedientes disciplinarios e expulsar da organización ao concelleiro tráfuga, ou a aqueles que violenten o citado compromiso instrumentalizando ou apoiándose, no seu proveito, nos concelleiros tráfugas”.

Non cabe dúbida por tanto, de que o acontecido no Concello de Sada é un acto de transfuguismo que debe ser reprobado. Ademais a reforma da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local impulsada e derivada do Pacto Antitransfuguismo, detalla a definición da figura do “edil non adscrito” como aquel concelleiro que abandonase os partidos ou agrupacións en cuxas candidaturas resultaron elixidos, aclarando no Art. 73.3 que “os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores aos que lles correspondesen de permanecer no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico de cada corporación”.

En coherencia co espírito da norma, a sentenza 1.401/2020 do 26 de outubro de 2020 resolve calquera dúbida sobre a interpretación da Lei 7/1985, confirmando o espírito disuasorio e a función clave da mesma no combate contra o transfuguismo en todas as súas manifestacións e interpretando o citado artigo 73.3 da lei de bases de réxime local indicando que este artigo **“sí impide que se asuman cargos o que se perciban retribucións que antes no exercían o percibía e implique mejoras personales, políticas o económicas”**. Doutrina xurisprudencia confirmada pola posterior STS de 16 de decembro de 2020.

É polo tanto claro e manifesto que a Moción de Censura presentada este 4 de novembro no Concello de Sada contra o alcalde Óscar Benito Portela Fernández é un acto de transfuguismo que de seguro terá consecuencias legais e xa ten consecuencias políticas, polo tanto debe ser tratado e reprobado neste pleno.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Manifestar e reafirmar o apoio ao Pacto Antitransfuguismo, amosando o seu compromiso por continuar combatendo o transfuguismo nas entidades locais da Provincia da Coruña.
2. Reprobar a Moción de Censura do 18 de novembro de 2022 no Concello de Sada.
3. Instar os partidos políticos implicados a que desautoricen e expulsen á maior celeridade posible aos seus concelleiros desleais no Concello de Sada, precisando a súa condición de tráfugas.
4. Dar traslado deste acordo ao Concello de Sada así como á “Comisión de Seguimiento del Pacto por la Estabilidad Institucional y lucha contra el Transfuguismo Político”.

Sr. Presidente

Seguente moción, presentada polo Grupo Provincial Popular, para solicitar ao Goberno de España a non revisión do delito de sedición.

3.Moción do Grupo Provincial Popular da Deputación da Coruña para solicitar ao Goberno de España a non revisión do delito de sedición

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, e no marco da negociación dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, o Goberno de España volveu a facer pública a súa intención de reformar o delito de sedición, tipificado no artigo 544 do Código penal e que castiga a quen, sen estar comprendido no delito de rebelión, álzase pública e tumultuariamente para impedir, pola forza ou fóra das vías legais, a aplicación das leis. Dita reforma foi adiantada polo executivo en xaneiro de 2020, tres meses despois da condena imposta polo Tribunal Supremo aos líderes do procés, en aplicación do devandito artigo.

O 10 de novembro de 2022, o presidente do Goberno confirmou que presentará unha iniciativa lexislativa para derogar o delito de sedición e substituílo por outro de "desordenes públicos agravados". As leis de España non poden redactarse na sede de ERC nin pola conveniencia política de Pedro Sánchez. Nin a Constitución nin o Estado de Dereito poden renderse ás necesidades de ningún dirixente político e menos ás daqueles que se levantaron contra a Nación española. En ningún país europeo reformaríase o delito de sedición por parte dos sediciosos.

Con este anuncio, o Goberno de España retoma un perigoso precedente: o de ceder de maneira constante e permanente ás pretensións máis radicais dos seus socios parlamentarios, aínda que con iso non só socaven os principios e fundamentos do Estado de Dereito, senón que poñen claramente en cuestión a independencia do poder xudicial, ao volver corrixir as sentenzas do Tribunal Supremo, e a politización da xustiza, ao admitir que sexan os políticos condenados por sedición quen modifica as penas dos delitos que cometeron.

Dito doutra maneira, de levarse a cabo esta reforma, o Goberno de España estaría a participar activamente no descrédito e no menoscabo de dúas institucións fundamentais do Estado, como son as Cortes Xerais e os tribunais de Xustiza, beneficiando política e xudicialmente a quen no seu día trataron de atentar contra a integridade territorial e a orde constitucional de España.

As comunidades autónomas e os concellos deben pronunciarse publicamente se apoian reducir as penas establecidas no delito de sedición ou rexeitan esta modificación. Considérase esencial que desde as comunidades autónomas e os concellos exista un pronunciamento explícito manifestando o rexeitamento a calquera acción que supoña debilitar ao Estado. Desde estas institucións que forman parte do Estado débese levar a cabo unha defensa sen concesións do principio de que todos somos iguais ante a Lei.

Esta decisión non é digna no contexto da España democrática e por iso consideramos que no PSOE non poden permanecer calados diante desta reforma que debilita o noso sistema constitucional.

Non deixa de ser sorprendente que, ao mesmo tempo que o Executivo se mostra favorable a derogar o delito de sedición, pareza esquecer outras propostas como a anunciada en 2019 para prohibir por lei a celebración de referendos ilegais.

É necesario resaltar que, segundo os últimos datos demoscópicos coñecidos, menos dun 20% da poboación española apoia ao Executivo na súa decisión de rebaixar as penas polo delito de sedición. Incluso un 49% de quen declara apoiar nas urnas ao actual partido no Goberno móstranse contrarios á devandita reforma.

España é unha democracia estable e consolidada, pero non por iso menos necesitada de institucións fortes, que contén non só co respaldo da lei senón tamén co aprecio e a confianza dos cidadáns. Por iso vemos con preocupación a inercia do actual Goberno a transixir coas reclamacións dos seus socios parlamentarios, sexan estas para cesar á secretaria de Estado-Directora do Centro Nacional de Intelixencia, ou para non recorrer diante do Tribunal Constitucional unha lei autonómica de ensino feita a medida para non cumprir cunha sentenza xudicial. O anuncio da reforma do delito de sedición é só unha máis das concesións, pero dada a aritmética parlamentaria, non parece que vaia a ser a última.

Diante destas circunstancias, é tempo de solicitar ao Goberno de España e ao seu presidente que exerzan lealmente as funcións que teñen encomendadas, actúen en defensa do Estado e das súas institucións e, polo tanto, que non cedan ás pretensións de quen, amparados na lei, fixeron e fan todo o posible por menoscabala.

O Partido Popular está fortemente comprometido na defensa da Constitución española e da dignidade da Nación e considera que ambas circunstancias esixen entendemento entre as dúas principais forzas políticas de España.

Os intereses xerais de España e dos españois deben prevalecer sempre, mesmo por encima dos intereses particulares do Goberno ou de quen ostente a súa presidencia.

Por todo o exposto, o Grupo Popular na Deputación de A Coruña presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

A Deputación de A Coruña insta ao Goberno de España para que, a través do presidente e secretario xeral do PSOE, proceda a:

PRIMEIRO.- Retirar de maneira inmediata a iniciativa parlamentaria presentada nas Cortes Xerais e non levar a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derrogar o delito de sedición.

SEGUNDO.- Cumprir, acatar e respectar a Constitución española, aprobada de xeito maioritario polo pobo galego e no conxunto de España, na que non ten cabida a sedición nin os referendos ilegais, e, sobre todo, ratificar o artigo 2 da mesma: "a Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e á solidariedade entre todas elas"

Sra. Gallego Neira

Sí. Buenos días y muchas gracias.

Que para negociar los Presupuestos Generales del Estado el Gobierno de

España se pliegue a eliminar el delito de sedición nos parece gravísimo. Los peajes que hay que pagar, todos tenemos que pagarlos, para que los socios de Bildu y de Esquerra Republicana mantengan a Sánchez en el poder unos meses, cada vez son más altos, no solo los de las autopistas, todos los peajes que se están pagando.

(Abandona o salón o Sr. Alfonsín Somoza)

De todas las cesiones al independentismo, la más grave hasta ahora es la modificación del Código Penal eliminando el delito de sedición, tipificado en el artículo 544 del Código Penal, que castiga a quienes, sin estar comprendidos en el delito de rebelión, se alzan pública y tumultuariamente para impedir por la fuerza o fuera de las vías legales la aplicación de las mismas. Dicha reforma ya fue adelantada por el Ejecutivo en enero de 2020, 3 meses nada más después de la condena impuesta por el Tribunal Supremo a los líderes del *procés* y por este mismo delito, por la aplicación de este artículo.

Y el 10 de noviembre el presidente del Gobierno, 10 de noviembre de 2022, confirmó que iba a presentar una iniciativa legislativa para derogar el delito de sedición y sustituirlo por otro de desórdenes públicos agravados. Pues esta madrugada, con nocturnidad y alevosía, el Pleno del Congreso aprobó iniciar la tramitación de esta proposición de ley orgánica para eliminar este delito de sedición, una cesión a los independentistas y a quienes precisamente cometieron el delito y que, además, la mayoría fueron indultados sin arrepentimiento, sin arrepentirse lo más mínimo, más bien todo lo contrario. Pues ahora, si esta ley, si esta proposición de ley continúa su tramitación, pues con más razón lo harán.

Y voy a leer el Real Decreto 460/2021, de 22 de junio, por el que se indulta a don Oriol Junqueras: “Visto el expediente de indulto de don Oriol Junqueras, condenado por la Sala de lo Penal del Tribunal Supremo, Sentencia de 14 de octubre de 2019, como autor de un delito de sedición en concurso medial, con un delito de malversación agravado por razón de su cuantía, a las penas de 13 años de prisión y 13 años de inhabilitación absoluta, con la consiguiente privación definitiva de todos los honores, empleos y cargos públicos que tenga el penado, aunque sean electivos, e incapacidad para obtener los mismos, cualquier honor cargo tal y cual..., durante este tiempo de condena por hechos cometidos en el año 2017, atendiendo a las circunstancias del condenado y, en particular, a los motivos de utilidad pública que se exponen en la propuesta el Ministerio de Justicia de acuerdo a la información que obra en el citado expediente, se estima que concurren las citadas razones de utilidad pública, a propuesta al Ministerio de Justicia y previa deliberación del Consejo de Ministros en su reunión el 22 de junio del 2021. Vengo a indultar a don Oriol Junqueras de la pena privativa de libertad pendiente de cumplimiento con la condición de que no vuelva a cometer delito grave en el plazo de 6 años desde la publicación del Real Decreto”. Bueno, pues ya puede repetir porque ahora mismo esto ya no es grave, y además quiero recordar que Oriol Junqueras ahora mismo está sometido todavía, está con una pena de inhabilitación.

Se sustituye el delito de sedición por un delito de desórdenes públicos agravados; las penas pasan, de 10 a 15 años, como son ahora mismo, pasarían de 3 a 5 años, beneficiando a quienes están condenados ahora mismo y a Puigdemont si vuelve a España en algún momento y es juzgado. Pero es que la de inhabilitación pasaría, de 10 a 15 años, que es la actual, pasaría a ser de 6 a 8 años. Es decir, Oriol

Junqueras podría presentarse a las elecciones el año que viene, incluso Puigdemont podría presentarse a las elecciones el año que viene, porque ya dejarían de estar inhabilitados. O sea, lo que estamos viendo con la modificación del Código Penal, aparte de que se han saltado el procedimiento en cuanto a los informes del Consejo de Estado, del Poder Judicial, etcétera, etcétera, por esta vía, es un ataque a la democracia sin precedentes, a la Constitución, al principio de igualdad y al principio de separación de poderes. Nos parece gravísimo lo que se está haciendo con esta modificación y pedimos que se rectifique en esta moción.

Sr. Lema Suárez

Ben, creo que se vai facendo tarde e non temos moitas ganas de enredar, pero nós tamén estamos a favor de que se presenten este tipo de mocións tan relevantes para a vida diaria dos coruñeses e coruñesas. En todo caso, deunos a oportunidade, o do delito de sedición, de investigar un pouco na súa procedencia; forma parte este delito de sedición do Código penal de 1822, hai exactamente 200 anos, que coincide precisamente tamén coa data na que se aproba a existencia das deputacións, celebrou este ano a Deputación da Coruña 200 anos. Estamos, polo tanto, no trienio liberal, Código penal de extracción francesa, imitación do napoleónico. Contra quen fan o delito de sedición os liberais que están no poder nese momento?; estes días aproveitando esta moción do Partido Popular permitínme facer lectura deste Código penal, dalgún dos seus artigos. Artigo 189: “Cualquiera que impidiera, conspirara directamente de hecho a impedir la celebración de cortes ordinarias o extraordinarias en las épocas y casos señalados por la Constitución, o hiciere alguna tentativa para disolverlas o embarazar sus sesiones y deliberaciones, es también traidor –non sedicioso neste caso– y sufrirá la pena de muerte”. Artigo 190: “Así mismo es traidor y sufrirá la propia pena el que hiciera alguna tentativa para disolver la Diputación Permanente de Cortes o para impedirle el libre ejercicio de sus funciones”. 191: “Cualquiera que aconsejara o auxiliara al rey en cualquiera tentativa para alguno de los actos expresados en los 3 artículos precedentes es también traidor y sufrirá la pena de muerte”.

Caramba! Canta razón tiñan, porque menos dun ano despois este rei do que eles falan aquí, sediciosamente traizoa o que el acababa, Fernando VII, o que el acababa de subscribir, chama os seus amigos, neste caso do norte, os 100.000 fillos de San Luís que invaden o territorio español e poñen fin a ese réxime, 1820-1823, primeira tentativa de chegar a un acordo cos Borbóns para unha monarquía constitucional. Tiñan toda a razón cando facían este articulado, sabían de onde ía chegar a sedición, quen non eran os constitucionais, que eran efectivamente os do bando absolutista que *mutatis mutandis* podemos agora situar na parte dereita da xeografía ideolóxica do Estado. Isto é o que acontece naquel momento; é curioso, tiñan toda a razón estes liberais, porque máis adiante, xa no século XX volverá acontecer o mesmo. Volverá ser desde o mesmo lugar onde se vai a non aceptar a legalidade constitucional, se vai atentar contra ela e vai dar lugar aos episodios coñecidos da Guerra Civil e posteriormente da ditadura de 40 anos que pasou despois.

Pareceralles excesivo a moitos que faga aquí todo este exercicio de memoria, pero é necesario, é curioso que teña esta orixe o delito de sedición dos liberais que estaban intentando advertir aos partidarios do absolutismo e de Fernando VII, tiñan toda a razón, porque despois este vai conspirar contra eles, vanos expulsar do poder

e anos máis tarde 90, 110 anos máis tarde vai volver acontecer o mesmo con outros nomes, agora ben, os auxiliares, os 100.000 fillos de San Luís non van vir do norte, van vir do sur.

Pero, para ir xa ao caso: España é un Estado plurinacional, de feito, a Constitución recoñece no seu preámbulo o título de territorios, de nacionalidades históricas. Isto antes ou despois vai haber que substancialo no articulado da Constitución española. Vostedes están en contra e pensan que estes problemas políticos se van resolver unicamente na vía penal, endurecendo o delito de sedición. Isto non vai resolver as cuestións a medio prazo; é necesario, non só que se articule doutro xeito a penalización do que non deixa de ser unha diferente concepción do Estado, que non se manifestou de xeito violento nin tumultuario nin moito menos o 17 de outubro, senón que é necesario ir a unha reforma constitucional que dea cabida nela outras distintas concepcións do Estado, ou, se non, vai ser aínda peor. Imos pasar ao que vostedes propoñen a criminalizar e tamén a excluír da actividade política aquelas persoas que disenten da actual conformación do Estado.

Por tanto, nós imos votar en contra desta moción.

Sra. Muíño Filgueira

Xa de xeito bastante breve, hai que dicir que, ben, se algo quedou demostrado ata o de agora é que o delito de sedición foi empregado para perseguir a discrepancia política e, polo tanto, entendemos que falar de derogación do delito de sedición é algo absolutamente necesario se queremos falar xustamente de avanzar en dereitos democráticos, xa que vai contribuír a desxudicializar a vida política e para evitar que o que debe ser resolto no ámbito político de forma democrática pois sexa abordado no ámbito xudicial por persoas que ninguén elixiu para que adoptasen decisións políticas.

Outra cousa que tamén quedou demostrada é que esta xudicialización da vida política, dende logo, non contribuíu en absoluto nin á convivencia nin á cohesión social, senón que alimentou índices de tensión insostibles. Consideramos lexítimo levar ao Congreso unha proposta de modificación lexislativa e esta proposta o que debería é redundar en máis democracia e en máis dereitos cívicos. Entón, tampouco podemos deixar de observar que a proposta que se presenta substitúe o delito de sedición por outro, como ben dicía Rosa Gallego, de desordes públicas agravadas, que pode derivar evidentemente nunha conculcación aínda máis profunda das liberdades públicas e dereitos esenciais como o de manifestación. Daquela, en todo caso, entendemos que corresponde ao debate parlamentario abordar esta mudanza lexislativa e, efectivamente, que se deben presentar as emendas para garantir que esta modificación non redunde nunha maior restrición de dereitos e liberdades.

Sen moito máis que engadir, expresamos que, evidentemente, o noso voto sen sorpresas non vai ser favorable.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Ben, tráese unha moción cunha importante carga política o Partido Popular, nun deses dous piares nos que sustenta a súa estratexia de oposición ao Goberno,

que dende logo propostas a verdade é que bastantes poucas, meteduras de pata moitas e despois tirar un pouco da cuestión sentimental e de arraigo de país, estas cousas que funcionan moi ben cando se fala de atacar España, de vender España, de romper España, que é algo ao que estamos acostumados cando o Partido Popular está na oposición. Cando goberna o Partido Popular, pase o que pase, nunca se rompe España, pero é importante salientar que primeiramente o único referendo ilegal que se convocou en España foi gobernando o Partido Popular, que foi incapaz de evitalo, e iso tamén cómpre deixalo claro.

Fálase do delito de sedición e claro, o delito de sedición..., dando a impresión de que se elimina o delito de sedición, que por certo, como ben dicían, ten máis de 100 anos, só se aplicou unha vez neste caso en toda a súa historia e que ademais este país é dos poucos que no seu ordenamento xurídico seguen incluíndo ese delito. Pero fálase por parte do Partido Popular desa eliminación, diso que se aprobou, dese proceso que se iniciou onte no Congreso, dando a impresión de que se elimina ese delito e polo tanto se pode cometer sen que pase nada, ese ao final é o pouso que queda, de que calquera que poida cometer o que se equiparaba ese delito de sedición non vai ter ningún tipo de consecuencia para el. Algo que non é certo, porque o que fai é substituílo polo delito de desordes públicas agravadas, que, como ben saben vostedes, pode implicar penas de 15 anos de prisión, que non é moco de pavo. Non estamos a falar de que unha persoa bote 3 meses no cárcere, estamos a falar de que ese delito de desordes públicas agravadas pode implicar ata 15 anos de prisión, tal e como se explicou recentemente. É verdade que o vinculan vostedes á aprobación dos orzamentos, é verdade que houbo un grupo que formulaba a súa eliminación do Código penal, pero tamén é verdade, e iso pódese constatar tirando de hemeroteca, que o presidente do Goberno xa en moitas ocasións, hai anos, non agora, hai anos, moito antes de que se negociase este orzamento, incluso moito antes de que chegase ao Goberno, xa dixo que era partidario de eliminar do Código penal o delito de sedición. Polo tanto, non é sospeitoso de facelo para manterse no poder porque cando non estaba no poder –naquel momento gobernaba Mariano Rajoy– dicía o mesmo que agora acaba de aplicar.

Pero tamén é curioso dentro desa estratexia do Partido Popular de que España só rompe cando eles non gobernan e o que son cesións e a venda de España só é cando eles non gobernan e cando gobernan os demais, é importante que fagamos un pouco de memoria, porque o Partido Popular foi dos partidos que máis cesións fixo ao independentismo e ao nacionalismo catalán, e voulle dar só uns pequenos datos: as cesións de Aznar a Convergència i Unió do señor Pujol, que ademais naquela época aproveitaba para encher o peto cun patrimonio oculto de ata 300 millóns de euros, roubado do erario público, pois as cesións naquel momento para poder chegar ao Goberno, para poder ter un pacto de goberno, non para poder aprobar un orzamento, para que Convergència i Unió apoiara o Partido Popular na sesión de investidura, polo tanto para que o señor Aznar fora presidente do Goberno de España, foi primeiro a cesión a Cataluña do 33% da recadación do IRPF, a cesión a Cataluña do 35% da recadación do IVE, a cesión a Cataluña do 40% dos impostos especiais, todo isto taxado aproximadamente en 400.000 millóns de pesetas, é dicir, 2.400 millóns de euros de hoxe aos que habería que aplicarlle o IPC de tantos anos transcorridos dende o ano 96. Cesión das competencias en materia de tráfico, desemprego e portos, nomeando a partir dese momento as autonomías os directores dos portos, os presidentes dos portos estratéxicos do Estado. Supresión dos gobernadores civís, desaparición da Policía Nacional de Cataluña, que pasa a ser

substituída por un corpo propio como son os Mossos d'Esquadra. Traspaso do INEM e das políticas activas de emprego á Generalitat. Capacidade normativa sobre os impostos cedidos. Traspaso dos centros e servizos correspondentes á xestión das prestacións sanitarias e de servizos sociais do Instituto Social da Mariña. Reforma da Lei de costas para permitir unha maior participación das autonomías. Reforma da Lei do solo dando maior flexibilidade á autonomía. En 2001 ademais Aznar, e isto é importante tamén lembralo, chegou a dicir que a independencia vasca era lexítima se non se impón pola forza. Iso é no que atinxe a Convergència i Unió, un pequeno resumo, iso non era vender España, iso non era facer cesións ao nacionalismo ou ao independentismo para chegar ao Goberno, iso era pactar –como dixo o señor Aznar– polo ben dos cidadáns de España pois aqueles aspectos que ían redundar nunha mellora para o conxunto dos españois. En Convergència i Unió, que tamén nese caso se pactou, pero despois tamén co PNV, para que apoiaran esa investidura, mellórase o concerto vasco ampliando a autonomía de recadación do País Vasco nos impostos derivados do alcohol, do tabaco e da gasolina.

Está o Partido Popular como para dar leccións de cesións ao nacionalismo. E, repito, aquí no peor dos casos faise como din vostedes, para aprobar uns orzamentos, vostedes facíano para estar no Goberno, para chegar ao Goberno.

E despois na moción xa o que me parece de traca, indo un pouco neste festival que estamos a ver hoxe, é que o Partido Popular exixa do presidente do Goberno do Estado o cumprimento da Constitución. Está o Partido Popular estes días como para falar do cumprimento da Constitución: Artigo 568 da Constitución: “El Consejo General del Poder Judicial se renovará en su totalidad cada 5 años, contados desde la fecha de su Constitución; los presidentes del Congreso de los Diputados y del Senado deberán adoptar las medidas necesarias para que la renovación del Consejo se produzca en plazo”. Levamos catro anos con ese proceso, e con ese Consello caducado porque o Partido Popular se nega a renovalo incumprindo a Constitución que agora exige ao señor Pedro Sánchez que cumpra nunha cuestión que a eles lles interesa, porque claro a Constitución son como os 12 mandamentos excepto que beneficie o Partido Popular, porque, se beneficia o Partido Popular dá igual, cambiamos un mandamento por outro, non se cumpre e non hai ningún tipo de problema. Porque entendo eu que se a sacrosanta Constitución hai que cumprila en todos os aspectos, haberá que cumprila tamén coas obrigas que teñen os partidos políticos de renovar órganos que son tan importantes para o ordenamento xurídico do noso país como poida ser o Consello Xeral do Poder Xudicial ou o Tribunal Constitucional. E o peor non é iso, pero é que ademais se fai porque hai unha maioría conservadora que o Partido Popular non quere perder, co cal se pode deslizar e alguén podería facer a reflexión de que iso se fai porque, se teño uns xuíces que me son afíns ideoloxicamente, pois pode ser que as sentenzas tamén me sexan un pouco máis beneficiosas que se non o foran. Polo tanto, pois é bastante importante e bastante rechamante, cal é a postura do Partido Popular.

E hai unha cuestión e unha situación que é incontestable, e é que a situación en Cataluña é moito mellor a día de hoxe que cando gobernaba o Partido Popular, é moito mellor cando hai diálogo de por medio, que iso é o que ten que primar en política, que cando non hai diálogo e o único que se fai é presentar o que está en fronte como unha especie de monstro ao que temos que combater con todos os medios.

É importante, dicía Sócrates “o que digo non é para agradar, senón para facer o ben”, e isto é unha cousa parecida; é dicir, é verdade que é unha decisión complicada do Goberno do Estado?, é verdade, pero faina para que haxa unha mellor convivencia, en Cataluña e no resto do Estado con Cataluña. E ese parámetro que se pode medir perfectamente mellorou considerablemente con respecto aos gobernos do Partido Popular, porque a situación que se chegou a vivir en Cataluña gobernando o Partido Popular con ese referendo ilegal de independencia e todo o que veu despois é bastante peor que a situación na que nos atopamos agora. Poderemos compartir co nacionalismo, co independentismo, moitas das súas proclamas ou dos seus posicionamentos; nós dende logo hai moitos deles que non compartimos, pero respectámoslos. E combatelo da forma en que fai o Partido Popular e utilizando as institucións neste caso chegando a presentar un Goberno como ilexítimo e propoñendo que se vende o Estado porque se cambia ese delito que se elimina pero se cambia por outro que ten penas de ata 15 anos, home, pois sinceramente é bastante irresponsable.

É verdade que a min non me sorprende e seguramente a moitas persoas tampouco esa actitude do Partido Popular, porque é a mesma sempre, sempre que non están no Goberno, utilizan cuestións como o Estado, a unidade do Estado, o terrorismo, as vítimas do terrorismo, sempre utiliza eses mesmos mantras para atacar o Goberno de quenda e para presentarse eles como os únicos defensores, como se as únicas vítimas do terrorismo son aquelas que defende o Partido Popular, como se os únicos españois que son bos e malos, como ben dicía o outro día o presidente do Goberno, son os que votan ao Partido Popular, como se os únicos representantes políticos lexítimos neste país foran só os do Partido Popular ou aqueles que son constitucionalistas, fronte aos que poidan ser nacionalistas ou independentistas. E unha das grandezas da democracia é que calquera pode defender aquilo no que pensa en sede parlamentaria con total sosego e sen impoñer os seus posicionamentos a ninguén, e sobre todo tendo como pilar fundamental sobre o que pivotar o diálogo. Cando non existe diálogo chegamos a situacións como á que chegamos cando gobernaba Mariano Rajoy e o Partido Popular este país e todo o que pasou en Cataluña.

Polo tanto, vamos ser un pouco máis responsables e non andar repartindo carnés de constitucionalistas, de mellores españois, de peores españois, de mellores políticos e malos políticos, e de bos e malos gobernos ou daqueles que venden España ou non a venden, porque, desde logo, non é xusto e moito menos que o faga un partido que se por vender España imos ao termo estrito, privatizou practicamente todas as empresas públicas que daban beneficios, iso é certo, as que non os daban, quedamos con elas. É importante que todos sexamos un pouquiño máis coherentes e máis serios á hora de tratar cuestións como estas que afectan á convivencia dos cidadáns e cidadáns deste país.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

A ver, no quiero extenderme mucho pero claro, el señor Lema se queda en el Código Penal de Fernando VII, lo suyo es la literatura, el derecho no, se fue reformando el Código Penal.

A ver, Sr. Fernández, ahora la pena es de 10 a 15, años con la reforma pasa a ser de 3 a 5; eso es lo que dije antes. ¿No apoyó el Partido Socialista el artículo 155? Efectivamente hubo en 2017 un referéndum ilegal gobernando el Partido Popular y hubo unas sentencias dictadas por los jueces, confirmadas por el Tribunal Supremo; unos señores que estaban en la cárcel, ¿quién los indultó?, el Partido Socialista. Pero es que a los 3 meses ya anunció que los iban a indultar, que iban a cambiar la ley, y de todo. Entonces ¿de qué estamos hablando? Condenados por sedición y muchos por malversación. ¿Quién los indultó?, Sánchez y el PSOE. Una cosa es negociar y otra cosa es que las leyes y el Código Penal, ni más ni menos, lo reformen los condenados, ojo.

Mire, estamos en plena escalada de los precios y lo único que se va a abaratar es el ataque a la Constitución, ¿sabe quién lo dijo?, el presidente de Castilla-La Mancha, Emiliano García Page. “Lo que más me preocupa es que este debate hoy, en realidad no toca: el primer objetivo es que Puigdemont viniera a España y se sometiera con las mismas normas como hicieron Junqueras y los demás a los tribunales de Justicia, no cambiar las reglas a mitad de juego”, etcétera, etcétera, etcétera.

(Abandona o salón o Sr. García Seoane).

Vamos a ver, “Lo ocurrido en 2017 en Cataluña fue gravísimo porque se intentó alterar el orden constitucional, además de la legislación vigente, incluido el Código Penal, se debería incluso utilizar otras herramientas para armar el Estado de derecho”, tal, tal, tal. ¿Sabe quién lo dijo? El presidente de Aragón, el socialista Javier Lambán.

No voy a leer más, porque hay más casos de socialistas, barones socialistas, que están totalmente en contra y con frases muy contundentes. Lo que sí voy a leer es el comunicado de la Comisión Ejecutiva de la Asociación de Fiscales, no del Partido Popular, de la Asociación de Fiscales, de 18 de noviembre de 2022, y dice: “Primero, una reforma del delito de sedición de la trascendencia y calado como la que se pretende, hasta el punto de proponer la derogación, debiera tramitarse con el necesario sosiego, recabando los informes del Consejo General del Poder Judicial, del Consejo de Estado y del Consejo Fiscal. Segundo, no es cierto que el derecho la Unión Europea, que es la excusa que se pone, exija reformar el delito de sedición. Tercero, el delito de sedición se ha mantenido en todos los códigos penales de nuestro país, el Código Penal de 1995, ya había pasado Franco y todo, conocido como el Código Penal de la democracia, también lo asumió. Cuarto, no es cierto que las penas previstas para el delito de sedición sean superiores a las penas previstas para las conductas que se tipifican reciban o no el nombre de sedición en otros países de la Unión Europea. Tanto el informe de indulto de la Fiscalía como el de la Sala de lo Penal del Tribunal Supremo, en la ejecutoria para la causa penal especial tal ya lo pusieron de manifiesto con claridad. Quinto: la reforma propuesta supone una desprotección del orden constitucional, que es un valor imprescindible para mantener el Estado de derecho y las garantías de todos los ciudadanos, y que exige tipos penales específicos y penas que cumplan con las funciones preventivo-generales especiales que le son propias. Y sexto: no es en ningún caso admisible una reforma del Código Penal que responda a intereses o situaciones de personas concretas, con ello se desconoce un principio básico del derecho que no admite leyes singulares que, por tanto, serían de muy dudosa constitucionalidad. Segovia 18 de noviembre de

2022, la Comisión Ejecutiva de la Asociación de Fiscales”.

Sr. Fernández Piñeiro

Polo tema dos indultos, que agradezo que o tocara, porque me esquecía diso na miña intervención, tamén, e partindo do que viña dicindo, hai indultos bos e malos, hai malversadores bos e malos, porque gobernando José María Aznar indultáronse 85 persoas condenadas por malversación; e no Goberno de Mariano Rajoy indultáronse outras tantas. Pero, claro, se es un malversador constitucionalista, non pasa nada, pódeseche indultar; se es un malversador independentista ou nacionalista, non, porque es o demo. Cando o delito é delito é igual para todos, se es malversador dá igual o ámbito onde o fagas. Polo tanto, hai malversadores bos e malos, non?

Pero tamén se indultaron 141 persoas condenadas por corrupción cando gobernaba José María Aznar ou gobernando Mariano Rajoy chegouse a indultar un señor que conducía por sentido contrario e que matou unha persoa, e que casualmente o seu avogado era irmán dun alto cargo dese Goberno, de José María Aznar, e ademais era compañeiro de despacho do fillo do señor Gallardón, que era naquel momento o ministro que propuxo o indulto. Polo tanto, é peor indultar un malversador secesionista, é peor iso que indultar un señor que segou a vida dunha persoa por conducir ebrio e en dirección contraria pola autoestrada. Polo tanto, as consecuencias de cando se comete un delito, tamén as hai boas e malas; se ese condutor fose independentista, pois seguramente estaríamos todos en contra do seu indulto, pero como non o foi –e isto xa o digo rozando o absurdo–, pois seguramente a vostedes non llelo pareza.

En todo caso, penso que quedan claros cales son os posicionamentos de ambos os grupos e, ou estamos a favor dos indultos ou estamos en contra. E, se hai 80 e pico ou cento e pico indultados durante os gobernos do Partido Popular, pois, mire, agora hai os que hai e teñen o mesmo dereito a ser indultados que os anteriores. O que é un caradura, éo, que o faga en Cataluña, en España, en Sevilla, en Zaragoza ou en Ceuta ou en Melilla.

Nada máis, moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Abstéñense: 2 deputados (1 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños - en virtude do art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Un ruego muy rápidamente, es para pedir –seguramente el señor Leira es conocedor de este asunto–, en la DP 3802 de Ordes a Ponte Carreira, en la parroquia de Marzoa, se está haciendo un tramo de senda peatonal, pero sí es verdad que el

resto de la vía es muy estrecha, no tiene ningún margen para paso, es un sitio peligroso con bastantes curvas, y, a pesar de que no gobernamos por ahora en Oroso, si nos gustaría que se diera continuidad a la senda en todo el ámbito, son 4 km, hay uno que ya está en ejecución, y que se tengan en cuenta los otros 3 km porque entendemos que es fundamental debido al envejecimiento de la población y a la dispersión de la población de las viviendas que hay allí y la peligrosidad de la vía.

Nada más y gracias.

Sr. Calvelo Martínez

Yo tengo un ruego, pero es un poquito más largo, tenéis que perdonar...

Sr. Presidente

Sin perdón, sin perdón, empieza.

Calvelo Martínez

Voy a hablar de la Diputación y de carreteras de la Diputación, nada más.

Mira, en los últimos años el Concello de Arteixo ha realizado sobre todo sendas y mejoras en el tema de accesibilidad en las carreteras, en la 501; bueno, DP todas, 501, 502, 510, 511, 506, 507, 513, invirtiendo prácticamente cerca de 3 millones de euros en la realización de estas sendas. La Diputación en estos años ha invertido en la realización de una senda en la 507, aproximadamente con una inversión de 500.000. Es decir, el Concello de Arteixo en carreteras de la Diputación ha invertido un 85% de lo que ha invertido la propia Diputación, y tenemos proyectos para realizar sobre todo actuaciones en la 503, tráfico pesado, la 512, 511, 506, 514. Y creemos que sí que debe haber una colaboración entre administraciones en la que nosotros sí que estamos dispuestos a participar y colaborar, pero lo que nos parece excesivamente mal –y por eso traemos aquí este ruego– y creo que en ese sentido y lo decimos e cuando sus compañeros del Partido Socialista del Concello de Arteixo pues dicen que la veciñanza de Barrañán, que es donde está la DP-506, observan durante 12 años el abandono por parte del Concello de la DP 506. A mí esto ya me empieza a parecer y molestar especialmente, porque que digan que el Concello tiene abandonada una carretera de la Diputación yo creo que eso es una broma... Está claro que estamos en elecciones, y bueno nunca fueron a la DP-506 en 4 años y ahora sí que están los 4 años. Entonces nosotros sí que lo rogamos, es lo mismo que el Partido Socialista de Arteixo pide, pues pedimos en este caso la finalización de las aceras de la 506 después de 2 fases que ya hizo el Concello de Arteixo, dos fases que nos hizo el Concello de Arteixo y que no siga olvidada. Y una “senda peonil que é esencial para a seguridade dos veciños nunha estrada que verteбра as parroquias dende a autonómica AC-552 ata a DP-514”.

Volvo dicilo, nós aquí estamos para colaborar e participar en proxectos; hemos visto, hemos actuado en 7 sendas da Deputación feitas polo Concello; a Deputación actuou nunha. O que pedimos nese senso é que sobre todo terminen e finalicen a DP-506, que é a carretera que une a carretera de Carballo coa carretera de Caión.

Moitas grazas.

Sr. Presidente

Moi ben, moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:19 horas.